Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando asimesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.



Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2020, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a

interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos e subministros, o recoñecemento das obrigas e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
Doval Maquinaria S.L.	V20 316	30/05/2020	1.490,44€	Subministración de materiais diversos para reparación e mantemento da maquinaria da Granxa Gaios Castro GTM: 2020/FAC_01/001218	4120.214	92020/3849
Doval Maquinaria S.L.	V20 369	15/06/2020	33,82€	Subministración de materiais diversos para reparación e mantemento da Granxa Gaios Castro GTM: 2020/FAC_01/001335	4120.214	92020/3893
Doval Maquinaria S.L.	V20 11	15/01/2020	309,98€	Subministración de materiais diversos para reparación e mantemento da Granxa Gaios Castro GTM: 2020/FAC_01/001760	4120.22111	92020/4185
Uniformes y Bordados, S.L.	00000735	31/10/2019	113,74€	Subministración no mes de setembro de 2019, de uniformes e roupa de traballo para o persoal do Parque Móbil 2020/FAC_01/000092	9201.22104	92020/8925
D. Sergio Rodríguez Fernández	2020080290	01/09/2020	187,80€	Revisión do tacógrafo dun camión do Parque Móbil, realizada no mes de setembro de 2020. 2020/FAC_01/002385	9201.214	92020/6051
D. Sergio Rodríguez Fernández	2020090335	25/09/2020	134,62€	Verificación do tacógrafo dun camión do Parque Móbil, realizada no mes de setembro de 2020 2020/FAC_01/002706	9201.214	92020/6596
Ditram Automoción, S.L.U.	121286032044	31/10/2020	203,61€	Comprobación do tacógrafo dun furgón do Parque Móbil, realizada no mes de outubro de 2020 2020/FAC_01/002993	9201.214	92020/7628
TOTAL			2.474,01€			

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos e subministros, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Doval Maquinaria S.L., Uniformes y Bordados, S.L. D. Sergio Rodríguez Fernández, e Ditram Automoción, S.L.U, por un importe total de 2.474.01 €:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
Doval Maquinaria S.L.	V20 316	30/05/2020	1.490,44€	Subministración de materiais diversos para reparación e mantemento da maquinaria da Granxa Gaios Castro GTM: 2020/FAC_01/001218	4120.214	92020/3849
Doval Maquinaria S.L.	V20 369	15/06/2020	33,82€	Subministración de materiais diversos para reparación e mantemento da Granxa Gaios Castro GTM: 2020/FAC_01/001335	4120.214	92020/3893
Doval Maquinaria S.L.	V20 11	15/01/2020	309,98€	Subministración de materiais diversos para reparación e mantemento da Granxa Gaios Castro GTM: 2020/FAC_01/001760	4120.22111	92020/4185
Uniformes y Bordados, S.L.	00000735	31/10/2019	113,74€	Subministración no mes de setembro de 2019, de uniformes e roupa de traballo para o persoal do Parque Móbil 2020/FAC_01/000092	9201.22104	92020/8925
D. Sergio Rodríguez Fernández	2020080290	01/09/2020	187,80€	Revisión do tacógrafo dun camión do Parque Móbil, realizada no mes de setembro de 2020. 2020/FAC_01/002385	9201.214	92020/6051
D. Sergio Rodríguez Fernández	2020090335	25/09/2020	134,62€	Verificación do tacógrafo dun camión do Parque Móbil, realizada no mes de setembro de 2020 2020/FAC_01/002706	9201.214	92020/6596
Ditram Automoción, S.L.U.	121286032044	31/10/2020	203,61€	Comprobación do tacógrafo dun furgón do Parque Móbil, realizada no mes de outubro de 2020 2020/FAC_01/002993	9201.214	92020/7628
TOTAL			2.474,01€			



2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Manuel Novoa Castro, S.L.U. número B10.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 30/12/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Manuel Novoa Castro, S.L.U.	B 10	28/01/2020	09/10/2020	2020/389	Subministración ao Servizo de Arquitectura, o día 21/01/2020, de tres transformadores de intensidade, e seis fusibles, para a reparación do Centro de Transformación da Granxa Gayoso Castro. 2020/FAC_01/002676	5.684,58 €
TOTAL						5.684,58 €

Visto que consta:

A propia factura con entrada no Rexistro de Facturas.

Dilixencia do Servizo de Arquitectura, de data 30/11/2020, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coas cantidades e cos prezos, na que consta a conformidade da Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 04/08/2020, polo representante de Manuel Novoa Castro, S.L.U., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta

Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa de data 12/11/2020, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida dende o Servizo de Arquitectura.

Informe-Proposta do Servizo de Contratación e Fomento, de data 01/12/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións, por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia de data 30/12/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 28/12/2020, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura da empresa Manuel Novoa Castro, S.L.U. que seguidamente se relaciona:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
B10GTM 2020/FAC01/2676	28/01/2020	5.684,58	Subministración o día 21/01/20, de tres transformadores de intensidade, e 6 fusibles, para a reparación do Centro de Transformación da Granxa Gayoso Castro.	4120.212	92020/6360
SUMA		5.684,58			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Servizo de Arquitectura, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.



A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 5.684,58 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o informado polo Servizo de Contratación e Fomento, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 4 de decembro do 2020, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais.

O pasado 13 de maio de 2019, recíbese no Servizo de Arquitectura aviso dunha avaría no Centro de Transformación que deixa sen subministración eléctrica a todas as dependencias da Granxa Gayoso Castro, polo que se lle notifica á empresa adxudicataria do contrato de Mantemento dos Centros de Transformación, Liñas Eléctricas de Media Tensión e Grupos Electrónos pertencentes á Deputación Provincial (adxudicado por acordo da Xunta de Goberno en sesión celebrada o 1 de febreiro de 2019), solicitando a reparación con urxencia, dada a natureza e o uso destas instalacións.

A avaría prodúcese pola concentración de condensación nas celas de medida que deixa inservible un dos transformadores de intensidade e provoca o disparo dos tres fusibles de alta tensión. Ante a necesidade de substituír estes elementos da instalación e a urxencia por restablecer o servizo, solicítaselle á empresa adxudicataria que proceda á adquisición e instalación dos compoñentes avariados.

Nos primeiros días do mes de outubro prodúcese unha nova avaría no mesmo centro de transformación de características similares pero de maior gravidade. Neste caso quedan inservibles os outros



dous transformadores de intensidade e os tres fusibles de media tensión, sendo necesario incluso a instalación dun xerador que de servizo de subministración eléctrica ás instalacións nos días que o centro de transformación permanece fóra de servizo.

Nos dous casos os transformadores de intensidade e os fusibles foron fornecidos pola empresa adxudicataria, sendo necesario mesmo no caso dos transformadores realizar o pedido á fábrica dos avariados pola intensidade de que fosen de características exactas.

En ambas ocasións, instaláronse os novos elementos en canto foi posible, tendo en conta que para a conexión definitiva foi necesario coordinarse cos técnicos da empresa distribución Begasa e axustarse á súa dispoñibilidade.

O Servizo de Arquitectura conformou o 9 de outubro de 2020 as facturas reflectidas no seguinte cadro, remitíndoas a esa Intervención o 13 de outubro do ano en curso, acompañadas da correspondente memoria xustificativa na que se pon de manifesto que se trata dunha subministración de pezas para o arranxo urxente do centro de transformación da Granxa Gaioso Castro.

Nº FACTURA	DATA DA FACTURA	IMPORTE	CONCEPTO
Nº 10, serie B	28/01/2020	5.684,58 €	Subministración de material para a reparación do Centro de Transformación da Granxa Gayoso en Castro de Rei.

O Servizo de Contratación emite informe – proposta con data 1 de decembro de 2020, no que se recoñece a obrigação da mencionada factura por un importe de 5.684,58 €, considerando procedente, previo informe da Intervención Provincial, dítese Resolución para o seu abono simultaneamente coa aprobación do gasto.

Respecto a todo o exposto anteriormente procede emitir o seguinte informe:

O subministro do material foi feito coa urxencia demandada para a substitución das pezas inservibles do centro de transformación da Granxa Gayoso Castro.

Non procede garantía por tratarse dunha subministración necesaria para o correcto funcionamento do Centro e por realizarse de conformidade co responsable da execución deste.

A valoración e as pezas corresponden coas estritamente necesarias para a prestación da subministración urxente e os prezos aplicados son os habituais no mercado.

Esta unidade administrativa, ao tratarse dun gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, conclúe que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da práctica durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando asimesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.



A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Asimesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2020, e xustificado por analogía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Manuel Novoa Castro, S.L.U.	B 10	28/01/2020	Subministración ao Servizo de Arquitectura, o día 21/01/2020, de tres transformadores de intensidade, e seis fusibles, para a reparación do Centro de Transformación da Granxa Gayoso Castro.	5.684,58 €
TOTAL				5.684,58 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por Manuel Novoa Castro, S.L.U.:

Nº B 10 de data 28/01/2020, correspondente á subministración ao Servizo de Arquitectura, o día 21/01/2020, de tres transformadores de intensidade, e seis fusibles, para a reparación do Centro de Transformación da Granxa Gayoso Castro, dun importe total de 5.684,58 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTES DE GASTOS.

Primeiro.- *Premios deportistas individuais anualidade 2020.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data 11 de setembro de 2020, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou aprobar as bases da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2020.

Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno celebrada o día 11 de setembro de 2020 se publicou no Boletín Oficial da Provincia núm. 222 do sábado, 26 de setembro de 2020.



Tendo en conta que de conformidade co punto sexto das Bases do procedemento de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo,

“...constituírase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O órgano instructor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución.”

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes de premios incluídas nas listaxes que se acompañan, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar no procedemento.

Tendo en conta que os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do concurso trala aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que, para estes efectos, achéganse as listaxes nas que inclúen os/as solicitantes propostos, así como as solicitudes desestimadas por incumpriren os requisitos establecidos nas bases, e no seu caso, que non emendaron as deficiencias detectadas e requiridas de acordo co procedemento previsto, e que van rubricadas para o efecto.

Tendo en conta que de acordo co previsto nas Bases da convocatoria se constituíu a Comisión de Avaliación establecida nas Bases, que acorda formular informe de avaliación para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2020.

A vista da avaliación e informe da Comisión de Avaliación.

Visto o informe de servizo de Deportes.

Visto o informe de Intervención.

Por todo o exposto,

O Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Valoración;

Conceder os premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2020, que se reflicten nas listaxes que se achegan, e aprobar a desestimación das solicitudes que así mesmo se reflicten nas listaxes anexadas ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Conta xustificativa subvención nominativa a Arela Asociación.*

Logo de ver a proposta de decreto do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que con data 12 de xullo de 2019, asinouse entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e a Arela Asociación o convenio canalizador da subvención directa nominativa co obxecto de colaborar no financiamento da actuación “Programa de Intervención Familiar Arela. Casa da Familia de Monforte de Lemos”, no ano 2019, cun importe de 5.000,00 €.

Considerando que Dona M^a Carmen Celis Álvarez, en nome e representación de Arela Asociación, con data 25 de marzo de 2020, presentou a conta xustificativa relativa ao citado convenio.

Considerando que con data 21 de decembro 2020, dende o Servizo de Benestar Social, á vista da documentación que obraba no Servizo informouse cumpridos os fins para os que se concedeu á subvención, así como, a adecuación dos gastos realizados á mesma coas consideracións feitas, estimando procedente, logo dos demais trámites regulamentarios, tramitar a aprobación da documentación xustificativa, tendo como resultado do custe total da actuación 13.653,72 €, correspondéndolle finalmente unha subvención por importe de 5.000,00 €.

Considerando que con data 30 de decembro de 2020, vista a documentación presentada, así como, o informe da unidade administrativa xestora do expediente que ocupa esta proposta, este foi fiscalizado de conformidade por parte da Intervención da Deputación de Lugo.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:



Aprobar a conta xustificativa relativa á subvención directa nominativa outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo a favor de Arela Asociación co obxecto de colaborar na actuación “Programa de Intervención Familiar Arela. Casa da Familia de Monforte de Lemos” no ano 2019, por un importe de 5.000,00 €.

Non obstante, resolverá o que estime conveniente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Conta xustificativa GES 2019 Concello de Cervo.*

Logo de ver a proposta de decreto do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Conta xustificativa do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais (G.E.S.), formalizado o 26 de decembro de 2018, anualidade 2029. Concello de Cervo.

Vista a documentación remitida dende o Concello de Cervo, en data 17 de marzo de 2020, e complementada con posterioridade, á Sección de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, para xustificar os gastos enmarcados dentro do Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais (G.E.S.), da anualidade 2019, emito o seguinte informe:

A Xunta de Goberno, en sesión extraordinaria celebrada o día 26 de decembro de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1º. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias, e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias, prevención e defensa

contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencias supramunicipais “GES”, cunha aportación por parte da Deputación Provincial de Lugo que ascende a 2.352.000,00 euros, atendendo ao seguinte desglose:

Anualidade 2019

ZONA E SEDE	Nº COMPONENTES GES	CM Rural (Fondos propios)	DXAL	DEPUTACIÓN: GASTOS DE PERSOAL	DEPUTACIÓN : GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	CONCELLO	CUSTO TOTAL
(...)							
Zona : Mariña central e Occidental: Sede: Cervo	12	123.491,30 €	15.750,00€	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
(...)							
TOTAL		864.439,18 €	110.250,00€	700.000,00 €	84.000,00€	147.000,00€	1.905.689,66€

2º. Aprobar o gasto, en concepto de achega económica da Deputación Provincial de Lugo por importe de 2.352.000,00 € (IVE engadido). O presente gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 e a Disposición Adicional 3ª.2 da LCSP e na base 19 de execución do Orzamento Xeral, e financiarase como segue:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2019	1361.46200	784.000,00 €	220189/486
(...)	(...)	(...)	(...)

3º. A Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2020 e 2021 as cantidades indicadas para cada anualidade. Para a anualidade 2019, que está aprobado inicialmente o orzamento polo Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de novembro de 2018, existe crédito por importe de 672.000,00 euros, polo que se adquire o compromiso de tramitar a correspondente modificación de crédito polo importe restante que ascende a 112.000,00 euros.

O Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais (G.E.S.), formalizouse o 26 de decembro de 2018.

O alcalde do Concello Cervo adheriuse, o 8 de febreiro de 2019, ao citado convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais (G.E.S.), formalizado o 26 de decembro de 2018.

No devandito convenio de colaboración establécese o seguinte:



Na cláusula oitava -Financiamento dos GES e Servizos Municipais en Materia de Emerxencias e Extinción de Incendios Forestais)- concretamente no seu apartado quinto, establécese literalmente o seguinte:

“5- A contribución ao financiamento das Deputacións é a que segue:

Deputación	Composición grupos 12/16/18/19	GES	Servizos municipais
A Coruña	7/0/0/0	784.000,00 €	-
Lugo	7/0/0/0	784.000,00 €	-
Ourense	3/0/1/2	838.666,66 €	62.000,00 €
Pontevedra	3/1/0/0	481.333,33 €	124.000,00 €
Non asignados	3/0/0/0	336.000,00 €	62.000,00 €
TOTAL		3.472.000,00 €	

Este financiamento distribuirase da seguinte maneira: un adianto do 50% da achega no momento da sinatura do convenio, o 25% no mes de setembro e o restante 25% no momento final de xustificación. Nas vindeiras anualidades o 50% no primeiro trimestre do exercicio correspondente, o 25% no mes de setembro e o restante no momento final”.

No anexo II -Custo anual en materia de emerxencias e extinción de incendios para todas as provincias galegas- establécese literalmente o seguinte:

Núm.	PROVINCIA	GES	Sede/Subsede	Comp	Custo	DDPP	Concellos	CMRural (fondos propios)	Vicepresidencia DXEI	Vicepresidencia DXAL
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
9	Lugo	A Mariña Central e Occidental	Cervo	12	272.241,38€	€112.000,00	€21.000,00	123.491,38€	€0,00	€15.750,00
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)

No anexo VI -Xustificación dos traballos e libramento de fondos-, concretamente no seu apartado 2, establécese literalmente o seguinte:

“2.- Xustificación dos traballos e libramento de fondos das deputacións

As Deputacións Provinciais remitirán as Entidades Locais sede ou subsede instrucións sobre a documentación requirida para a xustificación dos fondos aportados por estas”.

Por resolución presidencial, de data 10 de outubro de 2019, resolveuse prestar aprobación á proposta do Servizo de Contratación e Fomento onde consta:

“(…) Como requisito formal para o aboamento da axuda concedida os Concellos Sede, deberán remitir unha conta xustificativa á Deputación Provincial de Lugo, no primeiro trimestre de cada anualidade, relativa ao exercicio anterior, composta da seguinte documentación:

Memoria de actividades realizadas, xustificativa das condicións impostas no Convenio e explicando os resultados obtidos e o custo total, debidamente asinada, na que se deberá recoller expresamente á anualidade á que fai referencia.

Memoria técnica emitida polo responsable do G.E.S., na que se deberá recoller expresamente á anualidade á que fai referencia.

Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterá:

Certificación expedida polo Interventor ou Secretario do Concello na que se reflecta o custo total da actividade obxecto do convenio, indicando os importes do financiamento e debendo constar a anualidade e o tipo de gasto (gastos de persoal e gastos correntes).

Certificación expedida polo Interventor ou Secretario do Concello na que se reflectan os custos salariais dos traballadores satisfeitos con cargo ao convenio, segundo Anexo I, na que se deberá recoller expresamente á anualidade á que fai referencia.

Copia dos boletíns TC1 e TC2 das cotizacións á Seguridade Social dos referidos traballadores pagados.

Certificación expedida polo Interventor ou Secretario do Concello na que se reflectan os gastos correntes da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e data pagamento, segundo Anexo II.

Certificación expedida polo Interventor ou Secretario do concello de que, a acción ou comportamento obxecto deste convenio, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, na que se deberá recoller expresamente á anualidade á que fai referencia e que inclúa gastos de persoal e gastos correntes.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, na que se deberá recoller expresamente á anualidade á que fai referencia.



Declaración responsable do representante do concello na que se faga constar que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (A.E.A.T., Xunta, Deputación), e fronte á Seguridade Social e de que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Declaración responsable emitida polo concello Sede, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE.

Declaración responsable na que se faga constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións, e soportes, que se utilicen na execución da actividade.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

No caso de que a Deputación tiña aboado un anticipo e non se executa a totalidade da cantidade aboada por este concepto, o Concello Sede presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-8531-1000-0423. Tamén procedera a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro si é anterior a esta.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.”

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada, o 20 de novembro de 2020, acorda por unanimidade dos asistentes prestar aprobación á seguinte proposta:

“Modificar o punto primeiro do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de decembro de 2018, no senso de deixar sen efecto o desglose da axuda da Deputación de Lugo entre gastos de persoal e gastos correntes, de tal xeito que a contía total a satisfacer pola entidade se destine indistintamente a gastos de persoal e gastos correntes.”

En relación ao custo total da actuación e ao cadro de financiamento, quedan afectados á axuda da Deputación de Lugo gastos de persoal ata o importe de 112.000,00 €.

Os denominados “gastos médicos” non se consideran gastos que se encadren dentro do convenio de referencia polo que o custo total da actuación ascendería a 272.340,08 € (274.976,18€ – 2.636,10 €)

De tal xeito que o cadro de financiamento quedaría do seguinte xeito:

Deputación de Lugo: 112.000,00 € (gastos de persoal)

CM Rural 123.491,38 € (gastos de persoal. Segundo o establecido no Convenio)

DXAL 15.750,00 € (gastos correntes. Segundo o establecido no Convenio).

Concello de Cervo: 21.098,70€ (gastos correntes e de persoal) .

Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, vista a documentación remitida polo representante do Concello de Cervo, en data 17 de marzo de 2020, e complementada con posterioridade, considérase que se dá cumprimento ao establecido no Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais (G.E.S), anualidade 2019, dado que:

A documentación xustificativa presentada é correcta e correspóndese coa esixida no Convenio .

Cúmprense os fins para os cales se concedeu a axuda.

Os gastos realizados adecúanse aos fins para os cales se concedeu a axuda.

Polo que se considera procedente, previos os demais trámites regulamentarios e informes correspondentes en materia de execución de gastos, o seguinte:

Aprobar a conta presentada polo Alcalde do Concello de Cervo para xustificar os gastos enmarcados contemplados no convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencias supramunicipais (G.E.S), para a anualidade 2019.

Aprobar o pagamento por importe de 28.000,00 € (xa que 84.000,00 € xa foron aboados en concepto de anticipo) a favor do Concello de Cervo, para a anualidade de 2019,



Así mesmo, faise constar que, de acordo co establecido no artigo 54.41 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo e na base 36 (e por analoxía na base 24ª-Subvencións-) de execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, o órgano competente para aprobar a xustificación e o pagamento é o Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente.

Por todo o exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado por Intervención, proponse que polo Presidente se adopte a seguinte resolución;

1. Aprobar a conta presentada polo Alcalde do Concello de Cervo para xustificar os gastos enmarcados contemplados no convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencias supramunicipais (G.E.S), para a anualidade 2019.

2. Aprobar o pagamento por importe de 28.000,00 € (xa que 84.000,00 € xa foron aboados en concepto de anticipo) a favor do Concello de Cervo, para a anualidade de 2019.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asisntentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Conta xustificativa achega Plan Único 2019, Concello de Xermade, actividades culturais.*

Logo de ver a proposta de decreto da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Logo de ver e informar favorablemente a documentación presentada por don Roberto García Pernas, en representación do Concello de Xermade, xustificativa da achega económica concedida para o programa de cultura incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2019, que foi aprobado polo Pleno da Deputación de Lugo en sesión extraordinaria celebrada o día 21 de maio de 2019.

A deputada que subscribe, propón que polo Ilmo. Sr. Presidente, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se adopte a seguinte resolución:

Aprobar a conta xustificativa, xunto coa documentación anexa, presentada por don Roberto García Pernas, en representación do Concello de Xermade, da achega económica do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2019, concedida por importe de seis mil novecentos sesenta e oito euros con trece céntimos (6.968.13€), para colaborar nos gastos do programa de actividades culturais denominado “Xornadas Interxeracionais Rurais; V Campo de Traballo Casa da Neveira; Cursos de Manualidades”, e proceder ao aboamento do importe da achega provincial que non foi obxecto de anticipo, é dicir tres mil catrocentos oitenta e catro euros con seis (3.484.06€).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Conta xustificativa subvención excepcional Fundación Daño Cerebral.*

Logo de ver a proposta de decreto do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Conta xustificativa do Convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Fundación Daño Cerebral para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “Centro de atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, anualidade 2019.

Vista a documentación remitida, o 23 de decembro de 2019 e emendada e completada con posterioridade polo representante da entidade Fundación de Daño Cerebral (FUDACE) á Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, para xustificar os gastos enmarcados dentro do convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Fundación de Daño Cerebral para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “centro de atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, na anualidade 2019, emítese o seguinte informe,

A Xunta de Goberno, en sesión extraordinaria celebrada o 31 de decembro de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1. Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa plurianual de carácter excepcional, por importe de 200.000,00€ a favor da entidade Fundación Daño Cerebral, para sufragar os gastos derivados do proxecto “Centro de atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, nas anualidades 2018 e 2019,



subvención incluída na Liña 3.2.1 – Benestar Social, xestionada actualmente dende Benestar Social da Área Promoción Económica e Social do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2018: 115.400,00€

Ano 2019: 84.600,00€.

O importe da anualidade 2019 queda supeditado ao condicionante fixado no punto terceiro.

2. Con carácter excepcional, e o tratarse dun proxecto de gran repercusión social para esta provincia, elévase os límites sinalados no art. 174 da TRLRFL, de acordo coa distribución por anualidades sinalada no punto anterior.

3. Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 200.000,00 € que se deglosa en 115.400,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 2314.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor da Fundación Daño Cerebral, para sufragar gastos derivados do proxecto “Centro de atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, e para a anualidade 2019 por importe de 84.600,00€, adoptar o compromiso de dotar no orzamento xeral do 2019 a citada contía, quedando supeditada á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade e sostibilidade financeira.

4. Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

O convenio da subvención directa excepcional outorgada pola deputación provincial de lugo á fundación daño cerebral para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “centro de atención a persoas con trastorno/patoloxia dual”, anualidades 2018 e 2019, formalizouse o 6 de febreiro de 2019.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 12 de abril de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Modificar a cláusula cuarta do convenio da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Fundación de Daño Cerebral, para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto de “Centro de Atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, nas anualidades 2018 e 2019 nos termos da addenda incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do convenio de referencia.”

A addenda ao convenio da subvención directa excepcional outorgada pola deputación provincial de lugo á fundación daño cerebral para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “centro de

atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, anualidades 2018 e 2019, formalizouse o 25 de abril de 2019.

Tendo en conta o establecido no citado convenio da subvención directa excepcional outorgada pola deputación provincial de Lugo á fundación daño cerebral para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “centro de atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, anualidades 2018 e 2019, a xuízo da informante consta realizada a actuación para os fins sinalados na solicitude e concesión da subvención, así como a adecuación dos gastos realizados aos devanditos fins, polo que se estima correcta a documentación achegada para xustificar os gastos enmarcados dentro da anualidade do 2019.

Respecto a documentación esixida na cláusula oitava do convenio de referencia, indicar que:

A acta de recepción da obra xa foi aportada para a xustificación da anualidade do 2018 e que consta no citado expediente .

Aportase xustificación de elevación a público do convenio formalizado, Sen embargo non costa inscrición no rexistro da propiedade xa que se trata dunha cesión demanial, onde o terreo é propiedade da Deputación, tal e como se desprende da documentación que se achega polo representante de FUDADE, e queda constatada a súa intencionalidade e intentos por inscribir o inmovible no rexistro da propiedade.

Polo que se considera procedente, previos os demais trámites regulamentarios e informes correspondentes en materia de execución de gastos, o seguinte:

A probación da conta aportada para a xustificación dos gastos enmarcados dentro do convenio da subvención directa excepcional outorgada pola deputación provincial de Lugo á fundación daño cerebral para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “centro de atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, anualidades 2019.

O abono da cantidade de 84.600 € á entidade FUDACE o acreditarse que a entidade beneficiaria financia o 5% da actuación subvencionada, obriga recollida na cláusula cuarta do convenio de referencia.

Así mesmo faise constar que, de acordo coa base 24 de execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020 o órgano competente para aprobar a xustificación e o pagamento é o Ilmo. Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente.”



Por todo o exposto, tendo en conta que a conta foi fiscalizada de conformidade por Intervención, de acordo coa base 24 de execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020 proponse ao Ilmo. Presidente que resolva:

1º.- Aprobar a conta aportada para a xustificación dos gastos enmarcados dentro do convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Fundación Daño Cerebral para sufragar os gastos derivados da execución do proxecto “centro de atención a persoas con trastorno/patoloxía dual”, anualidade 2019.

2º.- Condicionar o pago da cantidade de 84.600 € a que se faga constar en escritura pública a finalidade, o período e o importe da subvención.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Pago taxa expediente 899/2020, Concello Becerreá, obras sinalización patrimonio cultural Reserva da Biosfera.*

Logo de ver a proposta de decreto do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Con data 9 de setembro de 2020, a Deputación provincial de Lugo remitiu ao Concello de Becerreá a comunicación previa para a colocación de sinalización do patrimonio cultural da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses en diversos puntos do termo municipal de Becerreá. O número de referencia do expediente foi 899/2020.

Con data 24 de novembro de 2020, o Concello de Becerreá ditou a seguinte resolución:

“Primeiro- Aprobar o informe emitido polo Arquitecto Municipal e como consecuencia del declarar que a actuación comunicada cumple formalmente coa normativa de aplicación e producirá os efectos previstos nesta podendo iniciar as obras ou exercer as actividades de que se trate con cumprimento das condicións establecidas no devandito informe técnico do Arquitecto Municipal do seguinte teor literal:

“En relación con la comunicación previa de inicio de obras menores presentada por Don Pablo Rivera Capón Deputado Provincial Delegado, relativa a la realización de las obras de señalización del

patrimonio cultural Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, informo:

1- Se considera que la comunicación previa de inicio de obras menores formulada va acompañada de la documentación requerida a estos efectos.

2- Precisa autorización del órgano competente de la administración titular de los viarios en cuya área de actuación se ubican las actuaciones, del órgano de cuenca y del órgano autonómico competente en materia de patrimonio cultural y que acompaña a la comunicación previa presentada.

3- A los efectos de valorar la legalidad urbanística de las actuaciones comunicadas, se informa lo siguiente:

Las obras se ubican en suelo clasificado como suelo rústico, de acuerdo con las vigentes normas de planeamiento.

Las obras cumplen las condiciones para ser consideradas obra menor.

De la documentación obrante en el expediente resulta que las obras se proyectan en entornos de elementos de interés patrimonial del Ayuntamiento de Becerreá.

En consecuencia se informa favorablemente la compatibilidad con la legislación urbanística de aplicación.

Presupuesto: 6.320,80 euros.”

Segundo- O interesado queda en todo momento obrigado ó cumprimento das normas de Seguridade, Saúde e Hixiene no traballo que lle sexan de aplicación. Asimesmo, de ser o caso, deberá adopta-las medidas de protección necesarias para non ocasionar danos ós viandantes nin ós vehículos pola posible caída de obxectos ou materiais á vía pública.

Terceiro- Se fose precisa a instalación de guindastre ou andamios, deberá solicitarse preceptiva licenza municipal.

Cuarto- Os residuos procedentes da construción e, no seu caso, demolición deberán ser tratados por xestor autorizado quedando en caso contrario suxeito ao previsto na lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

Quinto- Notifíquese este acto ao interesado indicando que, sen prexuízo do procedemento administrativo que poida iniciarse no exercicio das posteriores facultades de comprobación, control e inspección municipais, pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpor con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto e dentro do prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a esta notificación.

De interpor recurso de reposición non poderá efectua-lo Contencioso-Administrativo ata a resolución de dito recurso. Para a interposición directa do recurso Contencioso-Administrativo, dispón de dous meses contados a partir desta notificación, se non interpón o de reposición. O citado recurso poderá



efectualo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (Lei 29/98, de 13 de xullo). Sen prexuízo de que poda interpoñer calquera outro recurso que estime procedente.

Sexto- Esta declaración ou acto de coñecemento non é unha autorización administrativa senón un medio para que a Administración coñeza a existencia da dita actividade aos efectos de posibilitar o control posterior distinto da facultade de inspección ordinaria, producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refira pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre éste e as demais persoas, realizándose a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Sétimo- Aproba-la liquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras (126,42 €) e taxa polo outorgamento de licenza urbanística ou a realización doutras actividades administrativas de control (47,41 €).”

Dita Resolución foi notificada á Deputación Provincial de Lugo con data 25 de novembro de 2020, incluíndo a liquidación formulada pola Secretaría-Intervención do Concello de Becerreá relativa á Comunicación previa de obras menores presentada para a sinalización do patrimonio cultural da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, Montes de Cervantes e Becerreá, co importe seguinte:

Imposto sobre construcións, instalacións e obras Base imponible (custo de execución material): 6.320,80 € Tipo de gravame: 2 %	126,42 €
Taxa polo outorgamento de licenza urbanística ou a realización doutras actividades administrativas de control: Base imponible (custo de execución material): 6.320,80 €. Tipo de gravame: 0,75 %	47,41 €
TOTAL	173,83 €

Tendo en conta o exposto no informe do Servizo de Medio Ambiente e o informe de fiscalización/intervención limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, que se achegan,

Proponse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

Aprobar e ordenar o pagamento ao Concello de Becerreá, da referida taxa por importe de 173,83 €, relativo ao expediente 899/2020 de comunicación previa de obras menores presentada para a sinalización do patrimonio cultural da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sétimo.- *Proposta modificación resolución de 29-12-2020, aprobación factura C.B. Breogán SAD.*

Logo de ver a proposta de decreto da Sra. Interventora, do seguinte teor:

“En relación a Resolución da Presidencia de data 29 de decembro de 2020, na que, entre outras, se aproba a factura nº Emit- 7 de data 14/12/20, por importe de 362.394,52€, de C.B. Breogan, S.A.D., solicitamos a modificación seguinte: Onde dice: Do Club Baloncesto Breogán S.A.D., de gastos polo 2º pagamento patrocinio publicit. CB. Breogan Sad Categoría Liga Leb Ouro promocionar marca/imaxe dep., C.B. Breogan, S.A.D., factura núm. Emit- 7 de data 14/12/20, por importe de 362.394,52 euros. Debe decir: Do Club Baloncesto Breogán S.A.D., de gastos polo 2º pagamento patrocinio publicit. CB. Breogan Sad Categoría Liga Leb Ouro promocionar marca/imaxe dep., C.B. Breogan, S.A.D., factura núm. Emit- 7 de data 14/12/20, por importe de 362.394,52 euros. O pago queda condicionado o cumprimento por parte de C.B. BREOGAN, S.A.D. do previsto expresamente na cláusula vixésimo terceira.-Pagamento, 23.5 2) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. (Garantía ante ABANCA, acordo Xunta de Goberno de 8 de xuño de 2018).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asisntentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- Convenio coa Federación Galega de Piragüismo.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e FEGAPI en exercicio das súas competencias, para acadar un fin común, o desenvolvemento do “Programa provincial de piragüismo”, que se concreta en:

Actividade de promoción nos centros educativos a través da campaña escolar “Deporte Educación” coa finalidade de aumentar a base de usuarios da actividade, vinculándoa cos clubs existentes na provincia de Lugo e a creación de novos clubs, de ser o caso.



Desenvolvemento do programa federado, consistente no asesoramento técnico nos procesos de adestramento aos clubs da provincia de Lugo, realización do control e seguimento destes procesos e dos resultados competitivos e académicos aos padexeiros da provincia a través de visitas aos clubs e concentracións.

Desenvolvemento de xornadas técnicas, cursos de formación e toda a acción docente precisa para formar aos técnicos existentes nos clubs.

Trátase da creación dun programa de promoción do piragüismo cos clubs da provincia de Lugo que ambiciona coordinar esforzos tanto económicos como de xestión deportiva, o fin deste proxecto sería divulgar o deporte de piragüismo na provincia e sobre todo naquelas comarcas onde existen clubs realizando a actividade. Preténdese levar o programa a todos os concellos da provincia con condicións para esta modalidade deportiva dirixidos á promoción e tecnificación dos deportistas.

No presente caso estamos ante un convenio de colaboración, é dicir ante un negocio xurídico bilateral que ten por obxecto a colaboración entre unha administración e unha entidade privada, con achegas de cada parte, en resposta a obxectivos compartidos, coa finalidade de intercambiar recursos públicos e privados, na persecución dos obxectivos comúns que comparten.

As institucións asinantes manifestan a vontade de instrumentalizar, mediante contribucións conxuntas, os elementos precisos para acadar os obxectivos anteriormente citados.

Para tal efecto, estiman oportuno comprometer achegas nas seguintes ordes:

Financiamento de custos en materia de persoal.

Organización de actividades, particularmente no que atinxe á difusión e preparación do programa dentro da provincia, tomando como elemento fundamental a interrelación cos distintos clubs de piragüismo existentes aos que se lles achegará a información e soportes necesarios.

Coordinación de esforzos tanto económicos como de xestión deportiva.

A Deputación comprométese ao financiamento dos gastos correntes previstos no “Programa provincial de piragüismo”, polo importe total de 288.000,00 €. O dito financiamento distribuirase en tres anualidades, que serán asumidas pola Deputación de acordo co seguinte plan de financiamento:

ANUALIDADE	IMPORTE
2021	96.000,00 €
2022	96.000,00 €
2023	96.000,00 €
TOTAL	288.000,00 €

É dicir, a Deputación comprométese ao financiamento polo importe total de 288.000,00 €, distribuídos do seguinte xeito: o importe de 96.000,00 € en cada unha das tres anualidades, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.22799, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual e polo tanto, o seu financiamento queda supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, así como a dispoñibilidade orzamentaria.

Resultando que no convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación de Lugo e FEGAPI para o desenvolvemento do “Programa provincial de piragüismo”, constan entre outros os documentos que se detallan a continuación:

Informe – Proposta emitido pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes).

Existencia de convenio de colaboración, elaborado dende a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes).

Informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e FEGAPI en exercicio das súas competencias, para acadar un fin común, o desenvolvemento do “Programa provincial de piragüismo”.

2º.- Aprobar o gasto por importe de 288.000,00 €, que se distribuirá en tres anualidades 2021, 2022 e 2023. Na anualidade 2021, o importe de 96.000,00 € con cargo á aplicación 3410.22799. A Deputación



adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír no orzamento das anualidades 2022 e 2023 a cantidade de 96.000,00 € respectivamente.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Convenio co Muralla Rugby Club.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder ao Muralla Rugby Club para sufragar os gastos derivados da actividade: “Proxecto división honra B feminina e fomento deporte feminino e base”, durante a anualidade 2020, polo importe de 30.000,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Constancia de que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte.

Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.

Informe da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe da Secretaría e do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24ª.2 das Bases de Execución do Orzamento 2020 e tendo en conta os informes procedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 12.1c que leva por título “Deporte” das recollidas, na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2020-2022, aprobado por resolución de Presidencia de 2 de abril de 2020.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 30.000,00 €, a favor da entidade Muralla Rugby Club para sufragar gastos derivados da actuación “Proxecto división honra B feminina e fomento deporte feminino e base“, subvención incluída na Liña 12.1c leva por título “Deportes” da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que se aprobe o gasto de 30.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Muralla Rugby Club, para sufragar gastos derivados da actuación “Proxecto división honra B feminina e fomento deporte feminino e base“.

3º.- Aprobado o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte, e que se adecúa ao convenio tipo aprobado por esta Deputación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Convenio co Club Escudería Miño.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder a Club Escudería Miño Lucense para sufragar os gastos derivados da actividade: “Organización



Rallie San Froilán”, durante a anualidade 2020, polo importe de 29.925,90 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Constancia de que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte.

Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.

Informe da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe da Secretaría e do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24ª.2 das Bases de Execución do Orzamento 2020 e tendo en conta os informes procedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 12.1c que leva por título “Deporte” das recollidas, na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2020-2022, aprobado por resolución de Presidencia de 2 de abril de 2020.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 29.925,90 €, a favor da entidade Club Escudería Miño Lucense para sufragar gastos derivados da actuación “Organización Rallie San Froilán“, subvención incluída na Liña 12.1c leva por título “Deportes”

da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que se aprobe o gasto de 29.925,90 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Club Escudería Miño Lucense, para sufragar gastos derivados da actuación “Organización Rallie San Froilán “.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte, e que se adecúa ao convenio tipo aprobado por esta Deputación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Convenio coa Fundación Uxío Novoneyra.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade “Fundación Uxío Novoneyra.” co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Creación de emprego para actividades turísticas” durante a anualidade 2020, polo importe 16.458,75 € constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.



Informe da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2020 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 3,1-) "Turismo" apartado d), titulada "Outras actuacións específicas" da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), do PES da Deputación de Lugo 2020-2022.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 16.458,75 €, a favor da Fundación Uxío Novoneyra, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada "creación de emprego para actividades turísticas", na anualidade 2020, subvención incluída na Liña 3,1-) "Turismo" apartado d), titulada "Outras actuacións específicas" da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), do PES da Deputación de Lugo 2020-2022.

2º.- Aprobado o gasto de 16.458,75 € con cargo a aplicación orzamentaria 4320.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020 a favor da Fundación Uxío Novoneyra, para sufragar gastos derivados da actuación denominada "creación de emprego para actividades turísticas".

3º.- Aprobado o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo, (Servizo de Turismo)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Convenio co Concello de Lugo.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

“En relación co escrito, presentado por dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en nome e representación do Concello de Lugo, con data 15/12/2020 emendado o 18/12/2020, mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Lugo e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “Semana Cultural do San Froilán 2020”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos

A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a “Semana Cultural do San Froilán 2020” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”



Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscrición do convenio interadministrativo se refiren á celebración da Semana Cultural de San Froilán no ano 2020, que constitúe un programa de actividades gratuítas baseado na animación de rúa e música tradicional, así como nas actuacións do Domingo das Mozas.

En canto á necesidade e oportunidade de subscrición deste convenio, procede sinalar que estas actividades se enmarcan nas festas patronais de Lugo, e son unha oportunidade para dar a coñecer o que fan grupos galegos que traballan na recuperación da música tradicional galega, polo que contribúe a poñer en valor os nosos artistas e nosa música tradicional, ademais de constituír un foco de atracción de centos de milleiros de visitantes á cidade.

En relación ao seu impacto económico, produce unha considerable incidencia na provincia e singularmente na cidade de Lugo, tendo en conta que o San Froilán goza de recoñecemento oficial, dado que foi declarado Festa de Interese Turístico Galego e Festa de Interese Turístico Nacional (desde o ano 2006).

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como

competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións, aínda que se toma como marco de referencia na xustificación dos gastos realizados.

En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 28.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Lugo, de acordo co orzamento



previsto, comprométese a realizar unha achega económica de 2.090,00 €; e, así mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Semana Cultural do San Froilán 2020” (anualidade 2020).

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Semana Cultural do San Froilán 2020” (anualidade 2020) por importe total de 30.090,00 €.

2º.- Aprobar o gasto de 28.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor do Concello de Lugo, para sufragar os gastos derivados da “Semana Cultural do San Froilán 2020” (anualidade 2020).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Convenio con Old Navy Port Producciones S.L. (Resurrección Fest Online Edition 2020).*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade “Old Navy Port Producciones S.L.” co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Resurrection Fest Online Edition” durante a anualidade 2020, polo importe 15.000,00 € constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2020 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 3,1-) "Turismo" apartado d), titulada "Outras actuacións específicas" da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), do PES da Deputación de Lugo 2020-2022.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar na subvención directa de carácter excepcional, por importe de 15.000,00 €, a favor da Old Navy Port Producciones S.L, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada "Resurrection Fest Online Edition", na anualidade 2020, subvención incluída na Liña 3,1-) "Turismo" apartado d), titulada "Outras actuacións específicas" da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), do PES da Deputación de Lugo 2020-2022.



2º.- Aprobar o gasto de 15.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 4320.47911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020 a favor de Old Navy Port Producciones S.L., para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Resurrection Fest Online Edition”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo, (Servizo de Turismo).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sétimo.- *Convenio co Concello de Viveiro.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor.

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:

(....)

“En relación cos escritos, presentados por dona María Loureiro García en nome e representación do Concello de Viveiro, con data 09/12/2020 mediante os que solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Viveiro e a Deputación Provincial de Lugo dunhas inversións nas que conflúen os respectivos títulos competencias para o fin común do proxecto denominado “Promoción do Turismo: Mellora do Entorno”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos

A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a realización do “Promoción do Turismo: Mellora do Entorno” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en diante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos

adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo se refiren á Promoción turística a través da mellora do entorno do concello, pretendéndose potenciar o desenvolvemento económico da zona mediante a pro-moción do turismo, é a posta en valor do territorio.

A Lei de Bases de Rexime Local establece no art. 25: "O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal"

Na memoria que achegou o Concello de Viveiro, sinala que ante a nova situación por mor da Covid-19, os visitantes están máis interesados en actividades ao aire libre onde a principal é dar paseos, tanto polo monte, como polos carreiros ou o paseo marítimo. Este último é unha contorna que elixen tanto os residentes como os que os visitantes, e a accesibilidade deste fai que sexa un recurso sen límite de idade, nin estacionalidade é un recurso do que gozar todo o ano.



Viveiro é unha localidade con un gran potencial turístico e, tal como se sinala na memoria, no ano 2019, preto de 49.222 visitantes achegáronse a solicita información á oficina de turismo de Viveiro, dos cales un 35.52 % tiña unha idade media entre 45 e 54 anos, o 25.57% entre 55 e 64 anos e un 20.55 % de 35 a 44 anos. As enquisas sinalan que pernoitan en Viveiro unha media de 6.8 días e a gran maioría, un 77.33 % viñan por primeira vez. Entre os recursos máis visitados están, por un lado o centro histórico (cun 18.41 %), as praias 13 %; o monte San Roque, cun 12.04% e o Souto da Retorta con 10,16%.

Ante estas cifras, o concello de Viveiro, segundo a documentación presentada, pretende realizar unha serie de actuacións como pode ser a reforma da iluminación ou soterramento de contedores de lixo; ademais de intentar fortalecer a promoción turística do municipio a través da colocación de sinais nas vías de acceso a Viveiro e retirar por obsoleto e degradado determinado mobiliario urbano (papeleiras, bancos...) así como facilitar transportes alternativos libres de impacto medioambiental como pode ser as bicicletas (aparcabicis). Por outra banda e con motivo da pandemia do Covid 19 a forma de desfrutar das cidades mudou polo que a xente disfruta máis dos espazos abertos coma poden ser os paseos marítimos, e os centros históricos, zonas que se pretende mellorar.

Na memoria descriptiva, faise unha relación dos investimentos que se pretenden facer a través do convenio:

Bancos e mesas: seleccionáronse tendo en conta aspectos como foron a altura correcta do asento, o uso da madeira para as superficies do asento que achega unha sensación de calidez, robustez e sinxeleza nas súas zonas de apoio para facilitar a limpeza.

Papeleiras: seleccionadas pola súa funcionalidade, tanto dende o punto de vista do usuario como do servizo de limpeza

Sinais: seleccionáronse resistentes e decorativas que se situarán as beiras das autovías da entrada a Viveiro, A6 e a A8.

Aparca – Bicicletas: que favorecerán o uso do transporte alternativo.

Prevese que as actuacións levaranse a cabo ao longo do primeiro cuatrimestre tanto no casco histórico coma nos paseos marítimos, e nas beiras das autopistas para que a promoción turística do concello se vexa reforzada na Semana Santa do exercicio 2021.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial,

fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español ás Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

O órgano competente para a aprobación do convenio, procede sinalar que lle corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, en base ao establecido no artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro do 2020, e tendo en conta o establecido na nova Lei de contratos, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00€, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 24.999,97 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Viveiro, de acordo co orzamento



previsto, aportará 1.315,79 €, así mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes no proxecto denominado “Promoción do Turismo: Mellora do Entorno”. É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito..”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno de Deputación se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para levar a cabo o proxecto denominado “Promoción do Turismo: Mellora do Entorno” por importe total de 26.315,76 €.

2º.- Aprobado o gasto de 24.999,97€ con cargo á aplicación orzamentaria 4320.76200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor do Concello de Viveiro, para sufragar os gastos derivados do proxecto “Promoción do Turismo: Mellora do Entorno”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Oitavo.- *Convenio con Destination Experiences S.L., Congreso Turismo Experiencial.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor.

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade “Destination Experiences S.L.” co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “I Congreso Nacional de Turismo Experiencial” durante a anualidade 2020, polo importe 15.000,00 € constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2020 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 3,1-) “Turismo” apartado d), titulada “Outras actuacións específicas” da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), do PES da Deputación de Lugo 2020-2022.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 15.000,00 €, a favor da Destination Experiences S.L., para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “I Congreso Nacional de Turismo Experiencial”, na anualidade 2020, subvención incluída na Liña 3,1-) “Turismo” apartado d), titulada “Outras actuacións específicas” da Área de Réxime



interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), do PES da Deputación de Lugo 2020-2022.

2º.- Aprobar o gasto de 15.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 4320.47911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020 a favor de Destination Experiences S.L., para sufragar gastos derivados da actuación denominada “I Congreso Nacional de Turismo Experiencial”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo, (Servizo de Turismo).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Noveno.- *Convenio co Museo Comarcal de A Fonsagrada.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder ao Museo Comarcal de A Fonsagrada co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Instalación de contras na fachada” durante a anualidade 2020, polo importe 18.460,97 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2020 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 14.1.d) titulada "Cultura" (Actuacións específicas), da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do PES da Deputación de Lugo 2020-2022.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 18.460,97 €, a favor de Museo Comarcal de A Fonsagrada, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Instalación de contras na fachada”, na anualidade 2020, subvención incluída na Liña 14.1.d) titulada "Cultura" (Actuacións específicas), da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do PES da Deputación de Lugo 2020-2022.

2º.- Aprobar o gasto de 18.460,97 € con cargo a aplicación orzamentaria 3340.789 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020 a favor da Museo Comarcal de A Fonsagrada, para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Instalación de contras na fachada”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Décimo.- *Convenio co Concello de Muras.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Asunto: Aprobación, se procede, do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Renovación do patio do CEIP Antía Cal Vázquez”; e do gasto, por importe de 18.218,88 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do Concello de Muras, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.

O Concello de Muras solicitou, o 15 de decembro de 2020, mediante escrito presentado no Rexistro telemático desta entidade, a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Renovación do patio do CEIP Antía Cal Vázquez”.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma, informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do 16 de decembro de 2020, que se expresa nos seguintes termos:

“Antecedentes

Don Manuel Requeijo Arnejo, en nome e representación do concello de Muras, presentou no Rexistro telemático desta entidade, o 15 de decembro de 2020 escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta coa Deputación Provincial de Lugo dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Renovación do patio do CEIP Antía Cal Vázquez”.

Dito escrito acompáñase de:

Modelo normalizado de solicitude de convenio interadministrativo de cooperación, xunto cos seus anexos, isto é:

Anexo I.- Memoria explicativa e xustificadora da solicitude de relación interadministrativa de cooperación a formalizar mediante a sinatura dun convenio interadministrativo.

Anexo II.- Orzamento e financiación do convenio interadministrativo co que se formalizará a técnica de cooperación.

Anexo III.- Declaración doutras axudas/achegas convenio interadministrativo.

Declaración responsable na que se indica que a entidade solicitante: está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; non ten débedas en período executivo coa Deputación Provincial de Lugo e coa Xunta de Galicia; e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro de axudas públicas.

Achégase, ademais, memoria explicativa dos fins e obxectivos perseguidos co convenio suscitado, que, de xeito resumido, exprésase nestes termos:

(...). Actualmente o despoboamento rural é un dos principais problemas que nos atopamos neste eido local.

Paliar esta situación, e fomentar o asentamento de poboación no concello e o mantemento da existente é un obxectivo primordial e prioritario da actuación. Como parte da iniciativa do Concello é reducir na medida do posible a perda continua de poboación e incrementar o benestar colectivo rural, un dos obxectivos fundamentais é o de manter e mellorar dentro das posibilidades as infraestructuras e servizos municipais.

Neste sentido, mellorar as instalacións do parque infantil do CEIP Antía Cal Vázquez supón unha mellora das prestacións que o concello pode ofrecer aos seus habitantes.

(...).

Deste xeito lograremos unha vertebración veciñal a través dos espazos públicos e, tamén a creación dunha conciencia colectiva de pertenza orgullosa a un rural galego que pode contar con moitas potencialidades se recibe os coidados e atencións que precisan. Este proceso debe comezar polo cumprimento do mellor xeito posible dos deberes de conservación e coidado por parte das administracións públicas.

Tendo en conta as competencias definidas na aplicación da lexislación vixente (Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), onde se definen as competencias dos concellos (no seu artigo 25) e da Deputación Provincial (no seu artigo 36); así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector Público que expresa as funcións de apoio técnico, económico e administrativo que a Deputación debe prestar aos Concellos con menor poboación (menos de 5.000 habitantes) para acadar o seu completo desenvolvemento económico e social.



Polo tanto consideramos que o procedemento de convenio interadministrativo de Cooperación é o máis axeitado para definir esta colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras, tal e como recolle o artigo 50 da Lei 40/2015 (...).

Existe un fin común fundamental para ambas entidades, que non é outro que o desenvolvemento económico e social do territorio, neste caso dos habitantes do concello de Muras, como concello pertencente á provincia de Lugo. Establecerase polo tanto un convenio de colaboración para a renovación do patio do CEIP, tal e como se desagrega na seguinte táboa: “Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras para a execución dos fins comúns consistentes na actuación de renovación do patio do CEIP. Ano 2020”.

DESCRICIÓN	PREZO
RENOVACIÓN DO ACABADO SUPERFICIAL DAS ÁREAS DE PAVIMENTO AGRESIVO	5.534,26€
PINTURAS EDUCATIVAS	800,00€
INCORPORACIÓN DE NOVOS ELEMENTOS	2.000,00€
ZONAS TRANQUILAS	1.000,00€
ZONA DE PARQUE INCLUSIVO	4.000,00€
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	13.334,26€
13% Gastos xerais	1.733,45€
6% Beneficio industrial	800,06€
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN SEN IVE (PBL S/IVE)	15.867,77€
(21 % IVE)	3.332,23€
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (PBL)	19.200,00€

A estes antecedentes sonlles de aplicación as seguintes

Consideracións legais e técnicas

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRRL).

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante, TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (en adiante, RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.

As Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais, debendo respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as mesmas. Así o establece o artigo 3.1.k) da LRXSP, que continúa dispoñendo no artigo 140.1.d):

As diferentes Administracións Públicas actúan e se relacionan con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes de estas de acordo cos seguintes principios:

(...).

c) Colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

d) Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común (...).

Así, segundo o artigo 141.1.d) da mesma lei:

As Administracións Públicas deberán:

(...).

d) Prestar, no ámbito propio, a asistencia que as outras Administracións puideran solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.

Á súa vez, establece o artigo 143 do mesmo texto legal:

As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.

Finalmente, consonte ao artigo 144 daquela lei:

Poderase dar cumprimento ao principio de cooperación de acordo coas técnicas que as Administracións interesadas estimen máis adecuadas, como poden ser:

(...).

d) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas (...).

Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

En parecido senso, aínda que de xeito máis restrinxido, se pronuncia a regulación autonómica, ao establecer o artigo 193.1.b) da LALGA:



As Entidades Locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos seguintes principios:

(...).

b) A colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Xa no ámbito da normativa local, dispón o artigo 57 da LRBRL:

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de intereses común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

Así mesmo, o artigo 111 do TRRL establece:

As Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por convinte, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

Pois ben, consonte ao artigo 47 da LRXSP:

Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (...).

Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas Administracións públicas ... (...).

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada LRXSP establece:

1. As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

(...).

3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

(...).

5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

6. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

(...).

8. Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Muras configúrase como un aparello técnico administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, tal e como quedaron expostos.

Na dita relación de cooperación a Deputación de Lugo efectuará unha achega de 18.218,88 € para sufragar parte dos gastos derivados da execución da actividade obxecto do convenio e o cumprimento dos seus fins, isto é, a renovación do patio do CEIP Antía Cal Vázquez.

O concello de Muras comprométese, pola súa banda, á aportación, con fondos propios, dun 5,11 % sobre o total da inversión a realizar, o que supón unha cantidade de 981,12 €.

No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo amentado artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios; consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da



Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación proxectada, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA.

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3:

Non se entenderá como exercicio de novas competencias:

(...).

f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...

Para maior abastanza, no caso que nos ocupa é de aplicación o artigo 30 do TRRL, segundo o cal:

A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin:

a) os medios económicos propios da mesma que se asignen.

(...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...).

As formas de cooperación serán (...):

h) A subscrición de convenios administrativos.

Pola súa banda, o concello de Muras, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestalos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos deste artigo.

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...).

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

(...).

n) (...). A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

(...).

Polo tanto, sendo competencias propias do concello de Muras: a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; e a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, queda lexitimada a competencia do concello na execución do amentado proxecto.

Ademais, a subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

En canto ao órgano da Deputación competente para a aprobación do texto do convenio suscitado, así como do gasto que, en concepto de achega económica, corresponda asumir á Deputación, consonte ao artigo 59 do RODPL:

Correspóndelle á Xunta de Goberno:

(...).

b) As seguintes atribucións, delegadas do presidente/a e do Pleno:

(...).

18. Conceder subvencións na contía da aprobación do gasto en materia de contratación, e aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a.

(...).

Pola súa banda, dispón a Base 24ª.4, das de execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, que o órgano competente para o outorgamento de subvencións en réxime de concesión directa é o presidente, a proposta do delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.



O importe total necesario para a execución das actuacións previstas no convenio proposto polo concello de Muras é de 19.200 €. Polo tanto, será a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do texto do convenio de cooperación proxectado e para a aprobación do gasto en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco daquel.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:

O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Muras, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Renovación do patio do CEIP Antía Cal Vázquez”, por importe total de 19.200,00 €, dos que 18.218,88 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 981,12 € a cargo do concello de Muras.

O gasto, por importe de 18.218,88 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do concello de Muras, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

Consta no expediente, así mesmo, informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento, do 23 de decembro de 2020, relativo á tramitación do amentado convenio.

E consta, ademais, a conformidade da Unidade de Intervención, manifestada no seu informe de fiscalización limitada previa do 28 de decembro de 2020.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Muras, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Renovación do patio do CEIP Antía Cal Vázquez”, por importe total de 19.200,00 €, dos que 18.218,88 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 981,12 € a cargo do concello de Muras.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 18.218,88 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do concello de Muras, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo primeiro.- *Convenio co Concello de A Pobra do Brollón.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor.

“Asunto: Aprobación, se procede, da aplicación dos remanentes producidos na execución das actuacións comprometidas no marco do convenio asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón, para a realización conxunta da actividade “Compra de tractor de segunda man e compra de rozadoira nova”, no ano 2020.

En relación co solicitude presentada polo representante do Concello Da Pobra do Brollón, para a aplicación dos remanentes producidos na execución das actuacións comprometidas no marco do convenio asinado coa Deputación de Lugo, para a realización conxunta da actividade “Compra de tractor de segunda man e compra de rozadoira nova”, no ano 2020; dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitiuse informe, o 4 de decembro de 2020, do seguinte tenor:

“Antecedentes

O 25 de setembro de 2020, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello Da Pobra do Brollón, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Compra de tractor de segunda man e compra de rozadoira nova”, no ano 2020, por importe total de 60.000 €, dos que 57.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 3.000 € a cargo do Concello Da Pobra do Brollón.

Dito convenio foi asinado polas partes o día 2 de outubro de 2020.



O 4 de decembro de 2020, D. José Luís Maceda Vilariño, en nome e representación do Concello Da Pobra do Brollón, presentou, no Rexistro telemático da Deputación de Lugo, escrito mediante o cal solicita a aplicación dos remanentes producidos na execución das actuacións obxecto do convenio, ao producirse baixas na licitación do contrato de subministro tramitado para dar cumprimento a aquel.

En concreto, solicítase a aplicación dos remanentes para o proxecto “Adquisición de equipamento para a conservación e mantemento de xardíns e zonas verdes”, polo importe de 17.650,00 €

A estes antecedentes, sonlles de aplicación as seguintes

Consideracións legais e técnicas

Consonte ao apartado 2 da letra A da cláusula terceira do convenio de referencia:

En caso de producirse baixas na licitación, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido pola Deputación Provincial ou, previa solicitude da Pobra do Brollón, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

No escrito mencionado no antecedente segundo deste informe, o representante do Concello Da Pobra do Brollón manifesta que a adxudicación do contrato de subministro tramitado para dar cumprimento ao obxecto do convenio realizouse polo importe de 42.350 €. Sendo que o orzamento inicialmente previsto para a adquisición da maquinaria, que representa o importe polo que se aprobou o convenio, era de 60.000 €, prodúcese un remanente de 17.650 €.

No dito escrito solicítase a aplicación deste remanente para a adquisición de equipamento para a conservación e mantemento de xardíns e zonas verdes, sendo claro, pois, que a actuación para a que se solicita a aplicación dos remanentes ten a mesma finalidade que as actuacións xa executadas en cumprimento do establecido no convenio, que non é outra que o mantemento dos espazos verdes nas zonas rurais, en cumprimento das súas competencias en materia: de medio ambiente urbano, en particular, no que a parques e xardíns públicos se refire; infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; a prevención e extinción de incendios e a promoción das instalacións de ocupación do tempo libre.

Achega o solicitante proxecto descriptivo das actuacións pretendidas, tal e como esixe a citada cláusula terceira.A.2) do convenio.

Constituindo a dita aplicación dos remanentes producidos unha modificación do obxecto do convenio, cómpre ter en conta o disposto na cláusula oitava do mesmo, segundo a cal:

A modificación deste convenio, que se levará a cabo, de ser o caso, mediante addenda ao mesmo, poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio estea vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos, previsto no artigo 49 da LRXSP.

É evidente que, no caso que nos ocupa, concorre un interese común na modificación do convenio, pois o fin común pretendido coa súa sinatura non é outro que un axeitado exercicio das competencias do concello Da Pobra do Brollón nas materias de: medio ambiente urbano, en particular, no que a parques e xardíns públicos se refire; infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; a prevención e extinción de incendios e a promoción das instalacións de ocupación do tempo libre.

Por outra banda, esta non altera as condicións esenciais do documento inicial, pois, como quedou de manifesto, os fins pretendidos coa sinatura do convenio non se van ver alterados.

Por último, indicar que a cláusula sétima do convenio de referencia establece que:

(...).

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2021, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2020, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A este respecto queda acreditada a vixencia do convenio esixida polo cláusula sexta do mesmo para a súa modificación, así como o respecto ao límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

Tendo en conta o exposto, estimo que a solicitude presentada polo representante do Concello Da Pobra do Brollón cumpre cos requisitos esixidos no convenio, polo que informo favorablemente: a autorización da aplicación dos remanentes producidos na execución das actuacións comprometidas no marco do convenio asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello Da Pobra do Brollón, para a realización conxunta da actividade “Compra de tractor de segunda man e compra de rozadoira nova”, no ano 2020; para a adquisición de equipamento para a conservación e mantemento de xardíns e zonas verdes, por importe de 17.650 €, dos que 16.767,50 € serán a cargo da Deputación de Lugo, e 882,50 € a cargo do Concello Da



Pobra do Brollón; e a modificación das cláusulas primeira e cuarta do mesmo, no que ao obxecto do mesmo e ao resultado se refire.”

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Autorización da aplicación dos remanentes producidos na execución das actuacións comprometidas no marco do convenio asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello Da Pobra do Brollón, para a realización conxunta da actividade “Compra de tractor de segunda man e compra de rozadoira nova”, no ano 2020; para a adquisición de equipamento para a conservación e mantemento de xardíns e zonas verdes, por importe de 17.650 €, dos que 16.767,50 € serán a cargo da Deputación de Lugo, e 882,50 € a cargo do Concello Da Pobra do Brollón.

2º.- Aprobación do texto da addenda ao dito convenio.

3º.- Aprobación, en consecuencia, da modificación das cláusulas primeira e cuarta do mesmo convenio, no que ao obxecto do mesmo e ao resultado se refire, nos termos da amentada addenda, e manténdose inalteradas o resto das cláusulas daquel.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo segundo.- *Convenio co Concello Ribadeo.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“O Concello de Ribadeo solicitou, o 6 de novembro de 2020, mediante escrito presentado no Rexistro telemático desta entidade, a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Xestión das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa, no termo municipal de Ribadeo”.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma, informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do 10 de novembro de 2020, do seguinte tenor:

“Antecedentes

A Deputación Provincial de Lugo é unha entidade local de carácter territorial que: presta servizos directos aos cidadáns; coordina os servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada dos mesmos; presta asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos da provincia de Lugo; e presta, así mesmo, servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal.

Pero, ademais, ten a competencia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Don Fernando Suárez Barcia, en nome e representación do Concello de Ribadeo, presentou no Rexistro telemático desta entidade, o 6 de novembro de 2020, escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta coa Deputación Provincial de Lugo dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Xestión das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa, no termo municipal de Ribadeo”.

Dito escrito acompáñase de:

Modelo normalizado de solicitude de convenio interadministrativo de cooperación, xunto cos seus anexos, isto é:

Anexo I.- Memoria explicativa e xustificadora da solicitude de relación interadministrativa de cooperación a formalizar mediante a sinatura dun convenio interadministrativo.

Anexo II.- Orzamento e financiación do convenio interadministrativo co que se formalizará a técnica de cooperación.

Anexo III.- Declaración doutras axudas/achegas convenio interadministrativo.

Declaración responsable na que se indica que a entidade solicitante: está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; non ten débedas en período executivo coa Deputación Provincial de Lugo e coa Xunta de Galicia; e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro de axudas públicas.



Achégase, ademais, memoria explicativa dos fins e obxectivos perseguidos co convenio suscitado, que, de xeito resumido, exprésase nestes termos:

Eixo 1, dirixido ao fomento da prevención dos incendios forestais, facendo fincapé na roza de masas forestais, matogueiras e outras formacións espontáneas, nas faixas laterais da rede viaria municipal.

(...).

Trátase da limpeza das franxas laterais dos camiños e pistas de titularidade municipal con retirada da biomasa, que veñen indicados no plano que se achega.

As obras proxectadas consisten no seguinte:

Limpeza das franxas laterais dos viais municipais, con retirada da biomasa a lugar autorizado. O ancho das franxas varía entre 1,00 e 1,50 mt. A lonxitude dos viais de 15.000 mt. o que fai 30.000 mt. de faixas laterais.

(...).

Os presupostos resultantes despois de aplicarlle as medicións, os presos unitarios que se establecen como normais para este tipo de traballo son:

Coste de Execución Material: 15.000 €

Coste de Execución Contrata: 18.150 €

(...).

Adxúntanse follas de valoración con medicións e presos unitarios.

(...).

Orzamento de execución material.

Descrición	Ud.	Lonxitude	Total	Prezo 0,50€/Ud.
Limpeza das franxas laterais dos viais municipais, con retirada da biomasa a lugar autorizado, incluso limpeza puntual de cunetas se fora necesario	2	795	1.590	
	2	4.400	8.800	
	2	2.600	5.200	
	2	575	1.150	
	2	460	920	
	2	640	1.280	
	2	230	460	
	2	1.050	2.100	
	2	890	1.780	
	2	980	1.960	
	2	1.000	2.000	
	2	1.380	2.760	
			30.000	
TOTAIS				15.000

Resumo do orzamento

Execución material 15.000

21% IVE 3.150

Orzamento total 18.150

Eixo 2, destinado ao mantemento da rede de faixas de xestión da biomasa fomentando a adquisición de plántulas de especies arbóreas autóctonas.

O obxecto da axuda é facer entrega de árbores frondosas para plantar dentro das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa do Concello de Ribadeo coincidentes con parcelas de titularidade privada co fin de protexer aos núcleos de poboación e vivendas illadas dos incendios forestais.

(...).

A axuda ascendería á contía de 8.850 €, IVE 10 % incluído, que se distribuirá proporcionalmente en función da superficie afectada das distintas parcelas para as cales se solicita a axuda, establecendo unha axuda máxima de 500 € por solicitante e mínima de 50 €, así como unha entrega mínima de 4 árbores por solicitante.

(...).

A estes antecedentes sonlles de aplicación as seguintes

Consideracións legais e técnicas

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante, TRRL).



O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (en adiante, RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.

As Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais, debendo respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as mesmas. Así o establece o artigo 3.1.k) da LRXSP, que continúa dispoñendo no artigo 140.1.d):

As diferentes Administracións Públicas actúan e se relacionan con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes de estas de acordo cos seguintes principios:

(...).

c) Colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

d) Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común (...).

Así, segundo o artigo 141.1.d) da mesma lei:

As Administracións Públicas deberán:

(...).

d) Prestar, no ámbito propio, a asistencia que as outras Administracións puideran solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.

Á súa vez, establece o artigo 143 do mesmo texto legal:

As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.

Finalmente, consonte ao artigo 144 daquela lei:

Poderase dar cumprimento ao principio de cooperación de acordo coas técnicas que as Administracións interesadas estimen máis adecuadas, como poden ser:

(...).

d) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas (...).

Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

En parecido senso, aínda que de xeito máis restrinxido, se pronuncia a regulación autonómica, ao establecer o artigo 193.1.b) da LALGA:

As Entidades Locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos seguintes principios:

(...).

b) A colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxuntamente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Xa no ámbito da normativa local, dispón o artigo 57 da LRBRL:

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de intereses común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

Así mesmo, o artigo 111 do TRRL establece:

As Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por convinte, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

Pois ben, consonte ao artigo 47 da LRXSP:

Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (...).

Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas Administracións públicas ... (...).



En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada LRXSP establece:

1. As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

(...).

3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

(...).

5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

6. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

(...).

8. Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo configúrase como un aparello técnico administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, tal e como quedaron expostos.

Na dita relación de cooperación a Deputación de Lugo efectuará unha achega de 25.650 € para sufragar parte dos gastos derivados da execución da actividade obxecto do convenio e o cumprimento dos seus fins, isto é, Xestión das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa, no termo municipal de Ribadeo. Así mesmo, efectuará un anticipo do 50% da dita achega, con dispensa de garantía.

O Concello de Ribadeo comprométese, pola súa banda, á aportación, con fondos propios, dun 5 % sobre o total da inversión a realizar, o que supón unha cantidade de 1.350 €.

No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo amentado artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios; consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras,

a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación proxectada, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que a promoción do desenvolvemento do medio rural (medio de vida fundamental da Provincia) contribúe, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento económico e social, especialmente en concellos rurais, como o de Ribadeo.

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3:

Non se entenderá como exercicio de novas competencias:

(...).

f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...

Pola súa banda, o Municipio de Ribadeo, consonte ao artigo 25.2 da LRBRL:

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...).

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

(...).

Ademais, segundo establece o artigo 7 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, relativo ás competencias das entidades locais na materia:



Corresponde aos concellos e a outras entidades locais:

(...).

b) Adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en terreos da súa titularidade.

(...).

e) Xestionar as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade.

Polo tanto, sendo competencias propias do Municipio de Ribadeo: a prevención e extinción de incendios, adoptar as medidas de prevención de incendios que lles correspondan en terreos da súa titularidade, e a xestión das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, queda lexitimada a competencia do Municipio na execución do amentado proxecto.

Ademais, a subscripción deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

O Concello de Ribadeo solicita un anticipo do 50% da achega solicitada, con dispensa de garantía, unha vez asinado o convenio e cumpridos os requisitos que, a estes efectos, estean previstos no mesmo.

O convenio obxecto deste informe ten natureza administrativa e instrumenta a cooperación entre Administracións Públicas que ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), polo que non lle é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e demais normativa de concorrente aplicación.

Tratándose a figura do anticipo dunha entrega de fondos comprometidos coa sinatura do convenio, con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes a aquel, e tendo en conta o exposto no parágrafo anterior, podemos tomar como referencia o establecido no artigo 31.6.II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o cal:

Tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Sen prexuízo do seu desenvolvemento regulamentario, dita posibilidade e o réxime de garantías haberán de establecerse, no seu caso, expresamente nas bases reguladoras da subvención.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo e Inludes e a Base 24ª.8 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2020, que dispón:

Poderán realizarse anticipos a conta de subvencións con importe superior ou igual a 3.000 €, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias, debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

En consecuencia, está prevista, no borrador do convenio que se integra neste expediente, a posibilidade do pago anticipado, con dispensa de garantía, de ata un 50% da cantidade comprometida pola Deputación Provincial de Lugo, previo o cumprimento dos requisitos alí expostos.

En canto ao órgano da Deputación competente para a aprobación do texto do convenio suscitado, así como do gasto que, en concepto de achega económica, corresponda asumir á Deputación, consonte ao artigo 59 do RODPL:

Correspóndelle á Xunta de Goberno:

(...).

b) As seguintes atribucións, delegadas do presidente/a e do Pleno:

(...).

18. Conceder subvencións na contía da aprobación do gasto en materia de contratación, e aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a.

(...).

Pola súa banda, dispón a Base 24ª.4, das de execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, que o órgano competente para o outorgamento de subvencións en réxime de concesión directa é o presidente, a proposta do delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 25.650 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. Polo tanto, será a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do texto do convenio de cooperación proxectado e para a aprobación do gasto en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco daquel.



Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:

O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Xestión das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa, no termo municipal de Ribadeo”, por importe total de 27.000 €, dos que 25.650 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 1.350 € a cargo do Concello de Ribadeo.

O gasto, polos importes e con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes: 17.242,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020; e 8.407,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do mesmo Orzamento, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

Consta no expediente, así mesmo, informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento, do 17 de decembro de 2020, relativo á tramitación do amentado convenio.

E consta, ademais, a conformidade da Unidade de Intervención, manifestada no seu informe de fiscalización limitada previa do 23 de decembro de 2020.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Xestión das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa, no termo municipal de Ribadeo”, por importe total de 27.000 €, dos que 25.650 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 1.350 € a cargo do Concello de Ribadeo.

2º.- Aprobación do gasto, polos importes e con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes: 17.242,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020; e 8.407,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do mesmo Orzamento, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo terceiro.- *Convenio co Concello de Foz.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins común de Reparacións no campo de fútbol municipal de Malates, consta no mesmo:

Solicitude do Concello de Foz con número de expediente no GTM: 2020/PES_03/019684, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7G2TZPGFFS5NP63R7DFZ2DH4.

Borrador de convenio con CSV: IV7G2TZPGAVL72R464AMMPR6IA.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7G2TZMH5EMZHZNYFYXF5CWN4.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:



1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Reparacións no campo de fútbol municipal de Malates , con un orzamento total de 48.346,54 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 45.929,21 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo cuarto.- *Convenio coa Asociación de Vecinos San Julián de Sante.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación de Vecinos San Julián de Sante, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Acondicionamento da cuberta no teleclub na parroquia de Sante”, polo importe de 28.062,18€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 14.031,09€, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2020, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora, que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2020.

Informe da Unidade Administrativa Xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención, conformado pola Secretaría Xeral.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, da Área de Presidencia, do vixente anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2020.

O obxecto que se persegue con esta subvención é o acondicionamento da cuberta no teleclub na parroquia de Sante, no municipio de Trabada, permitindo e mellorando as condicións de uso e disfrute do mesmo por parte dos veciños da parroquia. A través da actuación facilítanse as condicións para que a veciñanza participe na vida económica, social, política e cultural, removendo os obstáculos que o “feito rural” normalmente conleva.

A actuación incrementará os niveis de colaboración da cidadanía e do asociacionismo veciñal, desa parroquia, do municipio, con repercusión favorable na provincia en xeral: En consecuencia, xera riqueza, entendida “*lato sensu*”, como calidade de vida, superadora dunha perspectiva meramente monetarista.

A actuación proxectada responde a unha determinación colaborativa de conservar o patrimonio construído, mediante a axuda mutua de poderes públicos e asociacións particulares, neste caso veciñais.

Ante o despoboamento do rural e o limitado dos recursos, a sociedade civil responde implicándose con prestacións persoais e económicas, así como a axuda dos poderes públicos para manter niveis de vida e cohesión social. A conservación do Patrimonio construído caracteriza a sociedade na que se ubica, xunto coas autoridades e poderes públicos que o fomentan, máxime se ese Patrimonio foi berce de historia.



Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 28.062,18€, a favor da entidade Asociación de Vecinos San Julián de Sante, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Acondicionamento da cuberta no teleclub na parroquia de Sante”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (AnexoI).

2º.- Aprobar o gasto de 28.062,18€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Asociación de Vecinos San Julián de Sante, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Acondicionamento da cuberta no teleclub na parroquia de Sante”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo quinto.- *Convenio coa entidade Monte Vecinal en Mano Común de Vilaformán.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Monte Vecinal en Mano Común de Vilaformán, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Acondicionamento da cuberta do teleclub na parroquia de Vilaformán”, polo importe de 40.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 20.000,00€, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2020, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora, que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2020.

Informe da Unidade Administrativa Xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención, conformado pola Secretaría Xeral.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, da Área de Presidencia, do vixente anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2020.

O obxecto que se persegue con esta subvención é o acondicionamento da cuberta no teleclub da parroquia de Vilaformán, no municipio de Trabada, mellorando as condicións de uso e desfrute do mesmo por parte da veciñanza de dita parroquia. A través da actuación facilítanse as condicións para que os veciños e a sociedade en xeral participe na vida económica, social, política e cultural, removendo os obstáculos vencellados á vivir no rural.



A actuación vai permitir incrementar a colaboración e a participación da cidadanía, favorecendo o asociacionismo e o desenvolvemento doutras entidades e actuacións de carácter colaborativo entre a veciñanza desa parroquia rural, e con repercusión favorable para a provincia, en xeral. En consecuencia, xera riqueza para o territorio, entendida esta, no seu aspecto máis amplo.

A actuación proxectada responde a unha determinación colaborativa de conservar o patrimonio construído, mediante a axuda mutua de poderes públicos e entidades particulares.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 40.000,00€, a favor da entidade Monte Vecinal en Mano Común de Vilaformán, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Acondicionamento da cuberta do teleclub na parroquia de Vilaformán”, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (Anexo I).

2º.- Aprobar o gasto de 40.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Monte Vecinal en Mano Común de Vilaformán, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Acondicionamento da cuberta do teleclub na parroquia de Vilaformán”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo sexto.- *Convenio coa Asociación de Veciños de Carreiracha.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación de Veciños de Carreiracha, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Instalación de abastecimento de agua

potable para 6 viviendas en el lugar de Carreiracha”, polo importe de 15.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 7.500,00€, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2020, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora, que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2020.

Informe da Unidade Administrativa Xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención, conformado pola Secretaría Xeral.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.2 - Infraestruturas e servizos, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de dotar á provincia de infraestruturas e servizos que contribúan ao benestar comunitario dos seus veciños, especialmente nas zonas rurais. Consegui que a poboación que reside nas zonas rurais poida dispoñer de servizos similares aos das cidades, contribuíndo así á fixación de poboación no rural. Mellorar as contornas urbanas menos favorecidas.

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 da Liña 1.2 - Infraestruturas e servizos, da Área de Presidencia, do vixente anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2020.



O obxecto que se persegue con esta subvención é dotar aos veciños do lugar de Carreirachá, na parroquia de Vilaformán (Trabada), dunha infraestrutura de abastecemento de auga potable adecuada, que lles permita dispoñer deste servizo esencial e básico para a vida e a economía do lugar.

En resume, trátase intentar garantir que todos os veciños da provincia, e especialmente os das zonas rurais máis afastadas dos núcleos urbanos, dispoñan das infraestruturas necesarias para o benestar comunitario, e asegurarlles o acceso aos servizos mínimos esenciais, evitando así diferenzas de dispoñibilidade dentro da provincia, que supoñen barreiras na igualdade de oportunidades entre a poboación.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 15.000,00€, a favor da entidade Asociación de Veciños de Carreiracha, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Instalación de abastecimiento de agua potable para 6 viviendas en el lugar de Carreiracha”, subvención incluída na Liña 1.2 - Infraestruturas e servizos, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (AnexoI).

2º.- Aprobar o gasto de 15.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4590.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Asociación de Veciños de Carreiracha, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Instalación de abastecimiento de agua potable para 6 viviendas en el lugar de Carreiracha”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo sétimo.- *Addenda ao convenio coa entidade Fundación Xosé Soto de Fión.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“Visto o escrito remitido polo representante da Fundación Xosé Soto de Fión, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Xunta de Goberno desta Excm. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de decembro de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 95.000,00€ a favor da entidade Fundación Xosé Soto de Fion, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del castillo de Doiras”, nas anualidades 2020 e 2021, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (Anexo I).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2020: 47.500,00€

Ano 2021: 47.500,00€

2º.- Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 95.000,00€, que se desagrega en 47.500,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Fundación Xosé Soto de Fion, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del castillo de Doiras”, e para a anualidade 2021 por importe de 47.500,00€. O orzamento xeral do 2021, aprobado inicialmente polo pleno da Deputación o 30 de novembro de 2020, non prevé crédito suficiente para a anualidade 2021, polo que a Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de modificar o orzamento xeral do 2021.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

O convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del castillo de Doiras”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizouse o 18 de decembro de 2020.



O 21 de decembro de 2020, o representante da Fundación Xosé Soto de Fión remitiu un escrito á Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, que foi rexistrado co número 2020RT011518 que literalmente di:

“D.José Antonio Quiroga Díaz con domicilio e en Arxeriz-Fión 27548 O Saviñao (Lugo) e como representante da Fundación Xosé Soto de Fión e domicilio e Arxeriz-Fión O Saviñao (Lugo).

A Fundación Xosé Soto de Fión é beneficiaria dunha subvención concedida pola Excmá. Deputación de Lugo para levar a cabo o proxecto “Obras de conservación y mejora del castillo de Doiras” para o ano 2020-2021.

Debido á situación xerada polo Covid-19 retrásase a execución da primeira fase das obras correspondente ao ano 2020.

Debido a isto solicítase unha prórroga para a mesma ata o 31 de marzo de 2021, data de finalización da primeira fase, e a prórroga de xustificación da mesma ata o 3 de xuño de 2021.”

O que se pretende é a modificación da cláusula sétima (Xustificación e aboamento da subvención, e Gastos subvencionables) do citado convenio de referencia, asinado o 18 de decembro de 2020, que quedaría redactada da seguinte forma:

“Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 30 da mesma Lei, así como nos artigos 69 e 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, relativas á xustificación das subvencións públicas, nos artigos 19 e seguintes da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e do INLUDES e na Base 24ª de execución do Orzamento xeral vixente.

O beneficiario deberá achegar, como prazo máximo, o día 3 de xuño de 2021, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada correspondentes ao ano 2020, e o día 31 de marzo de 2022, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada correspondentes ao ano 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -telematicamente-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen achegarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación nesta prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o

procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.”

“Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro dos anos 2020 e 2021. Os gastos do ano 2020 poderán executarse ata o 31 de marzo de 2021, e os do ano 2021 dentro desa anualidade.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Consideracións xurídico-administrativas:

Na cláusula Décimo cuarta (Vixencia do Convenio e modificación), do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del castillo de Doiras”, nas anualidades 2020 e 2021, establécese que:

“A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2020, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2023, debendo estar aprobada a conta xustificativa da anualidade 2020 na data límite do 31 de decembro de 2021, e a da anualidade 2021 na data límite do 31 de decembro de 2022, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.



En calquera momento e antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva.”

A estes efectos cabe lembrar o recollido no artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP cando, en relación coa responsabilidade da tramitación, establece que:

“1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.

En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del castillo de Doiras”, nas anualidades 2020 e 2021, é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a concesión da mesma.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que o beneficiario ten a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento, e que a proposta de addenda ao convenio é axustada á dereito, infórmase favorablemente a devandita addenda no sentido indicado.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula sétima (Xustificación e aboamento da subvención, e Gastos subvencionables) do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del castillo

de Doiras”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizado o 18 de decembro de 2020, nos termos da addenda incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo oitavo.- *Addenda ao convenio coa entidade Federación de AA.VV. de Lugo “Lucus Augusti”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“Visto o escrito remitido polo representante da Federación de AA.VV. de Lugo "Lucus Augusti", dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de decembro de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 23.000,00€, a favor da entidade Federación de AA.VV. de Lugo "Lucus Augusti", para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Compra dun local e acondicionamento”, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (Anexo I).

2º.- Aprobar o gasto de 23.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Federación de AA.VV. de Lugo "Lucus Augusti", para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Compra dun local e acondicionamento”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”



O convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á entidade Federación de AA.VV. de Lugo "Lucus Augusti", co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Compra dun local e acondicionamento", na anualidade 2020, formalizouse o 11 de decembro de 2020.

O 23 de decembro de 2020, o representante da Federación de AA.VV. de Lugo "Lucus Augusti" remitiu á Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, un escrito que foi rexistrado co número 2020RT011533, que literalmente di:

"Convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación de Lugo á Federación de AA.VV. de Lugo "Lucus Augusti", co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Compra dun local e acondicionamento" na anualidade 2020, (aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 11 de decembro de 2020)

Con data 11 de Decembro de 2020 a Federación de AA.VV. de Lugo "Lucus Augusti" formalizou un Convenio coa Deputación Provincial Lucense para a execución da actuación "Compra dun local e acondicionamento".

En dito Convenio, na cláusula sétima fai constar que "Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2020".

Por problemas alleos a Federación de AA.VV. de Lugo "Lucus Augusti", a hora de formalizar a escritura de compra é en previsión de que poda xurdir calquera eventualidade allea a nosa vontade que non permita realizar a execución da actuación na anualidade 2020.

Solicitamos unha ampliación de prazo de execución de compra e acondicionamento deste local de 31/12/2020 ata o 31/3/2021."

O que se pretende é a modificación da cláusula sétima (Gastos subvencionables) do citado convenio de referencia, asinado o 11 de decembro de 2020, que quedaría redactada da seguinte forma:

"Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2020, e ata o 31 de marzo de 2021.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.”

Consideracións xurídico-administrativas:

Na cláusula Décimo cuarta (Vixencia do Convenio e modificación), do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á entidade Federación de AA.VV. de Lugo "Lucus Augusti", co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Compra dun local e acondicionamento”, na anualidade 2020, establécese que:

“A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2020, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2022, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2021, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

En calquera momento e antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva.”

A estes efectos cabe lembrar o recollido no artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP cando, en relación coa responsabilidade da tramitación, establece que:

“1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.



En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á entidade Federación de AA.VV. de Lugo "Lucus Augusti", co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Compra dun local e acondicionamento", na anualidade 2020, é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a concesión da mesma.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que o beneficiario ten a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento, e que a proposta de addenda ao convenio é axustada á dereito, infórmase favorablemente a devandita addenda no sentido indicado.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula sétima (Gastos subvencionables) do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á entidade Federación de AA.VV. de Lugo "Lucus Augusti", co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Compra dun local e acondicionamento", na anualidade 2020, formalizado o 11 de decembro de 2020, nos termos da addenda incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo noveno.- *Addenda ao convenio coa Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

"Visto o escrito remitido polo representante da Asociación de Veciños San Sebastian de Carballido, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de setembro de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 16.645,00 €, a favor da entidade Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do Local Social”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (Anexo I).

2º.- Aprobar o gasto de 16.645,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do Local Social”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

O convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do local social”, na anualidade 2020, formalizouse o 6 de outubro de 2020.

O 16 de decembro de 2020, o representante da Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido remitiu á Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, un escrito que foi rexistrado co número 2020RT011312, que literalmente di:

“Jesús Paz Pumares, en nome da Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido.

Expón:

Que a Xunta de Goberno da Excm. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de setembro de dous mil vinte, acordou a celebración dun convenio con esta asociación para a reparación da cuberta e escaleiras do noso local social.

Que o dito convenio establece un prazo de execución ata o 31 de decembro de 2020 e un prazo de xustificación ata o 31 de marzo de 2021

Que actualmente aínda nos atopamos cos trámites de solicitude da licenza de obra no Concello de Alfoz, xa que tivemos que modificar a memoria e ampliála e temos tamén que pedir permisos sectoriais.



Tamén hai que ter en conta que a obra de arranxo vai afectar ao tellado e actualmente a climatoloxía non é a adecuada para acometer este tipo de obras.

Solicita:

A ampliación do prazo de execución da obra ata o 31 de marzo de 2021 e o de xustificación ata o 30 de xuño de 2021, posto que precisamos máis tempo para tramitar os permisos oportunos. “

O que se pretende é a modificación da cláusula sétima (Xustificación e aboamento da subvención, e Gastos subvencionables) do citado convenio de referencia, asinado o 6 de outubro de 2020, que quedaría redactada da seguinte forma:

“Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 30 da mesma Lei, así como nos artigos 69 e 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, relativas á xustificación das subvencións públicas, nos artigos 19 e seguintes da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e do INLUDES e na Base 24ª de execución do Orzamento xeral vixente.

O beneficiario deberá achegar, como prazo máximo, o día 30 de xuño de 2021, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -telematicamente-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen achegarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación nesta prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.”

“Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2020, e ata o 31 de marzo de 2021.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.”

Consideracións xurídico-administrativas:

Na cláusula Décimo cuarta (Vixencia do Convenio e modificación), do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación de Veciños San Sebastian de Carballido, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do local social”, na anualidade 2020, establécese que:

“A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2020, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2022, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2021, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

En calquera momento e antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva.”

A estes efectos cabe lembrar o recollido no artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP cando, en relación coa responsabilidade da tramitación, establece que:

“1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa



tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.

En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación de Veciños San Sebastian de Carballido, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do local social”, na anualidade 2020, é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a concesión da mesma.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que o beneficiario ten a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento, e que a proposta de addenda ao convenio é axustada á dereito, infórmase favorablemente a devandita addenda no sentido indicado.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula sétima (Xustificación e aboamento da subvención, e Gastos subvencionables) do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación de Veciños San Sebastian de Carballido, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do local social”, na anualidade 2020, formalizado o 16 de outubro de 2020, nos termos da addenda incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo.- *Addenda ao convenio coa Asociación de Veciños Rio de Ouro San Acisclo de Foz.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“Visto o escrito remitido pola representante da Asociación de Vecinos Rio de Ouro San Acisclo de Foz, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de decembro de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 43.000€ a favor da entidade Asociación de Vecinos Rio de Ouro San Acisclo de Foz, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Escuela de San Acisclo”, nas anualidades 2020 e 2021, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (Anexo I).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2020: 21.500,00€

Ano 2021: 21.500,00€

2º.- Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 43.000,00€, que se desagrega en 21.500,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Asociación de Vecinos Rio de Ouro San Acisclo De Foz, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Escuela de San Acisclo”, e para a anualidade 2021 por importe de 21.500,00€. O orzamento xeral do 2021, aprobado inicialmente polo pleno da Deputación o 30 de novembro de 2020, non prevé crédito suficiente para a anualidade 2021, polo que a Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de modificar o orzamento xeral do 2021.”

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

O convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada á entidade Asociación de Vecinos Rio de Ouro San Acisclo de Foz, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Escuela de San Acisclo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizouse o 22 de decembro de 2020.

O 23 de decembro de 2020, a representante da Asociación de Vecinos Rio de Ouro San Acisclo de Foz remitiu á Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, un escrito que foi rexistrado co número 2020RT011571, que literalmente di:



“Maria Jesus Díaz Cao, vecina de Foz, con domicilio en Pousada – San Acisclo Nº 6, y con actuando como representante de la Asoc de Veciños Rio de Ouro San Acisclo de Foz, con domicilio social en Escuela de San Acisclo S7N y e-mail riodeourodesanacisclo@gmail.com; por medio de la presente

Expone:

Que a la Asoc de Veciños Rio de Ouro San Acisclo de Foz, le fue concedida por parte de la Excma. Diputación Provincial de Lugo, una subvención por importe de cuarenta y tres mil euros (43.000,00€), dividida en dos anualidades, de veintiún mil quinientos euros para el ejercicio 2020, y veintiún mil quinientos euros para el ejercicio 2021.

Que debido a la situación extraordinaria generada por la pandemia del Covid-19 y ante la imposibilidad de llevar a cabo, la obra correspondiente al ejercicio 2020.

Solicita:

La ampliación del plazo de ejecución de la obra del ejercicio 2020 hasta el 31 de marzo de 2021, y la ampliación del plazo de justificación de la misma hasta el 30 de junio de 2021.

O que se pretende é a modificación da cláusula sétima (Xustificación e aboamento da subvención, e Gastos subvencionables) do citado convenio de referencia, asinado o 22 de decembro de 2020, que quedaría redactada da seguinte forma:

“Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 30 da mesma Lei, así como nos artigos 69 e 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, relativas á xustificación das subvencións públicas, nos artigos 19 e seguintes da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e do INLUDES e na Base 24ª de execución do Orzamento xeral vixente.

O beneficiario deberá achegar, como prazo máximo, o día 30 de xuño de 2021, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada correspondentes ao ano 2020, e o día 31 de marzo de 2022, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada correspondentes ao ano 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -telematicamente-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen achegarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación nesta prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.”

“Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro dos anos 2020 e 2021. Os gastos do ano 2020 poderán executarse ata o 31 de marzo de 2021, e os do ano 2021 dentro desa anualidade.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.”

Consideracións xurídico-administrativas:

Na cláusula Décimo cuarta (Vixencia do Convenio e modificación), do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada á entidade Asociación de Vecinos rio de Ouro San Acisclo de Foz, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Escuela de San Acisclo”, nas anualidades 2020 e 2021, establécese que:

“A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2020, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2023, debendo estar aprobada a conta xustificativa da anualidade 2020 na data límite do 31 de decembro de 2021,e a da anualidade 2021 na data límite do 31 de decembro de 2022, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.



En calquera momento e antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva.”

A estes efectos cabe lembrar o recollido no artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP cando, en relación coa responsabilidade da tramitación, establece que:

“1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.

En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada á entidade Asociación de Vecinos rio de Ouro San Acisclo de Foz, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Escuela de San Acisclo”, nas anualidades 2020 e 2021, é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a concesión da mesma.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que o beneficiario ten a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento, e que a proposta de addenda ao convenio é axustada á dereito, infórmase favorablemente a devandita addenda no sentido indicado.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula sétima (Xustificación e aboamento da subvención, e Gastos subvencionables) do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada á entidade Asociación de Vecinos Rio de Ouro San Acisclo de Foz, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Escuela de San Acisclo”, nas anualidades 2020 e 2021, nos

termos da addenda incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo primeiro.- *Addenda ao convenio co Concello de Portomarín.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, de data 22 de decembro de 2020, no que literalmente se establece:

“Vistos os escritos da Sección de Benestar Social e Igualdade da Área de Promoción Económica e Social, de datas 1, 9 e 15 de decembro de 2020, no que se indica a necesidade de modificación do prazo de execución e consecuentemente de vixencia do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Portomarín para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (apartamentos tutelados e centro de día) no municipio de Portomarín, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe

Antecedentes de feito,

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 15 de xuño de 2018, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Portomarín para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro residencial nese municipio, cun orzamento total de 1.100.000€: A achega da Deputación ascende a contía 900.000,00€ e a do Concello de Portomarín a 200.000,00€.

2.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 900.000 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2315.622.55, correspondendo á anualidade 2018 o importe de 400.000,00€ e a anualidade 2019 o importe 500.000,00€. A Deputación adquire este compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sensibilidade financeira de incluír no orzamento da anualidade 2019 a cantidade de 500.000,00€.”



O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Portomarín para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (apartamentos tutelados e centro de día) no municipio de Portomarín, formalizouse o 3 de agosto de 2018.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 15 de febreiro de 2019, acordou, entre outros, prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º Modificar a cláusula primeira, terceira, cuarta e sexta do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Portomarín para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (apartamentos tutelados e centro de día) no municipio de Portomarín, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.

2º Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía complementaria de 686.738,34€ para a anualidade 2020 (que sumados ao importe anteriormente consignado de 1.100.000,00 € da un total de 1.786.738,34 €) con cargo a aplicación orzamentaria 2315.622, 2315.622.55 e 2315.22706. A Deputación adquire este compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira de incluír no orzamento da anualidade 2020 a cantidade de 686.738,34€.”.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 25 de setembro de 2020, acordou adxudicar a execución da obra PORTOMARÍN.- Construción de centro de atención a persoas maiores –apartamentos tutelados e centro de día, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 01/03/2019, baixo a condición suspensiva da efectiva disposición das habilitacións necesarias para o inicio das obras, á mercantil Coto Estudios y Construcciones SL, , no prezo de 1.430.000,00 dos cales 130.000,00 € son de IVE (10 %).

Por todo o exposto, e tomando como referencia o recollido no informe da Sección de Benestar Social e os datos que obran no Servizo de Contratación e Fomento (convenio de cooperación -xunto coas súas addendas- e expediente de licitación e adxudicación das obras), faise necesaria a modificación das seguintes cláusulas:

a) A cláusula terceira, sobre as obrigas e compromisos das partes (para adaptarse ao prazo de execución previsto no contrato do obras)

b) A cláusula sexta, sobre duración do convenio interadministrativo.

As cales quedarían redactadas do seguinte xeito,

-Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar o financiamento previsto na cláusula “cuarta”.

Redactar e aportar o proxecto técnico para a construción do centro residencial.

Obter os permisos e autorizacións sectoriais necesarias para a construción do equipamento, agás os que sexan de competencia e intervención municipal e necesarios para obter as licencias urbanísticas e títulos municipais habilitantes para o apertura e exercicio da actividade do centro residencial.

Actuar como órgano de contratación e tramitar a contratación das obras, nas distintas fases, ata a súa recepción e liquidación do contrato para construír o centro residencial, obxecto deste convenio, con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Licitar, rematar e recibir as obras do establecemento de centro de atención a persoas maiores, na data límite do 1 de xullo de 2022, que se executarán nas parcelas con referencia catastral 3308604PH1430N0001QY, 3308604PH1430N0001GY, 3308604PH1430N0001YY.

A efectos de unha posible reversión do ben cedido, estarase ao previsto no artigo 111 do RD 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Recibir as obras contratadas, conforme aos trámites previstos nos artigos 243 e concordantes da Lei 9/2018, do 8 de novembro (LCSP).



Convidar á representación institucional do Concello de Portomarín aos actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización das obras.

Difundir a colaboración prestada por ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou similares), facilitadas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

Comunicar o acordo polo que se aproba este convenio ao Concello de Portomarín.”

(...)

Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo. A estes efectos establecerase como data límite, salvo prorroga expresa antes da finalización do prazo, o 2 de agosto de 2022, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta Addenda de modificación, permanecerán invariables. Acordando ambas partes, incorporar ao convenio de interadministrativo subscrito con data 3 de agosto de 2018, esta Segunda Addenda de Modificación, a cal se reixerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Consideracións xurídico-administrativas:

Na cláusula sexta - duración do convenio interadministrativo – do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Portomarín para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (apartamentos tutelados e centro de día) no municipio de Portomarín, segundo redacción dada pola addenda primeira, establécese que:

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo. A estes efectos establecerase como data límite, salvo prorroga expresa antes da finalización do prazo, o 31 de decembro de 2020, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público “.

Na cláusula sétima -modificación- do citado convenio recollese que:

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/201.

A modificación levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

En canto ao órgano competente para aprobar a segunda addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Portomarín para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (apartamentos tutelados e centro de día) no municipio de Portomarín é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Conclusiones

Por todo o sinalado, revisada a documentación que obra no expediente de aprobación do convenio, infórmase favorablemente a modificación indicada dende a Sección de Benestar Social e Igualdade da Área de Promoción Económica e Social, nos termos da segunda addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.

Polo anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación das cláusulas terceira e sexta do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Portomarín para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (apartamentos tutelados e centro de día) no municipio de Portomarín, formalizado o 3 de agosto de 2018, nos termos da segunda addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo segundo.- *Convenio Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Chantada.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ó convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Entidade Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto consistente en “Protección do coidador de enfermos de Alzheimer e outras enfermidades dexenerativas no propio domicilio”, polo importe de 15.000,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Certificado do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do Convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

No presente caso, trátase dunha actividade cuxa finalidade está recollida no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2020-2022, aprobado por resolución de Presidencia de data 2 de abril de 2020, nas actuacións específicas c) da liña 4.2 “Benestar Social” xestionada dende a sección Benestar Social e Igualdade, da Área de Promoción Económica e Social, desta Administración Local, xa que na mesma se recolle como obxectivos aumentar os niveis de benestar social da poboación da provincia de Lugo no sentido máis amplo (mellorando a súa calidade de vida, contribuíndo a unha sociedade máis igualitaria de oportunidades para todos os colectivos, especialmente daqueles máis vulnerables, e na que os aspectos sociais teñan unha maior relevancia), intentando acadar un verdadeiro “estado de benestar”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa excepcional, por importe de 15.000,00 € a favor da Entidade Asociación de Familiares de Enfermo de Alzheimer, para sufragar gastos derivados da actuación “Protección do coidador de enfermos de Alzheimer e outras enfermidades dexenerativas no propio domicilio” no ano 2020, subvención incluída nas subvencións directas excepcionais Liña 4.2.c que leva por título “Benestar Social”.

2º.- Aprobado o gasto de 15.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2314.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer, para sufragar gastos derivados da actuación “Protección do coidador de enfermos de Alzheimer e outras enfermidades dexenerativas no propio domicilio” no ano 2020.

3º.- Aprobado o convenio canalizador da subvención directa excepcional que nos ocupa e que se achega con este informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo terceiro.- *Convenio Concello de Barreiros.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo a Aprobación da convenio interadministrativo de cooperación entre a deputación provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta



dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “adquisición de equipamento para o servizo de axuda no fogar”:

Existencia de consignación no Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o ano 2020, con cargo á aplicación orzamentaria 2314.76200 en concepto convenio interadministrativo de cooperación entre a deputación provincial de lugo e o concello de barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “adquisición de equipamento para o servizo de axuda no fogar.

Existencia de convenio interadministrativo de cooperación entre a deputación provincial de lugo e o concello de barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “adquisición de equipamento para o servizo de axuda no fogar”.

Declaración responsable do Concello de Barreiros de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, a entidade beneficiaria reúne todos os requisitos para a firma do convenio.

No presente caso, a subscripción deste convenio mellora a eficiencia na xestión dun servizo público, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, por parte da Deputación de Lugo, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

Tendo en conta a fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral o 29.12.2020 e cuxo resultado é de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, co obxecto de colaborar na realización da actividade consistente na adquisición de “equipamento para prestación do servizo de axuda no fogar”, e co fin común da debida prestación do servizo de axuda no fogar, por importe total de 20.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto, por importe de 20.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2314.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do Concello de Barreiros, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo cuarto.- *Convenio Concello de Xermade.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Xermade para a execución dos fins común de Adquisición camión contraincendios, consta no mesmo:

Solicitud do Concello de Xermade con número de expediente no GTM: 2020/PES_03/023265, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7GGXKIBV5TLNMP4FOFOATWNY.

Borrador de convenio con CSV: IV7GGXKIBRESVC7NA47W4F7QAU.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7GGXKIH4RT7DVPBVXBAIY7KI.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Xermade coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Adquisición camiión contraincendios , con un orzamento total de 72.600,00 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 60.000,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo quinto.- *Convenio Concello A Pastoriza.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente de establece o seguinte:

“Asunto: Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pastoriza para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na apertura e funcionamento do centro deportivo e piscina climatizada en A Pastoriza. Anualidade 2020.

Visto o escrito remitido dende o Concello de A Pastoriza no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pastoriza para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no funcionamento do Centro Deportivo e Piscina Climatiza de A Pastoriza, por importe total de 318.575,35 €, dos que 180.000,00€ son a cargo da Deputación, 138.575,35 € con cargo ao Concello de Viveiro, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó

ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostíbeis, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Respecto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.



O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra

d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.



Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e



cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Os artigos 7, 8 e 9 da Lei 3/2012 de 2 de abril, de Deporte de Galicia recollen as competencias en materia deportiva dos municipios e das entidades locais supramunicipais, nos seguintes termos:

“Artigo 7. Deputacións provinciais.

As deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

1. Fomentar, promover e difundir o deporte.
2. Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.
3. Asistir os municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade económica e de xestión, no deseño e na construción de instalacións deportivas e no desenvolvemento da práctica deportiva.
4. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade provincial e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos.
5. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas existentes no seu termo e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito na optimización do seu uso, así como coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.
6. Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Artigo 8. Os municipios.

Os municipios, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

1. Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.
2. Promover e, de ser o caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.

3. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.

4. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.

5. Fomentar e apoiar a creación de asociacións deportivas no seu ámbito territorial, especialmente nos centros de ensino, barrios e centros de traballo.

6. Procurar que nos plans de ordenación urbanística se establezan as reservas de espazos e cualificacións de zonas para a práctica do deporte, así como a instalación de equipamentos deportivos e levar un censo actualizado no seu ámbito territorial de instalacións deportivas de uso público, tanto de titularidade pública coma privada.

7. Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal.

8. Organizar campionatos e eventos deportivos de carácter local.

9. Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou regulamentariamente e que contribúa aos fins ou obxectivos desta lei.

10. Os concellos de máis de 5.000 habitantes contarán cunha área de deportes, que poderá ser mancomunada, para contribuír a achegar a actividade físico-deportiva a toda a cidadanía e garantir o pleno aproveitamento social das instalacións.

Artigo 9. Relacións interadministrativas.

As competencias en materia de deporte das diferentes administracións públicas de Galicia exerceranse baixo os principios de cooperación, colaboración, coordinación e información multilateral.

Así mesmo, as administracións públicas galegas relaciónanse co Estado e co resto de comunidades sobre a base da cooperación e da colaboración recíproca.”

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a



condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalguna das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Pode terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 180.000 €, na aplicación orzamentaria 3410.46200, no vixente orzamento xeral de 2020.

Incorpórase ao expediente minuta de convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Pastoriza.

O convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación, no marco dunha relación interadministrativa entre o Concello de A Pastoriza e a Deputación Provincial de Lugo, en exercicio dunha competencia compartida, para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no funcionamento do centro deportivo e piscina climatizada en A Pastoriza, anualidade 2020. Non constitúe unha prestación propia dos contratos do sector público; guiado por razóns de interese público e conformando unha canle para a satisfacción eficaz do fin común, sen necesidade de crear estruturas burocráticas con custes engadidos e disfuncións para o que se comprometen a realizar as seguintes aportacións:

ANUALIDADE	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	OUTRAS ACHEGAS (PREVISIÓN DE APORTACIÓN USUARIOS)
2020	180.000,00 €	71.022,37€	67.552,98 €

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 58.19 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) e no establecido na base 24.4º das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2020, que recolle que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe de xeito individual sexa igual ou superior a 15.000,00€.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pastoriza para a execución dos fins comúns consistentes no funcionamento do centro deportivo e piscina climatizada en A Pastoriza, cun orzamento total de 318.575,35 €, que se consta no expediente.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 180.000,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 3410.46200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo sexto.- *Convenio Agrupación Deportiva Xuvenil Milagrosa.*

Logo de ver a proposta de decreto do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:



“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder a Agrupación deportiva xuvenil Milagrosa para sufragar os gastos derivados da actividade: “Equipamento recinto de xogo de tenis de mesa”, durante a anualidade 2020, polo importe de 2.125,63 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Constancia de que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte.

Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.

Informe da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe da Secretaría e do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24ª.2 das Bases de Execución do Orzamento 2020 e tendo en conta os informes procedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 12.1.c que leva por título “Deporte” das recollidas, na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2020-2022, aprobado por resolución de Presidencia de 2 de abril de 2020.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 2.125,63 €, a favor da entidade Agrupación deportiva xuvenil Milagrosa para sufragar gastos

derivados da actuación “Equipamento recinto de xogo de tenis de mesa“, subvención incluída na Liña 12.1.c leva por título “Deportes” da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que se aprobe o gasto de 2.125,63 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.789 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Agrupación deportiva xuvenil Milagrosa, para sufragar gastos derivados da actuación “Equipamento recinto de xogo de tenis de mesa”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte, e que se adecúa ao convenio tipo aprobado por esta Deputación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo sétimo.- *Convenio ca Escola Banda de Música de Antas de Ulla.*

Logo de ver a proposta de decreto do Xefe de Contratación e Fomento, do seguinte teor:

Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Escola Banda de Música de Antas de Ulla, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Merca de material”, polo importe de 12.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 6.000,00€, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2020, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora, que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa de aplicación,



nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2020.

Informe da Unidade Administrativa Xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención, conformado pola Secretaría Xeral.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, da Área de Presidencia, do vixente Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2020.

O obxecto que se persegue con esta subvención é mellorar as condicións e os equipamentos dos que dispón a entidade promotora, para o desenvolvemento das súas actividades musicais, vencelladas á cultura e a historia da localidade.

En resume, trátase de mellorar as condicións e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a creación, o mantemento e a difusión das entidades e as súas actividades, nas que se asocia, colabora e participa a sociedade (veciñanza), especialmente nas zonas rurais, como elemento xerador de riqueza para o territorio provincial, no seu conxunto.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por

importe de 12.000,00€, a favor da entidade Escola Banda de Música de Antas de Ulla, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Merca de material”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (AnexoI).

2º.- Aprobar o gasto de 12.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Escola Banda de Música de Antas de Ulla, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Merca de material”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN E ADXUDICACIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS.

Primeiro.- *Adxudicación subministración licenzas software técnico.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 22 de decembro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7GSQI4CH5TJCR73RHV44AT4M¹.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7GQHYZAEFLZWWC6AQVOL2PDY.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GSUHCZX7DL76MAFV474RQ4Y.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GS3S7YEENRPJOBAAJ32XGI.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7GS3SSKD6PJ3RKUTVRORIT4Y.

Fiscalización limitada previa do expediente con CSV: IV7GS7JJAFPZVDF7WIOMEVKEAA.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7GSDDKBR64YW5ZCN7NC576N4.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 23 de outubro do 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7GSMLTCAMSWHZY5UGCMAH64.

Publicación, o día 27 de outubro do 2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida con data 13 de novembro do 2020, con CSV: IV7G6KHZLPZNZ7MJWVWNF5KBMQ, na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que no servizo de contratación na data de hoxe, e con carácter previo á constitución da mesa, que de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A de documentación administrativa das empresas presentadas, téndose comprobado con carácter previo que ditas proposicións foran presentadas en prazo. Verificouse a documentación administrativa presentada polas Empresas Dispal Astur S.A., Micromedia S.L. e Semiconductores y Sistemas S.A. para o Lote 1 e Evelb Técnicas y Sistemas S.L, Micromedia S.L. e Semiconductores y Sistemas S.A. para o Lote 2

Vista a documentación presentada polos licitadores nos sobres “A”, polo Servizo de Contratación e Fomento, non se apreciou a concorrencia de defectos na mesma. Dada conta, ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado éste, constitúese a mesa de contratación - a través de medios electrónicos- sendo as 12:37 horas do día 13 de novembro do 2020, baixo a Presidencia de D. José Domingo Rodríguez Ferreira, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada polo Presidente da Mesa, na data do 10 de novembro do 2020.

Polo Presidente da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Apertura e calificación administrativa EXP016SU20ABO. Contratación da subministración de licenzas de software técnico específico para a Deputación Provincial de Lugo.

Apertura criterios avaliados automaticamente EXP016SU20ABO. Contratación da subministración de licenzas de software técnico específico para a Deputación Provincial de Lugo.

Valoración criterios avaliados automaticamente. EXP016SU20ABO. Contratación da subministración de licenzas de software técnico específico para a Deputación Provincial de Lugo.

Mellor valorado. Requisito de documentación. EXP016SU20ABO. Contratación da subministración de licenzas de software técnico específico para a Deputación Provincial de Lugo.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas en tempo e forma, procédese a admitilos a todos e á apertura en acto público, a través da retransmisión en streaming do sobre B, cos seguintes resultados:

OFERTAS LOTE 1			
	DISPAL ASTUR S.A.	MICROMEDIA S.L.	SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS S.A.
PREZO	28.139,59 €	30.008,81 €	26.553,45 €
Nº LICENCIAS AUTOCAD	0	0	0
Nº DE LICENCIAS Autocad LT	3	0	0
Nº DE LICENCIAS Civil 3D	0	0	0
Nº DE LICENCIAS Revit	0	0	0
Nº DE LICENCIAS Arquímedes	1	2	0
Nº DE LICENCIAS Módulo Xestión Resíduos	1	0	0
Nº DE LICENCIAS Módulo Control Calidade	1	0	0
Nº DE LICENCIAS Módulo Impacto Ambiental	1	0	0
Nº DE LICENCIAS Módulo Estudo Seguridade	1	0	0



OFERTAS LOTE 2			
	EVELB TECNICAS Y SISTEMAS S.L.	MICROMEDIA S.L.	SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS S.A.
PREZO	35.091,32 €	36.655,92 €	34.896,40 €
Nº DE LICENCIAS CorelDRAW	2	0	0
Nº DE LICENCIAS iStock	0	0	0
Nº DE LICENCIAS Creative Cloud	0	0	0
Nº DE LICENCIAS Acrobat Pro	2	0	0
Nº DE LICENCIAS Anydesk	0	1	0

Tendo en conta que ningún dos licitadores concorrentes presenta valores anormalmente baixos ou desproporcionados, atendendo aos umbrais recollidos na cláusula décimo terceira do PCAP, en relación co establecido no artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, procédese á aplicación das fórmulas matemáticas contidas no cadro resumo do PCAP.

Visto que a folia de cálculo utilizada para a aplicación das fórmulas matemáticas non funciona, a mesa de contratación acorda facer un receso, en tanto non se arranxe a mesma, sendo as 12:48 horas.

Sendo as 13:46 horas reanúdase a sesión da mesa de contratación, e procédese á valoración dos criterios de adjudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

NOTAS LOTE 1			
	DISPAL ASTUR S.A.	MICROMEDIA S.L.	SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS S.A.
PREZO	78,32	73,44	83
Nº LICENCIAS AUTOCAD	0	0	0
Nº DE LICENCIAS Autocad LT	5	0	0
Nº DE LICENCIAS Civil 3D	0	0	0
Nº DE LICENCIAS Revit	0	0	0
Nº DE LICENCIAS Arquímedes	2,5	5	0
Nº DE LICENCIAS Módulo Xestión Resíduos	1	0	0
Nº DE LICENCIAS Módulo Control Calidade	1	0	0
Nº DE LICENCIAS Módulo Impacto Ambiental	1	0	0
Nº DE LICENCIAS Módulo Estudo Seguridade	1	0	0
TOTAL	89,82	78,44	83

NOTAS LOTE 2			
	EVELB TECNICAS Y SISTEMAS S.L.	MICROMEDIA S.L.	SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS S.A.
PREZO	81,54	78,06	82
Nº LICENCIAS AUTOCAD	4	0	0
Nº DE LICENCIAS Autocad LT	0	0	0
Nº DE LICENCIAS Civil 3D	0	0	0
Nº DE LICENCIAS Revit	4	0	0
Nº DE LICENCIAS Arquímedes	0	1	0
TOTAL	89,54	79,06	82

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada e as puntuacións acadadas acorda, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LOTE 1		
Nº de orde	Licitador	Puntuación
1	DISPAL ASTUR S.A.	89,82
2	SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS S.A.	83
3	MICROMEDIA S.L.	78,44

LOTE 2		
Nº de orde	Licitador	Puntuación
1	EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L.	89,54
2	SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS S.A.	82
3	MICROMEDIA S.L.	79,06

Requirir á empresa Dispal Astur S.A. para o Lote 1 e Evelb Tecnicas y Sistemas S.L. para o Lote 2, co obxecto de que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten a documentación á que se refire o artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se relaciona na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Reunida a Mesa o día de hoxe, en primeiro lugar, procedeuse ao exame da documentación presentada cos seguintes resultados:

Lote 1: Dispal Astur S.A.

Presenta certificado de inscrición no rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas, acompañado de declaración responsable, onde se acredita :

Personalidade, capacidade do empresario e da representación. Non é preciso bastanteo de poder, posto que o asinante da proposición - D. Pablo Velasco García - ten a condición de administrador único da empresa, con validez ata o 11 de marzo de 2021.

Solvencia económica: Consta cifra de negocio do ano 2017 e 2018 por importe superior ao umbral mínimo esixido no PCAP (37.540,91 €).

Obxecto social: figura obxecto social suficiente para a realización do obxecto do contrato.

Consta pagamento dos recibos do IAE, epígrafes 845, 6178 e 9339, acompaña certificado de estar dado



de alta en numerosos epígrafes do IAE, entre os que se atopa o correspondente ao obxecto do contrato, acompañado de declaración de non ter causado baixa na matrícula do imposto.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria o día 01 de decembro de 2020.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación expedida por este servizo ao expediente.

Envía certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 2 de decembro de 2020.

Consta declaración responsable do día 14 de decembro de 2020 de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Incorpora ao expediente carta de pagamento da Tesourería da Deputación de Lugo.

No tocante á solvencia técnica achega relación das principais subministracións realizadas de igual ou similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato por importe superior ao umbral mínimo esixido no PCAP (17.519,09 €), acompañado de certificados de boa execución expedidos polo Xefe da Área de Compras, Contratación e RRHH da Xerencia da Área de Administración e Xestión de RENFE, pola Secretaria do Concello de Vallgorguina e pola Subdirectora de Administración e Adquisicións de Ingeniería y Economía del Transporte S.M.E. M.P. S.A.

Non achega interlocutor responsable por parte da empresa adxudicataria, considerando a mesa de contratación suficiente a tales efectos o Anexo I, presentado en fase de licitación.

Lote 2: Evelb Tecnicas y Sistemas S.L

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

a) Achega fotocopia do DNI de Dona Alexandra Abalo Valderrama

b) Escritura de constitución da sociedade outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Francisco León Gómez, o día 5 de febreiro de 2010, número 169 de protocolo.

c) Escritura de poder a favor de Dona Alexandra Ábalo Valderrama, outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Carlos Sebastián Lapidó Alonso, número 824 de protocolo, sin bastantear. Consultouse ao Servizo de Asesoría Xurídica, e incorpórase ao expediente bastanteo de poder expedido por este servizo.

d) Non achega fotocopia do CIF da empresa, non resultando preciso, posto que se recolle o CIF nas escrituras achegadas.

Presenta certificado expedido pola Axencia Tributaria o día 16 de novembro no que se recolle que a empresa se atopa de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, entre outros no epígrafe 845, e no que se fai constar que a empresa está exenta do pagamento ao amparo do artigo 82.1.c da Lei Reguladora de Facendas Locais. Acompaña a certificación de declaración responsable.

Presenta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Tributaria o día 4 de decembro.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación expedida por este servizo ao expediente.

Achega certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, do 27 de novembro.

Aporta declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores do 17 de decembro.

Achega aval acreditativo do depósito da garantía definitiva. Incorporárase ao expediente carta de pagamento da Tesourería da Deputación de Lugo.

No tocante á solvencia económica, financeira e técnica, achega contas anuais do ano 2019 depositadas no Rexistro Mercantil de Santiago, onde consta unha cifra de negocio superior á esixida nos PCAP (45.495,87 €). Acompaña as contas anuais dun certificado expedido pola Axencia Tributaria, no que se recolle que a cifra de negocios aos efectos da xestión do Imposto sobre Actividades Económicas correspondente ao exercicio 2020, ascende a 707.326 euros.

No relativo á solvencia técnica, achega certificados de boa execución expedidos por Servicios Estación S.L., Concello de Narón, Concello de Nigrán e Construciones Ponciano Nieto, por importe superior ao esixido no PCAP (21.231,40 €).



Nomea como interlocutor responsable a D. Raúl Paz.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Dispál Astur S.A. o lote 1 do contrato de subministración de licenzas de software técnico específico para a Deputación Provincial de Lugo. EXP016SU20ABO, por importe de 23.255,86 euros, aos que se engadirán 4.883,73 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 28.139,59 euros, ofertando se custe adicional 3 licenzas Autocad LT, 1 licenza Arquímedes, 1 licenza Módulo Xestión Residuos, 1 licenza Módulo Control Calidade, 1 licenza Módulo Impacto Ambiental e 1 licenza Módulo Estudo Seguridade.

Adxudicar á empresa Evelb Técnicas y Sistemas S.L. o lote 2 do contrato de subministración de licenzas de software técnico específico para a Deputación Provincial de Lugo. EXP016SU20ABO, por importe de 29.001,09 euros, aos que se engadirán 6.090,23 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 35.091,32 euros ofertando se custe adicional 2 licenzas CorelDRAW e 2 licenzas acrobat Pro.

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar o contrato de subministración de licenzas de software específico para a Deputación Provincial de Lugo, atendendo ao seguinte detalle:

Lote 1: Autodesk. Software de deseño técnico, arquitectura, enxeñería e construción.

Adxudicatario: Dispál Astur S.A.

Importe: 23.255,86 euros, aos que se engadirán 4.883,73 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 28.139,59 euros

Melloras: 3 licenzas Autocad LT, 1 licenza Arquímedes, 1 licenza Módulo Xestión Residuos, 1 licenza Módulo Control Calidade, 1 licenza Módulo Impacto Ambiental e 1 licenza Módulo Estudo Seguridade.

Lote 2: Software de deseño gráfico e software de asistencia técnica

Adxudicatario: Evelb Técnicas y Sistemas S.L.

Importe: 29.001,09 euros, aos que se engadirán 6.090,23 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 35.091,32 euros.

Melloras: 2 licenzas CorelDRAW e 2 licenzas acrobat Pro.

O prazo de entrega será de 15 días naturais, dende a subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (ou www.contrataciondelestado.es), no Diario Oficial da Unión Europea, e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Adxudicación materiais e repostos vehículos Parque Móbil e Granxa.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 17 de decembro de 2020, da que procede a súa corrección segundo o informe con CSV: IV7GG3HPJYVZZ2VTQN7D5YDDKU , na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV67SIATYA465HMYBT754QBFKY².

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV674WBL3HU76WUK6RGD67RBAY.

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV674TJ2J44OYXW6AJITC7ZAIQ.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV674OSLNREKTL55YQUEKTQHKI.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV674OR5JAH772HNZRYDINJQ6M.

Fiscalización limitada previa do expediente con CSV: IV675QPJ3AZITGJD4REWIV7AL4.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV675WK3CA6DT6RKQJU4MRQWLY.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 17 de xullo do 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV6766343RRNXWEIYUGNMHXRKA.

Publicación, o día 22 de xullo do 2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida con data 27 de agosto do 2020, na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que no servizo de contratación na data de hoxe, e con carácter previo á constitución da mesa, que de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A de documentación administrativa das empresas presentadas, téndose comprobado con carácter previo que ditas proposicións foran presentadas en prazo. Verificouse a documentación administrativa presentada polas empresas e para os lotes que se sinalan a continuación:

LOTE 1: Pezas e repostos, aceites, graxas e aditivos para vehículos lixeiros, turismos, vehículos pesados, camións e furgonetas, maquinaria pesada, máquinas de obras públicas e semiremolques, tractores, maquinaria agrícola e maquinaria de xardinería para o Parque Móbil e a Granxa Gaioso Castro.	
ÚNICO LICITADOR CONCORRENTE	RECAMBIOS FRAIN

LOTE 2: Pneumáticos para todos os vehículos e máquinas do Parque Móbil e a Granxa Gaioso Castro.	
LICITADOR 1	AN MOTORSPORT LUGO SLU
LICITADOR 2	IGNACIO DOCANDO TEJEIRO
LICITADOR 3	RECAMBIOS FRAIN

LOTE 3: Ferramenta e materiais de desgaste para o taller do Parque Móbil, así como ferramentas para que os peóns poidan realizar o seu traballo. LICITADOR	
ÚNICO LICITADOR CONCORRENTE	RECAMBIOS FRAIN

LOTE 4 Material de limpeza para os vehículos e máquinas do Parque Móbil e da Granxa Gayoso Castro.	
ÚNICO LICITADOR CONCORRENTE	RECAMBIOS FRAIN

Vista a documentación presentada polos licitadores nos sobres “A”, polo Adxunto Xefe de Servizo de Comunicación e TICs, o Asesor Técnico do Servizo de Contratación e Fomento e o Xefe do mesmo servizo, póñense de manifesto as cuestións seguintes:

A declaración responsable presentada pola empresa Recambios Frain, para os catro lotes, figura asinada cun certificado dixital con defectos.

D. Ignacio Docando Teijeiro, asina a declaración responsable denominada Anexo I, en nome propio e en representación da mercantil AN Motorsport Lugo S.L.U.

Dada conta, ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado éste, constitúese a mesa de contratación - a través de medios electrónicos- sendo as 09 horas e 58 minutos do día 27 de agosto do 2020, baixo a Presidencia de D. José Domingo Rodríguez Ferreira, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada polo Presidente da Mesa, na data do 24 de agosto do 2020.

Polo Presidente da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Apertura e cualificación administrativa correspondente ás propostas presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente EXP027SU20ABO para adxudicar o contrato de suministro de materiais e repostos para o mantemento e reparacións dos vehículos e máquinas do Parque Móvil Provincial de Lugo e Granxa Gaioso Castro.

Apertura criterios avaliábles automaticamente correspondente ás propostas presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente EXP027SU20ABO para adxudicar o contrato de



suministro de materiais e repostos para o mantemento e reparacións dos vehículos e máquinas do Parque Móvil Provincial de Lugo e Granxa Gaioso Castro.

Requirimento de documentación do artigo 150, se procede.

Acto seguido dáse conta aos asistentes, que no procedemento con número de expediente EXP027SU20ABO para adxudicar o contrato de suministro de materiais e repostos para o mantemento e reparacións dos vehículos e máquinas do Parque Móvil Provincial de Lugo e Granxa Gaioso Castro, todos os criterios que figuran no prego e no anuncio de licitación son avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas.

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan en tempo a súa proposta, procede o exame e calificación do sobre electrónico A, documentación administrativa.

Resultando, como xa se dixo, que a documentación presentada polo licitador Recambios Frain, se asina cun certificado non válido, a mesa de contratación interesou ao Adxunto á Xefa de Servizo de Comunicacions e Tics e ao Asesor Técnico do Servizo de Contratación e Fomento, un pronunciamento acerca de se a inclusión desta información no sobre B – neste caso en concreto - se pode considerar causa de exclusión ou non. O primeiro expón que a plataforma de contratación da que o certificado estaba revocado no momento de presentar a oferta, non obstante se se descarga o documento en PDF e se abre co acrobat reader da o documento por válido, a plataforma valide da que o certificado é incorrecto, polo que ao seu xuízo ben podería deberse a que se subise o documento asinado cun certificado válido e se reasinase na plataforma de contratación cun certificado non válido, ou que sendo o certificado válido ao subido previamente asinado poidese dar erro na sinatura. Intervén o Asesor do Servizo de Contratación e Fomento manifestando que a falta de sinatura, tanto se o certificado estaba revocado como se estaba en vigor e o erro se produciu ao subir o documento na plataforma, atendendo a doutrina existente, é un erro que se pode enmendar, citando a modo de exemplo a resolución 819/2019 do TACRC. A mesa de contratación acorda calificar o defecto detectado como subsanable, acordando por unanimidade admitir provisionalmente a proposta presentada, coa condición suspensiva de que se sanee o erro detectado no prazo de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento feito a tal fin, aplicando supletoriamente o disposto no artigo 141 da LCSP.

Polo que se refire á oferta presentada por D. Ignacio Docando Teijeiro en nome propio e en representación da sociedade AN Motorsport Lugo SLU, o Asesor Técnico do Servizo de Contratación e Fomento, baseándose nas Resolucións 2/2007 da Generalitat de Catalunya e nos Informes 32/2005 do 26 de outubro de 2005 e 48/2011 do 1 de marzo de 2012, ambos da Xunta Consultiva de Contratación

administrativa, manifesta que o criterio para determinar o respecto da prohibición de presentación de ofertas simultáneas establecida no artigo 139.3 da LCSP é a existencia de personalidades diferenciadas, de maneira que, en principio, o feito de participar nunha licitación en calidade de representante dunha sociedade e como empresario individual, non é óbice para continuar co procedemento, posto que se trata de persoas xurídicas diferentes, o que non vulnera a prohibición de presentación de proposicións simultáneas; sin perxuízo de que se no exercizo das súas función, en calquera momento, dentro do procedemento de contratación, a mesa de contratación tivera indicios fundados de conductas colusorias, adopte as medias pertinentes para , na medida do posible, confirmar a ausencia de prácticas contrarias á libre competencia.”

Acta da Mesa de Contratación, reunida con data 15 de setembro do 2020, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar dáse conta aos asistentes, que a empresa Recambios Frain S.L., atendeu ao requirimento de subsanación de documentación administrativa, instado pola mesa de contratación na reunión que tivo lugar o día 27 de agosto de 2020. Visto que a empresa presenta o Anexo I, debidamente asinado no prazo outorgado a tales efectos, a mesa de contratación acorda dar por subsanado o erro detectado, admitindo a proposta da empresa Recambios Frain S.L., e proceder á apertura dos sobres electrónicos denominados “sobre B”, dos licitadores concorrentes, cos seguintes resultados:

Lote 1:

O único licitador concorrente – Recambios Frain S.L.- oferta un desconto dun 25% sobre as tarifas oficiais existentes nas ferramentas de uso común dispoñibles no sector da automoción, como son Tecdoc e Gtmotive e unha porcentaxe de baixada sobre o prazo máximo de entrega dun 50%. A efectos de desempate declara que o número de empregados no cadro de persoal da empresa é de 122 persoas, das que unha ten un grao de discapacidade.

Resultando, que a documentación presentada polo licitador RECAMBIOS FRAIN, se asina cun certificado incorrecto, a mesa de contratación acorda opta por seguir o criterio aplicado con ocasión da reunión anterior, e consecuentemente calificar o defecto detectado como subsanable, acordando por unanimidade admitir provisionalmente a proposta presentada, coa condición suspensiva de que se sanee o erro detectado no prazo de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento feito a tal fin, aplicando supletoriamente o disposto no artigo 141 da LCSP.



Polo que se refire ao desconto sobre as tarifas oficiais existentes nas ferramentas de uso común dispoñibles no sector da automoción, a mesa de contratación considera que ao non concretar o licitador a ferramenta que oferta, posto que fai mención aTecdóc e Gtmotive, non se pode cuantificar o desconto ofertado polo licitador; acordando que a proposta presentada só sería admisible no caso de que Tecdóc e Gtmotive utilicen as mesmas tarifas, extremo que a mesa de contratación descoñece e que lle corresponde aclarar ao licitador. A mesa de contratación acorda por unanimidade requirir aclaracións á empresa Recambios Frain S.L., concedendo a tales efectos un prazo de tres días hábiles.

Lote 2:

A empresa Recambios Frain S.L.- oferta un desconto dun 30% sobre as tarifas oficiais que achega e unha porcentaxe de baixada sobre o prazo máximo de entrega dun 50%. A efectos de desempate declara que o número de empregadosno cadro de persoal da empresa é de 122 persoas, das que unha ten un grao de discapacidade.

Resultando, que a documentación presentada polo licitador Recambios Frain, se asina cun certificado incorrecto, a mesa de contratación acorda opta por seguir o criterio aplicado con ocasión da reunión anterior, e consecuentemente calificar o defecto detectado como subsanable, acordando por unanimidade admitir provisionalmente a proposta presentada, coa condición suspensiva de que se sanee o erro detectado no prazo de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento feito a tal fin, aplicando supletoriamente o disposto no artigo 141 da LCSP.

Polo que se refire ás tarifas aportadas, a mesa de contratación tras un somero análise, acorda remitilas ao Parque Móbil, aos efectos de que comproben que nestas se inclúen todos os pneumáticos obxecto da licitación.

O licitador Ignacio Docando Teijeiro, oferta un desconto dun 33,5% sobre as tarifas oficiais que achega e unha porcentaxe de baixada sobre o prazo máximo de entrega dun 10%. A efectos de desempate declara que o número de empregados no cadro de persoal da empresa é de 9 persoas, das que ningunha ten un grao de discapacidade

Polo que se refire ás tarifas aportadas, a mesa de contratación tras un somero análise, acorda remitilas ao Parque Móbil, aos efectos de que comproben que nestas se inclúen todos os pneumáticos obxecto da licitación.

O licitador AN Motorsport Lugo S.L.U., oferta un desconto dun 33,5% sobre as tarifas oficiais que achega e unha porcentaxe de baixada sobre o prazo máximo de entrega dun 10%. A efectos de desempate declara que o número de empregados no cadro de persoal da empresa é de 6 persoas, das que ningunha ten un grao de discapacidade.

Polo que se refire ás tarifas aportadas, a mesa de contratación tras un somero análise, acorda remitalas ao Parque Móbil, aos efectos de que comproben que nestas se inclúen todos os pneumáticos obxecto da licitación.

Lote 3:

A empresa Recambios Frain S.L.- oferta un desconto dun 25% sobre os prezos máximos que se recollen no PPT e unha porcentaxe de baixada sobre o prazo máximo de entrega dun 50%. A efectos de desempate declara que o número de empregados no cadro de persoal da empresa é de 122 persoas, das que unha ten un grao de discapacidade.

Resultando, que a documentación presentada polo licitador Recambios Frain, se asina cun certificado incorrecto, a mesa de contratación acorda opta por seguir o criterio aplicado con ocasión da reunión anterior, e consecuentemente calificar o defecto detectado como subsanable, acordando por unanimidade admitir provisionalmente a proposta presentada, coa condición suspensiva de que se sanee o erro detectado no prazo de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento feito a tal fin, aplicando supletoriamente o disposto no artigo 141 da LCSP.

Lote 4:

A empresa Recambios Frain S.L.- oferta un desconto dun 10% sobre os prezos máximos que se recollen no PPT e unha porcentaxe de baixada sobre o prazo máximo de entrega dun 50%. A efectos de desempate declara que o número de empregados no cadro de persoal da empresa é de 122 persoas, das que unha ten un grao de discapacidade.

Resultando, que a documentación presentada polo licitador Recambios Frain, se asina cun certificado incorrecto, a mesa de contratación acorda opta por seguir o criterio aplicado con ocasión da reunión anterior, e consecuentemente calificar o defecto detectado como subsanable, acordando por unanimidade admitir provisionalmente a proposta presentada, coa condición suspensiva de que se sanee o



erro detectado no prazo de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento feito a tal fin, aplicando supletoriamente o disposto no artigo 141 da LCSP”.

Acta da mesa de contratación, reunida con data 7 de outubro do 2020, na que se recolle o seguinte:

En primeiro lugar dáse conta aos asistentes, que a empresa Recambios Frain S.L., atendeu ao requirimento de subsanación de documentación administrativa, instado pola mesa de contratación na reunión que tivo lugar o día 15 de setembro de 2020. Visto que a empresa presenta o Anexo III para todos os lotes, debidamente asinado no prazo outorgado a tales efectos, a mesa de contratación acorda dar por subsanado o erro detectado, admitindo a proposta da empresa Recambios Frain S.L., e proceder ao estudo do informe do Parque Móvil, relativo ás propostas presentadas polos licitadores concorrentes aos lote 2.

No tocante ao informe técnico do Parque Móvil, con CSV: IV7GWGY5JT7Z367YYBXQME2HIQ, a mesa de contratación considera non se motiva a procedencia ou improcedencia de excluír as propostas presentadas polas empresas Ignacio Docando Teijeiro e AN Motorsport Lugo S.L.U., polo que acorda suspender a mesa de contratación e requirir a este servizo informe complementario ao emitido o 01 de outubro de 2020.

Acta da mesa de contratación, reunida en con data 29 de outubro do 2020, na que se recolle o seguinte:

En primeiro lugar dáse conta aos asistentes, do informe técnico do Parque Móvil relativo ao lote 2 do contrato de subministración de materiais e repostos para o mantemento e reparacións dos vehículos e máquinas do Parque Móvil Provincial de Lugo e Granxa Gayoso Castro, do seguinte tenor literal:

“En relación co expediente EXP027SU20ABO, polo que se propón a contratación para o suministro de Materiais e repostos para o Parque Móvil, recibidas e comprobadas as tres ofertas presentadas para o Lote 2 (Pneumáticos para todos os vehículos e máquinas), dende este Servizo do Parque Móvil se informa que o licitador AN Motorsport Lugo S.L.U. non inclúe a totalidade dos pneumáticos obxecto da licitación, concretamente non inclúe ningunha das medias habituais dos vehículos (225/55R18 98H, 225/55 R17, 205/70R15, etc...).

Polo tanto e facendo referencia ao prego de prescricións técnicas, nas condicións da oferta para o lote 2 (páxina 7), este licitador, AN Motorsport Lugo, S.L.U., quedaría excluído, dado que se especifica claramente que “as ofertas expresaranse en % de desconto no subministro de pneumáticos para todos os

vehículos e máquinas, sobre o prezo de tarifa oficial que acompañarán a súa oferta”.

Doutra banda, as oferta presentadas por Recambios Frain S.L. e Ignacio Docando Teijeiro Inclúen todos os pneumáticos, tanto para turismos, como para camións, maquinaria de obras públicas e maquinaria agrícola.

Hai que ter en conta o Informe deste Servizo de data 1 de outubro, donde por erro se informou que o licitador Ignacio Docando Teijeiro non incluía a totalidade dos pneumáticos. O motivo de dito erro foi debido á extensa oferta presentada, así como a dificultade para ordenar e comprobar prezos e medidas nas diferentes follas, resultando complicado identificar cada prezo á medida e a marca correspondiente sen contar cos medios informáticos apropiados, polo que, a pesar de que nun primeiro momento se informou no sentido xa dito, de que a oferta de Ignacio Docando Teijeiro non estaba completa, despois da exhaustiva revisión da mesma, se deduce claramente que o licitador presenta a totalidade dos pneumáticos, o que é fácilmente comprobable, (tanto a integridade como o contenido) descargando o expediente, polo que non se require interpretación.”

A mesa de contratación acorda aceptar e facer seu o informe técnico, e consecuentemente procédese á aplicación das fórmulas matemáticas contidas no cadro resumo do prego de cláusulas administrativas, para os licitadores admitidos, cos seguintes resultados:

LICITADORES	DESCONTO PREZO OFERTADO	DESCONTO PRAZO OFERTADO	NOTA OFERTA ECONOMICA	NOTA DESCONTO PRAZO	NOTA TOTAL
IGNACIO DOCANDO TEJEIRO	33,50%	10	95,00	3	97,78
RECAMBIOS FRAIN S.L.	30,00%	50	85,07	5	90,07

Á vista dos resultados numéricos da aplicación dos criterios de valoración, a mesa de contratación, acorda, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Excluír a oferta presentada pola empresa AN Motorsport Lugo S.L.U., para o lote 2, por non presentar oferta económica para todos os neumáticos obxecto da licitación, segundo se recolle no informe técnico con CSV: IV7GSMK4ZX735FP2RQW4CUBTMQ.

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Lote 1: Pezas e repostos, aceites, graxas e aditivos para vehículos lixeiros, turismos, vehículos



pesados, camiões e furgonetas, maquinaria pesada, máquinas de obras públicas e semiremolques, tractores, maquinaria agrícola e maquinaria de xardinería para o Parque Móbil e a Granxa Gaioso Castro.

Nº ORDE	LICITADORES	NOTA TOTAL
1	RECAMBIOS FRAIN S.L.	100 PUNTOS

Lote 2: Pneumáticos para todos os vehículos e máquinas do Parque Móbil e a Granxa Gaioso Castro.

Nº ORDE	LICITADORES	NOTA TOTAL
1	IGNACIO DOCANDO TEJEIRO	97,78 PUNTOS
2	RECAMBIOS FRAIN S.L.	90,07 PUNTOS

Lote 3: Ferramenta e materiais de desgaste para o taller do Parque Móbil, así como ferramentas para que os peóns poidan realizar o seu traballo.

Nº ORDE	LICITADORES	NOTA TOTAL
1	RECAMBIOS FRAIN S.L.	100 PUNTOS

Lote 4: Material de limpeza para os vehículos e máquinas do Parque Móbil e da Granxa Gayoso Castro.

Nº ORDE	LICITADORES	NOTA TOTAL
1	RECAMBIOS FRAIN S.L.	100 PUNTOS

Requirir á empresa Ignacio Docando Teijeiro, para o lote 2 e á empresa Recambios Frain S.L. para os lotes 1,3 e 4, co obxecto de que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten de conformidade co artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e coa cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Proposta da mesa de contratación é aprobada mediante Resolución da Presidencia o día 05 de novembro de 2020 (CSV: IV7G4HZJLJBZXPES4XYCMAJTCQ).

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 10 de novembro de 2020.

Acredítase no expediente presentación de documentación administrativa por parte da empresa Recambios Frain S.L. e Ignacio Docando Teijeiro, ambas o día 24 de novembro de 2020, dentro do prazo concedido a tales efectos.

Acta da mesa de contratación, do día 26 de novembro do 2020, na que se recolle o seguinte:

“Reunida a Mesa o día de hoxe, en primeiro lugar, procedeuse ao exame da documentación presentada cos seguintes resultados:

Lotes 1,3 E 4: Recambios Frain S.L.

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

O licitador presenta fotocopia do CIF da empresa e fotocopia do DNI do representante, D. Francisco Dorado Vizcaino.

Achega escritura de constitución outorgada o día 21 de xaneiro de 1992, ante o Notario do Ilustre Colexio de A Coruña, D. Gervasio-Dositeo Fernández López, número 175 de protocolo, na que figura como obxecto social o comercio maior e menor de toda clase de accesorios e pezas de recambios para toda clase de vehículos, incluso maquinaria agrícola e industrial, así como o comercio maior e menor de aceites e lubricantes, suficiente para executar o obxecto do contrato.

Non é preciso bastanteo de poder, posto que o asinante da proposición ten a condición de administrador solidario da empresa e dito extremo é comprobable coa escritura outorgada o día 23 de novembro de 2017, ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, Dona Montserrat Trigo Mayor, número.

Consta recibo de pagamento do IAE, epígrafe 615.1 - Com. May. Vehiculos y sus Accesorios e Achega acreditación do de pagamento do último recibo do referido epígrafe do IAE do día 18 de decembro de 2019. Acompaña certificado de estar dado de alta en números epígrafes do IAE, entre os que se atopa o correspondente ao obxecto do contrato, acompañado de declaración de non ter causado baixa na matrícula do imposto.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria o día 29 de outubro de 2020.



Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación expedida por este servizo ao expediente.

Envía certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 20 de novembro de 2020.

Consta declaración responsable do día 24 de novembro de 2020 de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Achega resgardo acreditativo da garantía definitiva, constituída en metálico. Incorporárase ao expediente carta de pagamento da Tesourería da Deputación de Lugo.

No relativo aos documentos acreditativos da solvencia económica e financeira, achega fotocopia das contas anuais, depositadas no rexistro mercantil de Lugo, na que se recolle unha cifra de negocio para a anualidade 2018 e 2019 superior ao umbral mínimo esixido nos PCAP.

LOTES	MÍNIMO
Lote 1 : Pezas e repostos, aceites, graxas e aditivos para vehículos lixeiros, turismos, vehículos pesados, camións e furgonetas, maquinaria pesada, máquinas de obras públicas e semiremolques, tractores, maquinaria agrícola e maquinaria de xardinería para o Parque Móbil e a Granxa Gaioso Castro.	85.537,19 €
Lote 3: Ferramenta e materiais de desgaste para o taller do Parque Móbil, así como ferramentas para que os peóns poidan realizar o seu traballo.	3.719,01 €
Lote 4: Material de limpeza para os vehículos e máquinas do Parque Móbil e da Granxa Gayoso Castro.	8.057,85 €

Debe achegar contas anuais que permitan a súa verificación.

No tocante á solvencia técnica achega relación das principais subministracións realizadas de igual ou similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato por importe superior ao umbral mínimo esixido no PCAP, Non acompaña certificados de boa execución. Achega por correo electrónico o día 26 de novembro certificado de boa execución nembargantes considérase que dito certificado non é válido posto que non se pode constatar se os traballos realizados son de igual ou similar natureza ás que constitúen o obxecto do contrato e non se recollen os importes

LOTES	MÍNIMO
Lote 1 : Pezas e repostos, aceites, graxas e aditivos para vehículos lixeiros, turismos, vehículos pesados, camións e furgonetas, maquinaria pesada, máquinas de obras públicas e semiremolques, tractores, maquinaria agrícola e maquinaria de xardinería para o Parque Móbil e a Granxa Gaioso Castro.	39.917,36 €
Lote 3: Ferramenta e materiais de desgaste para o taller do Parque Móbil, así como ferramentas para que os peóns poidan realizar o seu traballo.	1.735,54 €
Lote 4: Material de limpeza para os vehículos e máquinas do Parque Móbil e da Granxa Gayoso Castro.	3.760,33 €

Non achega documento que conteña interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo non obstante a

mesa de contratación considera suficiente o Anexo I, no que se recolle como persoa de contacto ao administrador solidario da empresa (...).

Achega por correo electrónico o día 25 de novembro de 2011, acreditación de que dispón dun local comercial para a recollida dos subministros que non diste mais de unha hora dende calquera punto da provincia (aporta escritura de compra venda do local) e que dispón dun vehículo lixeiro destinado o subministro de materiais ao Parque Móbil (achega documentación do vehículo) e un teléfono de contacto desde as 8 da mañá ata as 19 horas, para a recepción de pedidos ou calquera aclaración sobre os mesmos (achega declaración responsable indicando o número). O correo electrónico remitido no está dentro do prazo concedido a efectos de aportación de documentación, non obstante, e posto que aínda non se concedeu o preceptivo trámite de subsanación, considérase válida.

Lote 2: Ignacio Docando Teijeiro

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

O licitador presenta fotocopia do CIF de D. Ignacio Docando Teijeiro.

Consta certificado de situación de alta no censo de actividades económicas da AEAT, no epígrafe 654.2 com. Menor accesorios y recambios de vehículos, datado o día 17 de febreiro de 2020.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria o día 19 de novembro de 2020.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación expedida por este servizo ao expediente.

Non envía certificación administrativa que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social. Achega solicitude de aprazamento do pagamento da débeda que consta no certificado da Seguridade Social, non obstante non achega a concesión do aprazamento solicitado.

Consta declaración responsable do día 19 de novembro de 2020 de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.



Achega resguardo acreditativo da garantía definitiva, constituída en metálico. Incorporase ao expediente carta de pagamento da Tesourería da Deputación de Lugo.

No relativo aos documentos acreditativos da solvencia económica e financeira, achega libro diario acompañado de certificado de legalización do mesmo. Consta resultado do exercicio superior ao mínimo esixido no PCAP (21.074,38 €).

No tocante á solvencia técnica achega certificado de boa execución por importe superior ao mínimo esixido no PCAP (9.834,71 €); considérase que dito certificado non é válido posto que non se pode constatar se os traballos realizados son de igual ou similar natureza ás que constitúen o obxecto do contrato. Polo que se refire á relación das principais subministracións realizadas, non achega a relación como tal, se ben dita relación pódese deducir fácilmente do libro diario que achega.

Acredita que dispón dun local comercial para a recollida dos subministros que non diste mais de unha hora dende calquera punto da provincia. A tales efectos achega contrato de aluguer da nave e coordenadas de situación.

Acredita que dispón dun vehículo lixeiro destinado o subministro de materiais ao Parque Móbil, acredita dita circunstancia achegando a documentación do mesmo, declara que dispón dun teléfono de contacto desde as 8 da mañá ata as 19 horas, para a recepción de pedidos ou calquera aclaración sobre os mesmos, especifica o número de teléfono.

Tal e como recolle a cláusula 17 do PCAP, se o licitador presentara a documentación descrita nos apartados anteriores con defectos emendables, como é o caso, se concederá un prazo de tres días hábiles, co obxecto de que se proceda a súa emenda. Se o licitador non emenda ou se o fai fora de prazo, nestes casos entenderase que retirou a súa oferta, procedéndose a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas. Neste suposto a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva dun 3% do orzamento base de licitación (IVE excluído) sen prexuízo de aplicar o establecido no art. 71.2 letra a) sobre eventuais causas de prohibición para contratar. Se a documentación presentada se axusta ao requirido o Órgano de contratación procederá á adxudicación.

A mesa de contratación, vista a documentación acorda:

Requirir á empresa Recambios Frain S.L. para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que se remita o requirimento, presente a seguinte documentación:

Debe achegar cando menos un certificado de boa execución por importe de 39.917,36 € para o lote 1, 1.735,54 € para o lote 3 e 3.760,33 € para o lote 4; posto que no certificado achegado non se pode constatar se os traballos realizados son de igual ou similar natureza ás que constitúen o obxecto do contrato e non se recollen os importes.

Achega fotocopia de contas anuais que non permiten a súa verificación, debe achegar contas anuais que permitan constatar que se corresponden coas orixinais depositadas no rexistro mercantil.

Requirir a Ignacio Docando Teijeiro para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que se remita o requirimento, presente a seguinte documentación:

Certificación administrativa que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

No tocante á solvencia técnica achega certificado de boa execución por importe superior ao mínimo esixido no PCAP (9.834,71 €); nembargantes considérase que dito certificado non é válido posto que non se pode constatar se os traballos realizados son de igual ou similar natureza ás que constitúen o obxecto do contrato. Debe achegar cando menos un certificado que permita acreditar tal circunstancia.”

Reunida a mesa de contratación na data de hoxe constátase o seguinte:

A empresa Recambios Frain S.L. presenta as contas anuais do exercizo 2017, 2018 e 2019 debidamente depositadas no Rexistro Mercantil de Lugo; no tocante á solvencia técnica, achega entre outra documentación, certificados de boa execución da empresa AN Motorsport Lugo S.L., suficiente para acreditar a solvencia mínima esixida no PCAP para o lote 1. Certificado de Talleres La Campiña S.L. e Tecnicas en Instalaciones Renovables S.L., suficiente para acreditar a solvencia técnica esixida no PCAP para o lote 3. Para o lote 4 non achega certificado de boa execución, non obstante dado que o PCAP non se esixe a acreditación da solvencia técnica de forma independente para cada lote e que constan acreditado no expediente, aínda que non o recolla expresamente o certificado, que entre as subministracións realizadas a AN Motorsport Lugo S.L. se atopan produtos tales como limpadores de frenos, pódese considerar subsumida a solvencia técnica do lote 4 no certificado presentado para o lote 1.

A empresa Ignacio Docando Teijeiro, presenta certificado de boa execución da empresa T.A. Isidro Hnos Blanco Trigo S.L., por importe superior ao mínimo esixido no PCAP, no que se pode constatar que os



traballos realizados son de igual ou similar natureza ós que constitúen o obxecto do contrato, achega certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social o día 26 de novembro de 2020.

Á vista da documentación aportada, a mesa de contratación acorda dar por subsanados os defectos detectados na documentación presentada, e consecuentemente propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a Ignacio Docando Teijeiro o lote 2 do contrato de subministración de materiais e repostos para o mantemento e reparacións dos vehículos e máquinas do Parque Móbil Provincial de Lugo e Granxa Gayoso Castro. EXP027SU20ABO, por importe de 17.000 euros (IVE incluído). A empresa oferta un desconto dun 33,50 % sobre as tarifas oficiais que achega, e un prazo máximo de entrega de 12 horas.

2º.- Adxudicar á empresa Recambios Frain S.L. os lotes 1,3 e 4 do contrato de subministración de materiais e repostos para o mantemento e reparacións dos vehículos e máquinas do Parque Móbil Provincial de Lugo e Granxa Gayoso Castro. EXP027SU20ABO, polos seguintes importes:

Lote 1: 69.000 euros (IVE incluído). A empresa oferta un desconto dun 25% sobre as tarifas oficiais e un prazo máximo de entrega de 12 horas.

Lote 3: 3.000 euros (IVE incluído). A empresa oferta un desconto dun 25% sobre as tarifas oficiais e un prazo máximo de entrega de 12 horas.

Lote 4: 6.500 euros (IVE incluído) A empresa oferta un desconto dun 10% sobre as tarifas oficiais e un prazo máximo de entrega de 12 horas.”*

*Segundo informe con CSV: IV7GG3HPJYVZZ2VTQN7D5YDDKU, o punto segundo da referida acta, debe ter o seguinte teor literal, segundo se desprenderá dos termos da presente:

“2º.- Adxudicar á empresa Recambios Frain S.L. os lotes 1,3 e 4 do contrato de subministración de materiais e repostos para o mantemento e reparacións dos vehículos e máquinas do Parque Móbil Provincial de Lugo e Granxa Gayoso Castro. EXP027SU20ABO, polos seguintes importes:

Lote 1: 69.000 euros (IVE incluído). A empresa oferta un desconto dun 25% sobre as tarifas oficiais e un prazo máximo de entrega de 12 horas.

Lote 3: 3.000 euros (IVE incluído). A empresa oferta un desconto dun 25% sobre sobre os prezos máximos que figuran nos pregos e un prazo máximo de entrega de 12 horas. O resto de ferramentas e material de desgaste non relacionado % de desconto sobre o prezo de tarifa.

Lote 4: 6.500 euros (IVE incluído) A empresa oferta un desconto dun 10% sobre os prezos máximos que figuran nos pregos e un prazo máximo de entrega de 12 horas”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar o contrato de subministración de materiais e repostos para o mantemento e reparacións dos vehículos e máquinas do Parque Móbil Provincial de Lugo e Granxa Gayoso Castro, atendendo ao seguinte detalle:

Lote 1: Pezas e repostos, aceites, graxas e aditivos para vehículos lixeiros, turismos, vehículos pesados, camiões e furgonetas, maquinaria pesada, máquinas de obras públicas e semiremolques, tractores, maquinaria agrícola e maquinaria de xardinería para o Parque Móbil e a Granxa Gaioso Castro.

Adxudicatario: Recambios Frain S.L.

Prezo: 69.000 euros (IVE incluído). A empresa oferta un desconto dun 25% sobre as tarifas oficiais e un prazo máximo de entrega de 12 horas

Lote 2: Pneumáticos para todos os vehículos e máquinas do Parque Móbil e a Granxa Gaioso Castro.

Adxudicatario: Ignacio Docando Teijeiro

Prezo: 17.000 euros (IVE incluído). A empresa oferta un desconto dun 33,50 % sobre as tarifas oficiais que achega, e un prazo máximo de entrega de 12 horas.

Lote 3: Ferramenta e materiais de desgaste para o taller do Parque Móbil, así como ferramentas para que os peóns poidan realizar o seu traballo

Adxudicatario: Recambios Frain S.L.

Prezo: 3.000 euros (IVE incluído). A empresa oferta un desconto dun 25% sobre os prezos máximos que figuran nos pregos e un prazo máximo de entrega de 12 horas. O resto de ferramentas e material de desgaste non relacionado % de desconto sobre o prezo de tarifa.

Lote 4: Material de limpeza para os vehículos e máquinas do Parque Móbil e da Granxa Gayoso Castro.

Adxudicatario: Recambios Frain S.L.



Prezo: 6.500 euros (IVE incluído) A empresa oferta un desconto dun 10% sobre os prezos máximos que figuran nos pregos e un prazo máximo de entrega de 12 horas.

Por tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, non se iniciará a súa execución no ano 2020. A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

O gasto financiarase con cargo á anualidade 2021, para a anualidade 2021 figura crédito dispoñible suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo Pleno o 30 de novembro de 2020.

O contrato terá unha duración dun ano, prorrogable anualmente, sen que a duración total (incluídas as prórrogas) poisa superar o límite máximo de tres anos.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (ou www.contrataciondelestado.es), no Diario Oficial da Unión Europea, e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Modificación proxectos investimentos Plan Único 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Mondoñedo no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2020. Non obstante este prazo poderá ser prorrogado por unha única vez, mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude do Concello, na que especificará e xustificará os motivos e indicará o prazo solicitado, que non poderá superar o 30 de xuño de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/07/2020, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONDOÑEDO	135	REPARACIÓN E MELLORA DE VIAIS EN SEIVANE, ESTELO, ZOÑAN, PUMARIÑO E COMBARRO, INCLUÍDO HONORARIOS	12.064,70€	80.327,91€	92.392,61€

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, das actuacións que se indica.

A Alcaldía do Concello de Mondoñedo a través de escrito de data 18/12/2020 solicita:

A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2020, concretamente o investimento nº 135, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... necesidade de ensanchar un dos accesos ...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada.

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONDOÑEDO	135	PROXECTO MODIFICADO REPARACIÓN E MELLORA DE VIAIS EN SEIVANE, ESTELO, ZOÑAN, PUMARIÑO E COMBARRO, INCLUÍDO HONORARIOS	12.064,70€	80.327,91€	92.392,61€

A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso



de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

Consta no expediente a documentación requirida nas bases e non supón incremento orzamentario.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases (base 17) do Plan Único 2020, é a Xunta de Goberno.

Conclusión.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de Mondoñedo que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2020.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Mondoñedo, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2020 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONDOÑEDO	135	PROXECTO MODIFICADO REPARACIÓN E MELLORA DE VIAIS EN SEIVANE, ESTELO, ZOÑAN, PUMARIÑO E COMBARRO, INCLÚIDO HONORARIOS	12.064,70€	80.327,91€	92.392,61€

2º.- Someter esta modificación do Plan único 2019 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- Corrección erro prórroga adxudicación investimentos Plan Único 2020.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento relativo a corrección do erro producido na proposta e acordo da Xunta de Goberno de data 04/12/2020 en relación co escrito das Alcaldías de varios Concellos solicitando prorroga para o prazo de adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que entre outros contén o seguinte:

“Visto o expediente relativo a concesión de prórrogas para o prazo de adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. infórmase o seguinte:

Polo Servizo de Contratación, en data 02/12/2020, emitiuse informe en relación co escrito das Alcaldías de varios concellos solicitando prorroga para o prazo de adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, con CSV: IV7GZWIPH75TZP6MQZ5HK5Q6AE, que serviu de base para o acordo da Xunta de Goberno de data 04/12/2020, no que entre outros se recollía:



“(…)

A Alcaldía do Concello de Ribadeo, a través de escrito de data 17/11/2020 e 27/11/2020 respectivamente, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “...retraso nas autorizacións sectoriais solicitadas e falta de persoal no proceso de licitación...”, ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
RIBADEO	250	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS EN COVELAS, CEDOFEITA, COUXELA, E NA DEVESA E MELLORA DO AFIRMADO CON ZAHORRA ARTIFICIAL EN VARIAS PISTAS DE REMOURELLE (ARANTE)	31/12/2020
	252	SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN ENTRE O VALADO E O CAMPO DE SAN LOURENZO (VILAFRAMIL) E SEGUNDA FASE DO SANEAMENTO DE CINXE (A DEVESA)	30/06/2021

(...)”

Revisase o expediente, a instancias do Concello de Ribadeo, no que manifesta que se produciu un erro ao non figurar na parte conclusiva o investimento 250, cando si figura no corpo da proposta, e foi informado favorablemente.

No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ao igual que o derogado artigo 105.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común), dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

En canto ao alcance do concepto de erro material, pódese traer a colación o afirmado polo Tribunal Supremo en sentenza do 1 de decembro de 2011 (recurso 2/2011), que se remite á doutrina do Tribunal Constitucional (sentenzas 218/1999, do 29 de novembro, e 69/200, do 13 de Marzo) e do Tribunal Supremo (sentenzas da Sala Terceira do 19 de setembro de 2004 (recurso 4174/2000), 4 de febreiro de 2008 (recurso 2160/2003) e 16 de febreiro do 2009 (recurso 609272005), que afirma o seguinte: “los simples errores materiales, de hecho o aritméticos son aquellos cuya corrección no implica un juicio valorativo, ni exige operaciones de calificación jurídica, por evidenciarse el error directamente, al deducirse con plena certeza del propio texto de la resolución, sin necesidad de hipótesis o deducciones.

Tales errores materiales aluden, por consiguiente, a meras equivocaciones elementales, que se aprecian de forma clara, patente, manifiesta y ostensible, evidenciándose por sí solos, sin que sea preciso acudir a ulteriores razonamientos, ni a operaciones valorativas o aclaratorias sobre normas jurídicas, ya que afectan a un determinado suceso de manera independiente de toda opinión, criterio o calificación, al margen, pues, de cualquier interpretación jurídica y de toda apreciación hermenéutica valorativa"

A maior abastanza pódese citar tamén algún pronunciamento do Consello de Estado, que en dictamen núm. 43.184 de 11 de xuño de 1981, sostivo que “Cuando la Ley de Procedimiento Administrativo dispone que en cualquier momento podrá la Administración rectificar los errores materiales o de hecho y los aritméticos, se está refiriendo a los que la doctrina, desde Savigny, denomina “errores obstativos”, que se producen siempre que una declaración de voluntad no coincide con el sentido exacto de la voluntad misma que se quiso expresar. Son errores de expresión, equivocaciones gramaticales o de cálculo, tales como el lapsus, la errata, el nombre equivocado, la omisión involuntaria, el error en la suma de cantidades, etc. Únicamente este tipo de errores y no los que vienen de la voluntad (in re, in persona, in causa) son los que pueden rectificarse en cualquier momento. Porque no se trata de anular ningún acto o resolución, sino de reconducirlo a los propios términos en que debió ser pronunciado”.

Argumentos todos eles, coherentes coa corrección que se pretende realizar, co obxecto de reconducir o contido do informe, proposta e acordo da Xunta de Goberno, nos termos nos que debeu ser pronunciado, posto que é evidente e resulta do expediente que se trata dun erro ao momento de aplicar os coeficientes de adxudicación.

A vista do anterior, Informase favorablemente a corrección do erro na data de prórroga para a adxudicación dos investimentos incluídos no plan único 2020, do xeito que,

onde se indica:

“

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
RIBADEO	252	SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN ENTRE O VALADO E O CAMPO DE SAN LOURENZO (VILAFRAMIL) E SEGUNDA FASE DO SANEAMENTO DE CINXE (A DEVESA)	30/06/2021

debería dicirse:

“

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
RIBADEO	250	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS EN COVELAS, CEDOFEITA, COUXELA, E NA DEVESA E MELLORA DO AFIRMADO CON ZAHORRA ARTIFICIAL EN VARIAS PISTAS DE REMOURELLE (ARANTE)	31/12/2020
	252	SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN ENTRE O VALADO E O CAMPO DE SAN LOURENZO (VILAFRAMIL) E SEGUNDA FASE DO SANEAMENTO DE CINXE (A DEVESA)	30/06/2021

”



Polo anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación a corrección de erro referenciada, de tal xeito que:

onde se indica:

“

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
RIBADEO	252	SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN ENTRE O VALADO E O CAMPO DE SAN LOURENZO (VILAFRAMIL) E SEGUNDA FASE DO SANEAMENTO DE CINXE (A DEVESA)	30/06/2021

debería dicirse:

“

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
RIBADEO	250	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS EN COVELAS, CEDOFEITA, COUXELA, E NA DEVESA E MELLORA DO AFIRMADO CON ZAHORRA ARTIFICIAL EN VARIAS PISTAS DE REMOURELLE (ARANTE)	31/12/2020
	252	SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN ENTRE O VALADO E O CAMPO DE SAN LOURENZO (VILAFRAMIL) E SEGUNDA FASE DO SANEAMENTO DE CINXE (A DEVESA)	30/06/2021

”

2º.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN CON EXPEDIENTES DE PERSOAL.

Primeiro.- *Corrección de erro material no acordo da Xunta de Goberno de 27 novembro 2020, relativa ao nomeamento para ocupar unha praza de Deseñador/a Infografista.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno de data 27 de novembro de 2020, acordou resolver o procedemento selectivo para prover unha praza de deseñador infografista do cadro de persoal funcionario desta Deputación de Lugo, reservada a promoción interna vertical (BOP nº 286, de 14 de decembro de 2020).

Producíndose erro material, na denominación do posto de traballo, considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: “As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito o aritméticos, existentes nos seus actos”, propónse a Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:

1º.- Onde di:

“(…) D^a. Ana María López López, para ocupar (...) o posto de traballo denominado Responsable Coordinador “III” Deseño e Comunicación Gráfica co número 1431”

2º.- Debe dicir:

“(…) D^a. Ana María López López, para ocupar (...) o posto de traballo denominado Responsable Coordinador “II” Deseño e Comunicación Gráfica co número 1431”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de xubilación forzosa, por cumprimento da idade legal establecida, dun Técnico Información e Comunicación do Cadro de Persoal Funcionario.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Juan Carlos Fernández Pulpeiro, Técnico de Información e Comunicación do Cadro de Persoal Funcionario da Deputación Provincial de Lugo que ocupa o posto de Xefe Servizo IV Protocolo e Relacións Institucionais, cumpre 65 anos o día 3 de xaneiro de 2021

Tendo en conta que D. Juan Carlos Fernández Pulpeiro terá recoñecidos 39 anos, 3 meses e 21 días de servizos prestados o día 3 de xaneiro de 2021, data previsible de xubilación forzosa e que se acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 3 meses e que o citado funcionario non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando que o artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:



“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xu bilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevea as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos

[...].”.

Á vista do sinalado e tendo presente que D. Juan Carlos Fernández Pulpeiro terá acreditado, á data do 3 de xaneiro de 2021, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo.

Por todo elo, propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do funcionario provincial, D. Juan Carlos Fernández Pulpeiro, con efectividade do día 3 de xaneiro de 2021, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de xubilación forzosa, por cumprimento da idade legal establecida, dun Enxeñeiro Técnico Topógrafo do Cadro de Persoal Funcionario.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Eugenio José Niño Fernández, Enxeñeiro Técnico Topógrafo do Cadro de Persoal Funcionario da Deputación Provincial de Lugo que ocupa o posto de Xefe Sección Topografía, Cartografía e Delineación, cumpre 65 anos o día 11 de xaneiro de 2021

Tendo en conta que D. Eugenio José Niño Fernández terá recoñecidos 39 anos, 8 meses e 26 días de servizos prestados o día 11 de xaneiro de 2021, data previsible de xubilación forzosa e que se acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 3 meses e que o citado funcionario non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando que o artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.



b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

O artigo 67 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.

b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que preveña as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente reductor por razón da idade.”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos

[...].”.

Á vista do sinalado e tendo presente que D. Eugenio José Niñe Fernández terá acreditado, á data do 11 de xaneiro de 2021, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo.

Por todo elo, propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do funcionario provincial, D. Eugenio José Niñe Fernández, con efectividade do día 11 de xaneiro de 2021, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta de prolongación do servizo activo do Xefe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos da Deputación Provincial de Lugo.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que en data 23 de decembro de 2020, a Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Dona Pilar García Porto, formulou Informe- Proposta, dirixido á Presidencia desta Entidade, no que expón:

“O vindeiro 31 de decembro cúmprese a data en que remata o período de prolongación na permanencia no servizo activo do xefe do Servizo de Recursos Humanos, Manuel García Mel. Esta prolongación foi adoptada por acordo da Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020, fundamentando tal decisión “pola necesidade de acometer ademais das tarefas habituais de administración e xestión ordinaria, un conxunto de tarefas específicas que afectan a aspectos esenciais do servizo.”

Desas tarefas realizáronse unha boa parte: Adecuación do Cadro de Persoal que se aprobou xunto co orzamento para o ano 2021, elaboración e aprobación e publicación da Oferta de Emprego Público correspondente ó ano 2020, homologación de postos do Servizo de Audiovisuais a RPT e a plena aplicación do Convenio Colectivo Único para persoal temporal desta Deputación a ese colectivo, tramitación de parte



dos procesos selectivos de persoal temporal para atender ás necesidades urxentes e inaprazables e estase a concluír a tramitación de expedientes de avaliación do desempeño, convocatoria anual de axudas por estudos, gardería, vivenda.

Avanzouse noutras: desenvolvemento dos procesos de consolidación de emprego temporal e promoción interna, incluídos nas OEPs 2017, rematar os procesos de progresión na carreira horizontal, con carácter definitivo a nivel experto, e mantívose a asistencia e colaboración cos concellos na información e asistencia xurídica e técnica, establecéndose un servizo “on line” de asistencia, atendendo a todos as demandas de colaboración nos procesos selectivos e estando en fase moi avanzada a elaboracións das Relacións de postos de traballo dos concellos de Alfoz (rematada), Lourenzá (pendente de revisión no concello), Mancomunidade de Municipios da Terra Cha (pendente de revisión na Mancomunidade) e Trabada. Tamén se participou e colaborou co Servizo de Prevención nas medidas a adoptar para a prevención e protección fronte a Covid 19.

Non obstante o sinalado están previstas outras actividades no servizo que, en tanto este non se reforsen fan necesaria a participación de todos os efectivos existentes, fundamentalmente para:

Planificar os procesos selectivos que se derivan das Ofertas de Emprego Público pendentes de executar.

Elaboración, aprobación e publicación da Oferta de Emprego Público correspondente ó ano 2021.

Incorporación do persoal necesario para atender as necesidades dos servizos e concluír os procesos de selección temporal para listaxes necesarias en función das demandas dos distintos servizos.

Estudo da adecuación da RPT en función das novas necesidades dos servizos.

Elaboración e criterios que regulen o traballo non presencial, en concreto, o tele-traballo, que puidera autorizarse ós empregados da Deputación.

Á vista das tarefas antes referidas, tendo en conta que non se repuxeron as baixas definitivas de persoal nos dous últimos anos no Servizo; tendo en conta que os procesos de substitución necesitan dun tempo de adaptación e de adquisición de experiencia; tendo en conta tamén que persisten as peculiares circunstancias socio-sanitarias do ano en curso, considero necesario que permaneza no servizo activo o funcionario que ocupa o posto de Xefe de Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos, ata o 13

de xullo de 2021, día no que se completa o segundo ano de prolongación de permanencia no servizo activo dende a data na que tiña dereito á xubilación ordinaria polo Réxime Xeral de Seguridade Social; co obxectivo de que participe nas actividades e tarefas antes mencionadas.

En consecuencia, formulo esta proposta ante a Presidencia da Deputación e de ser este conforme coa mesma, previa aceptación do interesado, se leven acabo os trámites necesarios para que se adopte acordo de permanencia no servizo activo do funcionario que desempeña a xefatura de servizo, ata o sinalado día 13 de xullo de 2021”.

A dita proposta de prolongación da permanencia no servizo activo contén a conformidade expresa do funcionario afectado, D. Manuel García Mel, funcionario de carreira do cadro de persoal da Deputación Provincial de Lugo e Xefe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos.

Consideracións xurídicas e técnicas.

Tendo en conta o Acordo da Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, de 14 de novembro do 2013, en materia de xubilación:

Xubilación do Persoal Funcionario e Laboral

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións lexislativas producidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización



de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

a) Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.

b) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.

c) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerese, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.

2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOG nº 82, de 4 de maio do 2015).

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar, entre outros, os seguintes aspectos relevantes:

A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Á vista de que, polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, o funcionario solicitante desempeña un papel moi importante dentro da Entidade, na súa condición de funcionario titular do posto de Xefe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos, realizando funcións básicas e imprescindibles para o funcionamento da Área da Deputación Provincial de Lugo na que este servizo se encadra.

Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada.

Tendo en conta que existe conformidade expresa do funcionario afectado de prolongar a súa permanencia no servizo activo; e en consideración que no que fai referencia a resultados da avaliación do seu desempeño correspondente aos últimos períodos avaliados (nos tres últimos períodos de avaliación correspondentes aos exercicios 2017, 2018 e 2019) ten acadado unha valoración de Moi Excepcional; e que, segundo informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza, o citado funcionario asiste regularmente ao seu posto de traballo, constatándose unha dedicación horaria superior; sen que exista constancia de absentismo inxustificado no seu expediente persoal.

Á vista de canto antecede, considerando que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a proposta, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo de prolongar a permanencia no servizo activo de D. Manuel García Mel, funcionario de carreira da Deputación Provincial de Lugo e titular do posto de Xefe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos, ata o 13 de xullo de 2021, día no que se completa o segundo ano de prolongación de permanencia no servizo activo dende a data na que tiña dereito á xubilación ordinaria polo Réxime Xeral de Seguridade Social; na que se agarda ter paliado as necesidades que motivan a decisión.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Proposta Prolongación do servizo activo dun Funcionario de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional e Xefe do Servizo de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica aos Concellos.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que o pasado 16 de decembro de 2020, o Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, D. Xosé María Fernández Arias, formulou Informe- Proposta, dirixido á Presidencia desta Entidade, no que expón:

“Exposición de motivos

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe como competencias propias das Deputacións, novidades moi importantes, no que fai referencia a asistencia e cooperación cos concellos.

Así, o artigo 36, establece:

“Artículo 36.

1. Son competencias propias de la Diputación o entidad equivalente las que le atribuyan en este concepto las leyes del Estado y de las Comunidades Autónomas en los diferentes sectores de la acción pública y, en todo caso, las siguientes:

(...)

b) La asistencia y cooperación jurídica, económica y técnica a los Municipios, especialmente los de menor capacidad económica y de gestión. En todo caso garantizará en los municipios de menos de 1.000 habitantes la prestación de los servicios de secretaría e intervención. A obriga de prestación dos servizos de secretaría-intervención nos municipios de menos de 1000, implica contar con habilitados nacionais que poidan prestalos, cando así os soliciten os concellos.

Neste momento no servizo de cooperación e asistencia aos concellos, como consecuencia da marcha en comisión de servizos da secretaria-interventora Monserrat Conde Lopez, a único funcionario con

habilitación de carácter nacional que presta os servizos de asistencia e cooperación aos concellos e Manuel Castiñeira Castiñeira, cuxa xubilación está prevista para o 31 de decembro do ano en curso.

Como consecuencia do anterior, de non prolongarse a situación de servizo activo de Manuel Castiñeira o servizo quedaría sen ningún habilitado nacional que permita cumprir coas obrigas de prestación de asistencia aos concellos.

A necesaria continuidade na prestación dos servizos de asistencia aos concellos, tanto na que se refire a función reservadas aos habilitados nacionais, como as comprendidas no catálogo de servizos establecidos no Regulamento do Servizo (BOP do 15 de maio de 2009), demanda a prórroga no servizo activo ata a que se cubra o posto e traballo desempeñado por Monserrat Conde López, mediante a fórmula que regulamentariamente proceda.

Así as cousas, para a obrigada continuidade na prestación do servizo e que, ademáis, se poida ter un período de transición no que coincidan no servizo a/o novo/a habilitado/a e funcionario que actualmente presta a asistencia aos concellos, propúxose ao funcionaria afecta a prórroga no servizo activo ata 30 de xuño de 2021.

Polo funcionario Manuel Castiñeira Castiñeira tense manifestado a súa disposición e aceptación da proposta de continuidade no servizo activo ata o 30 de xuño de 2021. En razón de todo o exposto, proponse ao señor presidente.

Que previos os trámites oportunos resolva, autorizar a prórroga no servizo activo do funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, Manuel Castiñeira Castiñeira ata o 30 de xuño de 2021”.

A dita proposta de prolongación da permanencia no servizo activo contén a conformidade expresa do funcionario afectado, D. Manuel Castiñeira Castiñeira, funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional e Xefe do Servizo de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica aos Concellos.

Tendo en conta o Acordo da Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, de 14 de novembro do 2013, en materia de xubilación:

“Xubilacion do persoal funcionario e laboral



A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións lexislativas habidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.

A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.

Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerese, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.

Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015).

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar, entre outros, os seguintes aspectos relevantes:

A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Á vista de que, polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, o funcionario solicitante desempeña un papel moi importante dentro da Entidade, na súa condición de funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional e titular do posto de Xefe do Servizo de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica aos Concellos, realizando funcións básicas e imprescindibles para o funcionamento da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.



Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada.

Tendo en conta que existe conformidade expresa do funcionario afectado de prolongar a súa permanencia no servizo activo; e estando acreditado o seu bo desempeño segundo se recolle no expediente de avaliación individual de desempeño; a asistencia regula ao posto de traballo, segundo se constata no informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza.

Á vista de canto antecede, considerando que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a proposta; procede que pola Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, se formule proposta á Xunta de Goberno para que adopte acordo accedendo á solicitude formulada polo Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles, de prolongar a permanencia no servizo activo de D. Manuel Castiñeira Castiñeira, funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional e titular do posto de Xefe do Servizo de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica aos Concellos, dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 30 de xuño de 2021, data na que se agarda ter resolto a cobertura regulamentaria do posto e se poida ter un período de transición e adaptación do novo titular.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN CON EXPEDIENTES DE ASESORÍA XURÍDICA.

Primeiro.- *Cumprimento da Sentenza P.A. 60/2020-B, seguido ante o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo.*

Dáse conta da Sentenza 162/2020 de 4 de novembro de 2020, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, ditada no recurso contencioso administrativo 60/2020-B, a instancia de D. Francisco José Méndez Carro, e coa intervención da codemandada entidade de seguros Mapfre Cía de Seguros y Reaseguros S.A., sobre desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial, e en cuxo fallo di o seguinte: “Que debo estimar y estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Francisco José Méndez Carro frente a la Excma. Diputación Provincial de Lugo, con intervención de Mapfre Cía de Seguros y Reaseguros, S.A., seguido como proceso abreviado

número 60/2020 contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que se declara contraria a derecho y se anula; y en consecuencia debo condenar y condeno a la Administración municipal a indemnizar al Sr. Méndez Carro en la suma de 2.587,43 euros; con el incremento en el interés legal del dinero devengado desde el 8 de marzo de 2019”.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, e tendo en conta a proposta do Director da Asesoría Xurídica, o ingreso da cantidade da franquicia de 300 euros na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo.

Segundo.- *Comparecencia en recurso contencioso administrativo nº 224/2020-F.*

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade o expediente administrativo do recurso nº224/2020-F interposto por D. José Manuel Paz Castro fronte á resolución desta administración de data 30 de outubro de 2020 na que desestimaba a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada en data 17 de xullo de 2020 polos danos e prexuízos sufridos no vehículo tractor marca John Deere, matrícula E-2030*-** a causa do sinistro acontecido en data 22 de maio de 2020 no P.K. 42,4 da estrada LU-P-1611 pola existencia dunha focha na calzada , á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN CON EXPEDIENTES DE CARÁCTER XENÉRICO.



Primeiro.- *Proposta de estimación da solicitude do Alcalde do Concello de Pantón para cambio de destino dos fondos concedidos para actuacións recollidas dentro do programa de celebración de actividades deportivas.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Á vista solicitude do Concello de Pantón formulada polo seu alcalde no que solicita “facer unha modificación na realización das actividades deportivas: ximnasia de mantemento, zumba, pilates, patinaxe, actividade deportivas extraescolares, actividades multideportivas, ata o 15 de marzo e Campamentos deportivos”.

Á vista do informe do servizo de Deporte do seguinte teor literal:

Vista a solicitude de Nº expediente: 2020/PES_03/022609 de data 17/12/2020 11:10:32 polo Alcalde do Concello de Pantón no que solicita “facer unha modificación na realización das actividades deportivas: ximnasia de mantemento, zumba, pilates, patinaxe, actividade deportivas extraescolares, actividades multideportivas, ata o 15 de marzo e Campamentos deportivos”, emítase o seguinte informe,

Antecedentes

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrado o 2 de abril de 2020, acordou a aprobación das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, publicadas no BOP nº 077, de data 3 de abril de 2020.

A base 23ª.- determina que:

A xestión do Plan único será levada a cabo polos seguintes servizos da Deputación:

(...)

e. Programa de actividades deportivas: Servizo de Deportes

Pola súa parte, a Base B.5.- Programa de actividades deportivas, reflicte que con carácter xeral os concellos poderán destinar, a actividades deportivas, con cargo ao Plan único 2020 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, correspondentes ao exercicio natural de 2020. E que se atenderá ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, en canto ás competencias e funcións atribuídas aos Concellos e ás Deputacións.

O Alcalde do Concello de Pantón presentou, en data 30/06/2020 14:55:37, solicitude de participación no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020.

No relativo ao Programa de actividades deportivas, o Concello de Pantón formulaba como actividades a desenvolver “Actividades deportivas: ximnasia mantemento, zumba, pilates, e actividades extraescolares e multideportivas”, cunha achega da Deputación Provincial por importe total de 7.000,00 €.

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2020, acordou a aprobación do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que se contempla unha achega de 7.000,00 € para a Programa de actividades deportivas: “Actividades deportivas: ximnasia mantemento, zumba, pilates, e actividades extraescolares e multideportivas”.

O Alcalde do Concello de Pantón solicita destinar o importe concedido (7.000,00 €) para a realización das actuacións recollidas no Programa de actividades deportivas: xa que as actividades previstas foron realizadas ata o 15 de marzo segundo o programado, pero coa declaración do estado de alarma foron suspendidas. Dada a situación da pandemia, e coa desescalada, o Concello de Pantón decide anular as actividades e acordan realizar campamentos deportivos (infantil e xuvenil) con actividades de fútbol, pádel, tenis, tiro con arco, voleibol e bádminton.

Ha de terse en conta que o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 contempla, na súa Base 17.2. Resto programas, que os concellos poderán solicitar motivadamente a modificación/substitución das actividades, actuacións ou eventos, con anterioridade á data límite do vencemento de cada programa, que será tramitada por cada unidade xestora dos distintos programas e aprobada, de proceder, pola Xunta de Goberno da Deputación.

Cómpre lembrar que segundo o reflectido na Base 18.7 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 “a efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación na data límite do 31 de marzo de 2021, a conta xustificativa”.



E que así mesmo, as Bases do referido Plan prevén na súa Base 11.2 que “Os remanentes ou aforros producidos en cada programa, poderán ser utilizados en outras actividades, eventos ou actuacións, sempre que sexan da mesma tipoloxía e non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que aquel no que se producira a baixa ou aforro) previa proposta do Concello presentada con anterioridade á data límite do vencemento do programa e aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación”.

No relativo ao órgano de aprobación, cabería concluír que por analoxía e para supostos de solicitudes coma o que se propón por parte do Concello de Pantón, debería entenderse a Xunta de Goberno como órgano competente para estimar ou desestimar as solicitudes de cambio de realización de actividades contempladas no Plan Único.

Así mesmo, cómpre lembrar o previsto no o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que no seu artigo 172 dispón expresamente que “os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal houberan sido autorizados no presuposto xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas”.

En consecuencia, á vista do exposto e a xuízo de quen asina, procedería estimar a solicitude formulada polo Concello de Pantón para Actividades deportivas: ximnasia mantemento, zumba, pilates, e actividades extraescolares e multideportivas e Campamento de verán xuvenil e infantil deportivos, por entender que cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, dado que a modificación proposta relativa a destinar os importes da achega provincial para o programa de actividade deportivas, suporía no seu caso a realización de actividades que serían da mesma tipoloxía, tendo en conta que a actividade proposta, se axustaría ao fomento de actividades deportivas de mantemento e exercicio físico e de promoción de hábitos saudables, e entendendo por tanto, - e salvo da valoración por parte do servizo de Intervención respecto desta cuestión-, que non suporían unha modificación orzamentaria.

Á vista do informe do servizo de Intervención.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

1º.- Estimar, en base ao establecido na Base 11.2 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, a solicitude do alcalde do Concello de Pantón de destinar os fondos concedidos para a realización das actuacións recollidas dentro do programa de celebración de actividades deportivas á execución de actuacións que estarían recollidas no “Actividades deportivas: ximnasia mantemento, zumba, pilates, e actividades extraescolares e multideportivas e Campamento de verán xuvenil e infantil deportivos”, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, por entender que cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, dado que a modificación proposta consistiría na realización de actividades que serían da mesma tipoloxía e non suporían modificación orzamentaria.

2º.- Na estimación da solicitude serán de aplicación os períodos de realización das actividades formulados polo Concello de Pantón na súa petición, tanto das inicialmente previstas (ata o 15 de marzo de 2020), como das propostas para a modificación (en consecuencia, a partir do 16 de marzo de 2020), e en consecuencia, tales períodos serán os aplicables á súa execución, e no seu caso, os períodos a ter en conta para os efectos da xustificación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de modificación do programa de actividades culturais do Concello de Burela, incluído no Plan Único 2020.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Logo de ver que polo Pleno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 2 de abril de 2020, por unanimidade acordouse prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Así mesmo, o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2020, por unanimidade acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, co seguinte detalle para o programa de cultura do Concello de Burela: “Cursos de Manualidades; IV Certame de Teatro Afeccionado; Concurso de Poesía Día das Letras Galegas; Actividades de Nadal”, por importe total de oito mil euros (8.000,00€).



Logo de ver o escrito do Concello de Burela, de data 2 de decembro de 2020, no que solicita autorización para o cambio no obxecto da achega do Plan Único de 2020, modificando o programa de actividades culturais que contempla dúas actividades, substituíndo unha das actividades culturais previstas “VI Feira do Libro (4.800,00€)” por outras dúas actividades culturais diferentes “O Carteiro Real (659,00€) e Música na Rúa (4.141,00€)”

Logo de ver o informe da xefa do Servizo de Cultura favorable á modificación do Programa de actividades culturais do Concello de Burela, tendo en conta que coa incorporación das actividades propostas non se altera a súa natureza de carácter sociocultural, nin se incrementa o importe da achega provincial de 19.000,00€ prevista no Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020.

Logo de ver o informe favorable do Servizo de Intervención.

Con base no exposto propono que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación solicitada polo Concello de Burela, por considerar que a súa solicitude cumpre os requisitos establecidos no Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, procedendo a substitución dunha das actividades culturais previstas “VI Feira do Libro (4.800,00€)” por outras dúas actividades culturais diferentes “O Carteiro Real (659,00€) e Música na Rúa (4.141,00€)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de modificación do programa de actividades culturais do concello de Navia de Suarna, incluído no Plan Único 2020.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Logo de ver que Polo pleno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 2 de abril de 2020, por unanimidade acordouse prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Así mesmo, o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2020, por unanimidade acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, co seguinte detalle para o programa de cultura do Concello de Navia de Suarna: “Magosto 2020; Encontro veciñal na Pobra de Navia”, achega provincial de tres mil douscentos euros (3.200,00€).

Logo de ver o escrito do Concello de Navia de Suarna, de data 17 de decembro de 2020, no que solicita autorización para o cambio no obxecto da achega do Plan Único de 2020 do programa de actividades culturais, substituíndo “Magosto 2020; Encontro veciñal na Pobra de Navia” por “Taller de Manualidades e Pintura no Concello de Navia de Suarna”.

Logo de ver o informe da xefa do Servizo de Cultura favorable á modificación do programa de actividades culturais do Concello de Navia de Suarna, tendo en conta que coa incorporación das actividades propostas non se altera a súa natureza de carácter sociocultural, nin se incrementa o importe da achega provincial de 3.200,00€ prevista no Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020.

Logo de ver a conformidade do Servizo de Intervención.

Con base no exposto propoño que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación solicitada polo Concello de Navia de Suarna, por considerar que a súa solicitude cumpre os requisitos establecidos no Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, procedendo a substitución de “Magosto 2020; Encontro veciñal na Pobra de Navia” por “Taller de Manualidades e Pintura no Concello de Navia de Suarna”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta declaración perda de dereitos ao cobramento de subvencións destinadas a entidades culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:



“En relación aos expedientes de xustificación de subvencións, que se relacionan, concedidas por acordo da Xunta de Goberno de esta Excm. Deputación de data 10 de agosto de 2018, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades culturais realizadas por entidades culturais, ano 2018, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 111, do día 16 de maio de 2018, e visto o informe do Xefe de Servizo de Cultura e Turismo onde se indica:

“En relación aos expedientes que se relacionan referentes á xustificación das subvencións de referencia, procede informar:

1.- Na Xunta de Goberno do día 4 de maio de 2018, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrência para a concesión.

2.- Con data 16 de maio de 2018, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 111 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 10 de agosto de 2018, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 14 de agosto de 2018, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 186, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018.

5.- A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “ Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2019.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Unha vez transcorrido o prazo establecido nas Bases citadas, para a presentación da documentación xustificativa, procédese á revisión da documentación xustificativa e detectáanse unha serie de deficiencias, polo que con data de 10/12/2019 a Presidencia desta Excma. Deputación de Lugo, revolveu, requirir ás Asociacións que se relacionan, para que, no prazo improrrogable de 15 días, a contar dende o día seguinte á recepción da notificación, presenten a documentación a documentación requirida. , advertíndolles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente.

8.- Con data 11/12/2019, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

9.- Transcorrido o citado prazo de 15 días e non sendo atendido o citado requirimento polas asociacións citadas a Presidencia desta Excma Deputación de Lugo, revolveu, con data 15/10/2020, iniciar os expedientes de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2018, das entidades que se relacionan por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.



10.- Con data 23/10/2020, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada na que se lles comunica, que segundo a Resolución da Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

Transcorrido o citado prazo de 10 días e non sendo atendido o citado tramite de audiencia polas asociacións citadas, infórmase:

Que procede declarar a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas ás Asociacións que se relacionan, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades asociativas, ano 2018, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 186 de 14 de agosto de 2018.

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
Asoc. Cultural Airiños do Neira	Cabalgata Reis, Entroido, Festival do Nadal, Festa do río, encontro cultural, saídas culturais, magosto e escolas Airiños do Neira	1.064,00
Asoc. Cultural Nostrum Cai Teatro	Encontro de danza	1.016,00
Amigos da Troula	Callo Fest (Festival músico-cultura)	602,00
APA y exalumnos de EGB del Col. Nal. Mixto comarcal de Foz Padre Feijoo	Semana branca, entroido, obradoiros pintura creativa, festa fin de curso e apalpador	905,00
Asoc. Universidade Rural Galega	O Rural Galego: a historia vive (recopilación datos sobre asociacións e patrimonio no rural)	1.016,00

Tendo en conta, que unha vez transcorrido o prazo citado de 10 días de trámite de audiencia, a Deputada que subscribe propón á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Que se se declare perda de dereito ao cobro total das subvencións en réxime de concorrência competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2018, das entidades relacionadas, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS. (e despois de transcorrer o prazo de audiencia concedido, sen presentar alegacións nin documentación), que se relacionan:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
Asoc. Cultural Airiños do Neira	Cabalgata Reis, Entroido, Festival do Nadal, Festa do río, encontro cultural, saídas culturais, magosto e escolas Airiños do Neira	1.064,00
Asoc. Cultural Nostrum Cai Teatro	Encontro de danza	1.016,00
Amigos da Troula	Callo Fest (Festival músico-cultura)	602,00
APA y exalumnos de EGB del Col. Nal. Mixto comarcal de Foz Padre Feijoo	Semana branca, entroido, obradoiros pintura creativa, festa fin de curso e apalpador	905,00
Asoc. Universidade Rural Galega	O Rural Galego: a historia vive (recopilación datos sobre asociacións e patrimonio no rural)	1.016,00

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Aprobación de Plans de Seguridade e Saúde no Traballo.*

Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación Provincial, visto o informe dos Servizos desta Deputación así como a proposta da Presidencia a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Aprobado o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ao director técnico e contratista, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA

- Obra: Ejecución de cuneta revestida de hormigón LU-P-3102 “Mondoñedo-Argomoso-Cadavedo (LU-P-0105)” P.K. 7+275 al 7+780 Mondoñedo.

Contratista: Construcciones Isidro Otero, S.L.

Sexto.- *Ratificación Resolución sobre prórroga contrato arrendamento local de Recadación.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor.

“Tendo en conta a Resolución da Presidencia emitida o 28 de decembro de 2020 do seguinte teor literal:

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, a teor do seguinte texto:



Á vista da inminente expiración do prazo da prórroga do contrato de arrendamento do local que ocupa o Servizo Provincial de Recadación e Xestión Tributaria prevista para o 28 de decembro de 2020 segundo Resolución da Presidencia de 24 de abril de 2020 -da que se deu conta á Xunta de Goberno na sesión celebrada o 29 de maio de 2020, revélase a imposibilidade de trasladar as ditas dependencias provinciais a outras instalacións e a irremediable necesidade de ampliar esta prórroga.

Tendo en conta que no contido da antedita Resolución de 24.04.2020 recapitúlanse as actuacións que foron levadas a cabo pola Deputación para proceder ao traslado dos servizos provinciais de Recadación a outras instalacións.

Tendo en conta que con data de 23.10.2020 baixo o CSV IV7GSC7KZAHDVL7JAZIGAVSFD4 o Servizo de Contratación e Fomento -Unidade de Obras e Plans- informa sobre os acordos e resolución desta Deputación en relación coas obras de acondicionamento dos pavillóns 1 e 2 do Fogar de Santa María para uso administrativo, e non obstante expresando que non consta acta de recepción das obras remite ao director da obra para que indique a situación na que se atopa a execución e prazos para a finalización e recepción das mesmas.

Tendo en conta que con data do 03.12.2020 baixo o CSV IV7G2SCO3BR2XDWMWREUEYBHK4 o director da obra, o arquitecto provincial Pablo Rodríguez Fernández, sinala entre outras as seguintes actuacións:

“(…) 6.- Atendendo ó dictado no RD 463/2020 de 14 de marzo de 2020, o día 30 de marzo de 2020 procedeuse, por parte da Dirección Facultativa, Coordinador de Seguridade e Saúde e Xefe de Obra, a firmar a correspondente “Acta de paralización de obra como consecuencia da emerxencia sanitaria e de saúde provocada polo Covid-19”, segundo a cal se procede por parte de todos os axentes firmantes e que interveñen neste acta á paralización por tempo indeterminado da totalidade da obra por causa de forza maior, debido ó risco de contaxio e propagación do coronavirus Covid-19 por parte dos traballadores e axentes que interveñen na mesma.

A causa determinante de acordarse a paralización da obra radica en non poderse garantir as condicións requiridas para preservar a saúde de todos os traballadores e persoal con acceso á referida obra, tendo en conta que estamos nunha situación extraordinaria e de emerxencia de saúde, cunha propagación significativa do virus e que deu lugar á declaración do Estado de Alarma, conforme ó citado RD 463/2020.

7.- Atendendo ó dictado no anteriormente referido RD 463/2020 de 14 de marzo de 2020, o día 11 de abril de 2020 procedeuse por parte da Dirección Facultativa, Coordinador de Seguridade e Saúde e Xefe

de Obra, a firmar a correspondente “Acta de reinicio de obra como consecuencia da emerxencia sanitaria e de saúde provocada polo Covid-19”, segundo a cal e entre outras: “(...)”

1. Tras la paralización efectuada en la obra conforme al RD 463/2020 de 14 de marzo, y siendo la duración de lo en él reflejado hasta las 24:00 del domingo 12 de abril de 2020: “Téngase en cuenta que queda prorrogado el estado de alarma declarado por el presente Real Decreto hasta las 00:00 horas del día 12 de abril de 2020 y se someterá a las mismas condiciones establecidas en el mismo, según establecen los arts. 1 y 2 del Real Decreto 476/2020, de 27 de marzo. Ref. BOE-A-2020-4155” De no aprobarse una prórroga del mismo o cualquier otra Disposición Administrativa que establezca lo contrario, por parte de la Dirección Facultativa se comunica que la constructora Joca Ingeniería y Construcciones S.A. podrá retomar los trabajos habituales en la totalidad de los tajos y partidas o unidades de la obra desde las 00:00h del próximo lunes 13 de abril, salvo nueva Disposición Administrativa en contra. (...)”.

8.- O 16 de setembro de 2020 asinouse a correspondente Acta de Recepción das obras de “Reparación Estructural dos pavillóns nº1 e nº2 do Fogar de Santa María”.

9.- O 30 de novembro de 2020 asinouse a Certificación nº28 das obras de “Adecuación dos pavillóns nº1 e nº2 do Fogar de Santa María para uso administrativo”, o que supón que, a día de hoxe, a porcentaxe de execución de ditas obras é case dun 80%.

10.- Debido a situación da pandemia provocada pola Covid-19 que estamos a atravesar dende o mes de marzo do 2020, fíxose de todo imposible poder ter un ritmo normal na execución das obras posto que debido as condicións sanitarias impostas polas distintas Administracións ante os contaxios, practicamente cada semana alguna das empresas subcontratadas tiñan algún caso positivo nos seus traballadores, tendo que confinarse e por conseguinte, deter os traballos que estaban a levar a cabo nesta obra, provocando unha situación totalmente insostible para cumprir os prazos previstos.

E informa:

1.- A data prevista de finalización da totalidade das obras a executar nos pavillóns nº1 e nº2 do Fogar de Santa María estaba prevista para o presente mes de decembro de 2020.

2.- Debido á situación de pandemia antes relatada fíxose imposible poder cumprir con este prazo debido ás innumerables paralizacións dos traballos na obra debido ós sucesivos confinamentos dos traballadores das subcontratas motivados pola aparición de infinidade de casos positivos por Covid-19, o cal



provoca que, do mesmo xeito, non sexa posible aventurar por parte deste Director de Obra ningún novo prazo para rematar os traballos restantes”.

Tendo en conta que con data do 15.12.2020 baixo o CSV IV7GES7MDBZZ5CV26BGX44QTOI á Secretaría Xeral Adxunta informa, entre outras que:

(...) a previsión do prazo da prórroga ata o 28 de decembro de 2020 establecida pola Resolución da Presidencia de 24 de abril de 2020 -da que se deu conta á Xunta de Goberno na sesión celebrada o 29 de maio de 2020, resultou fallida e non acadou a estimación que, con data de 11 de abril de 2020, realizou o director da obra sobre ao prazo necesario para o remate das obras e do efectivo traslado do Servizo Provincial de Recadacións ás novas instalacións situadas nos Pavillóns do Fogar de Santa María desta cidade.

Ante a premura da expiración do prazo desta prórroga prevista para o 28.12.2020 resulta imperioso establecer un novo prazo de prórroga ata a execución definitiva do acordo da Xunta de Goberno celebrada o 15.12.2017 relativo á Proposta en relación co expediente tramitado para a adxudicación da obra de LUGO.- Adecuación dos pavillóns 1 e 2 do Fogar de Santa María para uso administrativo. Tramitación urxente, e incluíndo o tempo necesario ata o efectivo e definitivo traslado dos servizos provinciais de recadación aos ditos pavillóns.

Atendendo á cualificación do contrato como contrato privado, os seus efectos rexesen pola lexislación de arrendamentos urbanos contida na Lei 29/1994 de 24 de novembro. Dita norma no seu artigo 4.3 en canto os dereitos e obrigas das partes dispón o seguinte: “3. Sin perjuicio de lo dispuesto en el apartado 1, los arrendamientos para uso distinto del de vivienda se rigen por la voluntad de las partes, en su defecto, por lo dispuesto en el título III de la presente ley y, supletoriamente, por lo dispuesto en el Código Civil”. Consecuentemente, a duración do contrato e da prórroga quedan sometidas á vontade das partes e supletoriamente o Código Civil, prórroga que da vixencia do presente arrendamento resulta indefectible para que esta Administración continúe na prestación dos servizos provinciais de Recadación e xestión tributaria.

Polo exposto e sen prexuízo da dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira pertinentes, o prazo da prórroga do presente contrato de arrendamento establecida pola Resolución de 24 de abril de 2020 – da que se da conta á Xunta de Goberno o 29 de maio de 2020– ampliaríase previsiblemente ata o 28 de xuño de 2021.

O prezo total da presente prórroga calcularase sobre os importes das facturas do arrendamento emitidas para o exercicio 2020 cuxa renda mensual con IVE incluído é de 3.325,26 € (2.748,15+21% IVE 577,11).

Polo tanto e sen prexuízo da actualización da dita renda por aplicación do IPC para o exercicio 2021, o prezo da prórroga total do contrato do 29 de decembro 2020 ata o 28 de xuño de 2021 ascende a 19.951,57 € (16.488,90+21%IVE 3.462,67 €) supeditado á xa dita dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Tendo en conta o informe de existencia de crédito, consignación orzamentaria emitido o 23.12.2020 pola Intervención Provincial baixo o CSV IV7GEOLIN45O2XF4CZWCGXTAD4 por importe de 19.951,57 € co seguinte contido:

Ano 2020 (29-31 decembro 2020) 221,68€ RC: 22020/38692

Ano 2021 (1 xaneiro – 28 xuño 2021) 19.729,89€ RC: 220209/999

Aplicación Orzamentaria: 9320.202 (Recadación, Aluguer de edificios e outras construcións).

Tendo en conta o informe do Servizo de Contratación e Fomento de data 23.12.2020 emitido baixo o CSV IV7GEOQMDAWPX264CZI47ZKTGE que, en conclusión, determina: (...) o contrato de arrendamento sobre bens inmobles non está suxeita á LCSP (...).

Tendo en conta o informe emitido pola Intervención o 23.12.2020 baixo o CSV IV7GEOINZUJSTBPKYQYQ65BHMQ en relación, entre outros, aos gastos plurianuais do presente expediente cuxa aprobación corresponde á Xunta de Goberno.

Tendo en conta a conformidade do resultado do informe de fiscalización emitido o 28.12.2020 pola Intervención baixo o CSV IV7GEPaipmJSLWPNTTYEB5HXCM.

Corresponde á Xunta de Goberno a competencia atribuída polo artigo 59 b) 8 e 12 do Regulamento Orgánico do presente procedemento e para a aprobación dos gastos plurianuais segundo observa a Intervención Provincial, non obstante, como a data límite para adoptar o acordo de aprobación da prórroga do arrendamento finaliza o 28 de decembro de 2020, e non está convocada á Xunta de Goberno Provincial ata o 30 de decembro de 2020, e polo que proponse á Presidencia:



Ampliar o prazo de prórroga do contrato establecida por acordo da Xunta de Goberno na sesión celebrada o 21 de outubro de 2016 ata que se poida desalojar o inmovible por contar cos locais para reubicar o Servizo Recadación e Xestión Tributaria e, sendo previsible a data do 28 de xuño de 2021, nas condicións fixadas no citado Acordo.

No suposto de que a Deputación desista anticipadamente do contrato, non procederá indemnización algunha, sempre que tal desistimento se comunique cunha antelación de dous meses. En todo caso devengarase a renda ata a data do efectivo desaloxo do inmovible e a entrega das chaves.

O prezo da presente prórroga do contrato do 29 de decembro 2020 ata o 28 de xuño de 2021 ascende a 19.951,57 € (16.488,90+21%IVE 3.462,67 €) coa actualización ao IPC que correspondera para o ano 2021, e supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e coa seguinte aplicación:

Año 2020 (29-31 decembro 2020) 221,68 € AD 92020/10078

Año 2021 (1 xaneiro – 28 xuño 2021) 19.729,89 € AD 920209/493

Aplicación Orzamentaria: 9320.202

Someter a presente Resolución á ratificación da próxima Xunta de Goberno.

Notificar o presente acordo a parte arrendadora do citado local.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.

Polo exposto e atendendo ás competencias atribuídas á Xunta de Goberno proponse:

Prestar aprobación á Resolución anteriormente transcrita en todas as súas partes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- CONTA DA ADECUADA XUSTIFICACIÓN POR PARTE DA ENTIDADE COLABORADORA (ACRUGA) DA ENTREGA DOS FONDOS AOS BENEFICIARIOS DAS SUBVENCÍONS, PARA A PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTRO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALÓXICO DA RAZA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO.

Dáse conta do informe relativo á xustificación por parte da entidade colaboradora (ACRUGA) da entrega dos fondos aos beneficiarios das subvencíons, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo que sinala o seguinte:

“Antecedentes

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo resolveu, o 24 de maio de 2019, entre outros:

(...).

4. Aprobar as bases da convocatoria de subvencíons, en concorrencia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, dotado con 200.000,00€/anuais (800.000,00 para o período 2019-2022).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2019: 200.000,00€,

Ano 2020: 200.000,00€,

Ano 2021: 200.000,00€,

Ano 2022: 200.000,00€

5. Aprobar o gasto plurianual de 800.000,00€, para a liña de subvención de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, que se desglosa en 200.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019; e, para as anualidades 2020, 2021 e 2022 adoptar o compromiso de dotar no orzamento xeral dos citados exercicios por importe de



200.000,00€ por anualidade, quedando supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

6. Aprobar o convenio de colaboración coa Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA), titulado “Convenio de entidade colaboradora entre a Deputación Provincial de Lugo e á Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA) para execución da actividade “Dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses”, Eixo 2: Promoción e potenciación de reproductoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, a fin de que ACRUGA adopte a condición de entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos públicos aos beneficiarios desta acción do eixe 2.

(...).

O 7 de xuño de 2019 asinouse o convenio entre a Deputación de Lugo e a Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA) citado no apartado anterior.

Unha vez revisado o expediente de concesión das axudas tramitado pola entidade colaboradora (ACRUGA) e remitido á Deputación de Lugo, a Xunta de Goberno acordou, o 27 de novembro de 2020, aprobar a proposta de resolución definitiva formulada pola Xunta Directiva de ACRUGA, ditar resolución de concesión das subvencións, e autorizar á entidade colaboradora para o pago das mesmas aos beneficiarios.

Entregados os fondos aos beneficiarios por parte da entidade colaboradora, esta, en cumprimento do establecido na cláusula oitava do convenio antes mencionado, presentou no Rexistro telemático da Deputación de Lugo, o 4 de decembro de 2020, a conta xustificativa final (RE nº: 2020RT010900), engadindo documentación complementaria o 11 de decembro de 2020 (RE nº: 2020RT011180).

Revisado o expediente de xustificación, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade informouse favorablemente, o 17 de decembro de 2020, a acreditación, por parte da entidade colaboradora, da entrega dos fondos aos beneficiarios das subvencións.

Así mesmo, dende a Unidade de Intervención informouse favorablemente a dita conta xustificativa, a través de informe de fiscalización limitada.

Finalmente, a Presidencia aprobou a xustificación acreditativa da entrega dos fondos, por parte de ACRUGA, aos beneficiarios das subvencións, por importe total de 199.998,75 € e o aboamento a aquela da

cantidade de 99.998,75 €, resultante de minorar o importe total xustificado das subvencións da anualidade 2019 (199.998,75 €) na contía do anticipo recibido (100.000,00 €)”.

A estes antecedentes sonlle de aplicación as seguintes

Consideracións legais e técnicas

Consonte á Base 24ª.1, das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2019:

As subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo regúlanse por:

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (RLXS).

A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo e INLUDES (publicada no BOP nº 53, do 7 de marzo de 2005).

A súa modificación publicada no BOP nº 160, do 13 de xullo de 2006.

A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Non obstante o anterior, a Base 24ª das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2019 será de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria e será o marco para as bases de concesións ao abeiro do artigo 17.2 da LXS.

Segundo dispón o artigo 15.1 da LXS:

Son obrigas da entidade colaboradora:

a) Entregar aos beneficiarios os fondos recibidos de acordo cos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención e no convenio suscrito coa entidade concedinte.

(...).

c) Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante o órgano concedinte da subvención e, no seu caso, entregala xustificación presentada polos beneficiarios.

(...).

Así mesmo, no artigo 16 da citada LXS, establécese, entre outros extremos, o contido mínimo dos convenios de colaboración entre o órgano administrativo concedinte e a entidade colaboradora. Con todo,



sendo un artigo non básico na materia, en virtude do establecido na disposición adicional primeira da dita lei, resulta de aplicación preferente o artigo 13.2 da LSG, consonte ao cal:

O convenio de colaboración conterá, como mínimo, os seguintes extremos:

(...).

i) Prazo e forma da presentación da xustificación das subvencións achegada polos beneficiarios e, no caso de colaboración na distribución dos fondos públicos, de acreditación por parte da entidade colaboradora da entrega dos fondos aos beneficiarios.

Pois ben, segundo a cláusula oitava do convenio de colaboración formalizado entre a Deputación de Lugo e ACRUGA:

(...).

A Entidade Colaboradora xustificará, ante a Deputación, a entrega de fondos aos beneficiarios das subvencións concedidas, nos termos das bases da convocatoria (base 14.2, en documento anexo).

(...).

A este respecto, a citada base 14.2 establece o seguinte:

(...).

A Conta Xustificativa das subvencións presentárase na Deputación de Lugo coa seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa sobre o cumprimento das actuacións e nivel de logros acadado, incluíndo certificación asinada polo representante de ACRUGA na que se integre unha relación de beneficiarios da axuda e importes pagados. Nesta memoria incluírase o número de peticións existentes, as validadas e as rexeitadas, coa súa correspondente xustificación.

b) Relación clasificada de gastos da actuación subvencionada (beneficiario, nif, relación de animais, importe, data de alta do animal na explotación, data de inscrición desa femia no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega) coa data de pagamento aos beneficiarios.

c) Documentos acreditativos (transferencia bancaria) do pagamento aos beneficiarios, debidamente selados pola entidade bancaria.

d) Declaración responsable do titular ou do representante da entidade colaboradora (ACRUGA) conforme a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

e) Declaración responsable do titular ou do representante da entidade colaboradora (ACRUGA) de non ter solicitado nin concedidas outras subvencións públicas para o mesmo obxecto ou actividade.

f) Declaración responsable da existencia, no lugar onde radique a instalación da entidade beneficiaria do cartel indicativo da mesma, o cal lle será facilitado gratuitamente pola Deputación Provincial.

Tamén se debe colocar cartel identificativo e acreditarse na sede de ACRUGA, indicando a condición de entidade colaboradora neste eixe de fomento.

g) Acreditar, mediante certificacións expedidas ao efecto polos Organismos correspondentes, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), Seguridade Social, e Deputación Provincial por parte de ACRUGA.

h) Declaración responsable de non ser debedor por Resolución de procedemento de reintegro, da entidade colaboradora.

i) Certificación da conta bancaria expedida pola entidade bancaria a que se transferirá o importe dos fondos xestionados e xustificados pola ACRUGA en relación con esta acción de fomento.

(...).

A documentación achegada pola entidade colaboradora, que obra no expediente, correspóndese coa esixida na Base 14.2 recentemente transcrita. Con todo, cómpre ter en conta as seguintes consideracións:

1ª.- A conta xustificativa obxecto deste informe deriva, como se viu, do cumprimento, por parte da entidade colaboradora, da obriga establecida no antes transcrito artigo 15.1.c) da LXS, de xustificar a entrega dos fondos percibidos ante o órgano concedinte da subvención.

Polo tanto, e a pesar de que na citada Base 14.2 se fai referencia á conta xustificativa das subvencións, ao meu xuízo, non se rexe polo establecido: no Capítulo IV do Título I da LXS; nas seccións 1ª e 2ª do Capítulo II do Título II do RLXS; no Capítulo IV do Título I da LSG; nin no Título IV da Ordenanza Xeral de Subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo e Inludes.

Réxese, entón, polo disposto: nos citados artigos 15.1.c) da LXS, e 13.2.i) da LSG; na cláusula oitava do convenio de colaboración subscrito entre a Deputación de Lugo e a entidade colaboradora, no que se regulan as condicións e obrigas asumidas por esta; e na Base 14.2 das reguladoras das subvencións que nos ocupan; non séndolle de aplicación, polo tanto, os requisitos establecidos para a conta xustificativa dos beneficiarios nas normas citadas no parágrafo anterior.

En relación con esta última (Base 14.2), cómpre ter en conta o disposto no artigo 22.1 da LXS, segundo o cal:

O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. (...).

Neste suposto, e sen prexuízo das especialidades que puideran derivarse da capacidade de auto organización das Administracións Públicas, a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte por



un órgano colegiado a través do órgano instructor. A composición do órgano colegiado será a que establezan as correspondentes bases reguladoras.

Excepcionalmente, sempre que así se prevea nas bases reguladoras, o órgano competente procederá ao prorrateo, entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións.

Do artigo transcrito despréndese que as bases reguladoras, neste caso a Base 14.2, é o eixe en torno ao que xira a xustificación da entrega dos fondos percibidos ante o órgano concedinte, tanto en subvencións en réxime de concorrencia competitiva, como non competitiva, ao abeiro do disposto no último parágrafo do dito artigo 22.1 LXS.

2ª.- Tal e como se reflicte no conxunto da documentación que constitúe a acreditación da entrega dos fondos percibidos ante o órgano concedinte da subvención, efectuouse a entrega dos mesmos aos beneficiarios por 525 animais elixibles, a 380,95 € por cabeza, o que supón un importe total de 199.998,75 €.

Polo tanto, as contías das axudas, tanto individuais como en conxunto, adáptanse aos requisitos establecidos na Base 5, das reguladoras das subvencións, segundo a cal:

A contía global destinada a esta actuación incluída no orzamento da Excm. Deputación Provincial de Lugo para o período 2019-2022 ascende a 800.000,00 €, correspondendo a cantidade de 200.000,00 € para cada unha das anualidades.

A cantidade da axuda por femia inscrita no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega será estipulada por anualidade, unha vez rematado o ano natural, en función do orzamento aprobado para cada anualidade e o número total de animais que cumpran as condicións de elixibilidade, en cada ano natural, establecéndose unha cantidade máxima a percibir por animal elixible de 500 €. O reparto realizarase segundo o previsto na base segunda (o importe anual da subvención dividirase e repartirase entre os beneficiarios, mediante a correspondente operación matemática en función das femias reprodutoras da raza bovina pura Rubia Galega no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico desta raza).

3ª.- Nos documentos de Orde Masiva de Transferencias SEPA, achegados pola entidade colaboradora como acreditativos do pagamento aos beneficiarios, apréciase que, nalgunha ocasión, repítense algunhas referencias de transferencia.

Con todo, dedúcese doadamente que se trata dun erro da aplicación informática, pois a dita Orde constitúese de 24 páxinas, divididas en bloques de, como máximo, 5 páxinas; e a situación descrita ocorre sempre co primeiro destinatario de transferencia de cada bloque, que coincide co derradeiro do bloque

anterior. Ademais, a suma dos importes transferidos (sen contar os duplicados) correspóndese co importe total do conxunto das transferencias antes citado, de 199.998,75 €.

Asemade, e suponse que derivado doutras limitacións da aplicación informática, nalgúns casos os nomes dos beneficiarios non se corresponden exactamente cos que figuran na relación aprobada dos mesmos.

En concreto, tódolos beneficiarios nos que no seu nome ou apelido se contén a letra “ñ”, reflíctense sen a mesma. Porén, cotexando os IBAN de destino das transferencias cos números de conta bancaria achegados polos beneficiarios, nas súas solicitudes de subvención, resulta que estes se corresponden, o que reforza a formulación do erro informático e non do de destino das transferencias.

Tamén se detecta un erro de transcripción no nome dunha beneficiaria, pois constando na documentación o nome de M^a José Gómez Pol, o nome que reflicte a transferencia é o de M^a Jesús Gómez Pol. Con todo, cotexado o IBAN de destino da transferencia co número de conta bancaria facilitado pola beneficiaria da subvención, compróbase que ambos coinciden.

Consonte á Base 15 das reguladoras das subvencións, relativa ao pago da subvención:

(...).

O pago da axuda á entidade colaboradora (ACRUGA) realizarase mediante transferencia bancaria, previa entrega da conta xustificativa e informes correspondentes dos servizos desta Deputación Provincial, unha vez aprobada a conta xustificativa, conforme ao previsto no apartado 14.2 precedente.

Pois ben, tal e como quedou exposto no último parágrafo do antecedente terceiro deste informe, a conta xustificativa achegada pola entidade colaboradora (ACRUGA) foi aprobada por Decreto, ordenándose o aboamento dos fondos a aquela.

Tendo en conta o ata aquí exposto, e resumindo, infórmase á Xunta de Goberno, en cumprimento do establecido no artigo 15.1.c) da LXS, e na cláusula oitava do convenio asinado coa entidade colaboradora (ACRUGA), que esta xustificou axeitadamente a entrega dos fondos aos beneficiarios das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo; xustificación que, por outra banda, foi aprobada por resolución da Presidencia”.

A Xunta de Goberno queda enterada.



10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.